Sobre as demandas sociais e institucionais de retirada das últimas reformas da Lei do patrimonio cultural de Galicia

- 46495 (12/INT-001557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o balance do proxecto político desenvolvido pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no que vai da actual lexislatura

- 46515 (12/INT-001558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a xestión prevista por parte do Goberno galego dos centros móbiles de información á muller

- 46639 (12/INT-001559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre o impacto que está tendo na economía galega a actual evolución do IPC

- 46730 (12/INT-001560)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a calidade da prestación dos servizos de transporte interurbano por estrada en Galicia, singularmente na liña entre Ferrol e A Coruña

- 46734 (12/INT-001561)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a calidade da prestación dos servizos de transporte interurbano por estrada en Galicia, concretamente no que atinxe á capacidade de transporte de viaxeiros da liña Ferrol-A Coruña

- 46738 (12/INT-001562)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a calidade da prestación dos servizos de transporte interurbano por estrada en Galicia e o traballo de inspección e control levado a cabo pola Xunta de Galicia na liña de autobús Ferrol-A Coruña

- 46742 (12/INT-001563)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a calidade da prestación dos servizos de transporte interurbano por estrada en Galicia e as actuacións de control sobre o cumprimento das condicións contractuais por parte das empresas concesionarias



- 46803 (12/INT-001564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre o modelo de desenvolvemento eólico que promove o Goberno galego e as medidas que prevé adoptar nesta materia na comarca do Morrazo

- 46810 (12/INT-001565)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a fenda salarial de Ourense respecto da media galega e estatal

- 46935 (12/INT-001566)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego en materia de dependencia, dinamización demográfica e precariedade feminina nos coidados

- 46999 (12/INT-001567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre as estratexias previstas polo Goberno galego ante a persistencia da desigualdade económica das mulleres e o seu impacto na economía galega en 2026

- 47045 (12/INT-001568)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a planificación que leva a cabo o Goberno no referido ás necesidades de dotación docente dos centros de ensino

- 47113 (12/INT-001569)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a situación actual dos servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia, singularmente do Hospital Arquitecto Marcide, de Ferrol

- 47118 (12/INT-001570)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre os recursos materiais e humanos dos servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia, singularmente no referido ao Hospital Arquitecto Marcide, de Ferrol

- 47124 (12/INT-001571)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as medidas inmediatas que pensa adoptar o Goberno galego para afrontar o aumento da carga asistencial nos servizos de urxencias dos hospitais públicos, concretamente no Hospital Arquitecto Marcide, de Ferrol



- 47406 (12/INT-001572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da incorporación dos novos profesionais aos cadros docentes de ensinanza secundaria e as carencias nalgunhas especialidades

- 47423 (12/INT-001573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a situación laboral no sector da conserva e o conflito aberto na negociación do convenio colectivo da conserva e semiconserva de peixe e marisco

- 47508 (12/INT-001574)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre a descapitalización galega do sector da automoción

- 47567 (12/INT-001575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que está a impulsar o Goberno galego para a protección da cultura marítima de Galicia, do patrimonio do litoral e das súas zonas máis sensibles á actividade humana

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 11:50:37
Nº Rexistro: 47670
Data envío: 23/01/2026 11:50:37.731

Asinado o día 23/01/26
11:35
Por Roberto Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Rio, Julio García Comesaña, Cristina Sanz Arias, María Nazareth Cendán Gayoso e Nicole Grueira Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno, polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de dar ofrecer garantías de seguridade ferroviaria na liña de alta velocidade Ourense-Santiago de Compostela

Exposición de Motivos

A recente decisión do Adif, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, entidade estatal dependente do Ministerio de Transportes, de impoñer unha limitación temporal de velocidade a 220 km/h nun tramo de liña de alta velocidade Ourense-Santiago de Compostela, é un feito relevante que require de maiores explicacións.

Segundo aseguran esta limitación foi adoptada tras avisos reiterados de maquinistas alertando de posibles deficiencias na infraestrutura, o que pon de manifesto que existen dúbidas fundadas sobre o estado da vía nun tramo estratéxico da rede ferroviaria. Resulta especialmente preocupante que estas medidas se adopten a posteriori, cando a liña levaba tempo en explotación a alta velocidade, e non como consecuencia de controis preventivos eficaces e sistemáticos.

A esta situación súmase un inadmisíble déficit de transparencia por parte do Goberno que preside Pedro Sánchez, que non ofreceu explicacións claras, completas nin verificables sobre as causas concretas que motivaron a redución de velocidade, a natureza exacta das incidencias detectadas nin o alcance real dos riscos existentes. Tampouco se informou do calendario previsto para a restitución das condicións normais de circulación nin das responsabilidades técnicas e políticas derivadas desta situación. Esta opacidade non é un feito illado, senón unha práctica reiterada que erosiona a confianza cidadá e prexudica a comunicación da e coa nosa Comunidade.

Asinado o día 23/01/2026 ás
11:35
Por Gonzalo Trenor López

Asinado o día 23/01/2026 ás
11:35
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



A actuación do Ministerio de Transportes transmite a impresión de que se pretende minimizar o impacto político e mediático das incidencias no canto de garantir unha información transparente e exhaustiva sobre o estado real das infraestruturas ferroviarias. Esta actitude non só resulta irresponsable, senón que compromete a credibilidade das institucións e alimenta a lexítima preocupación das persoas usuarias e dos profesionais do sector.

Por todo o anterior, faise imprescindible que o Parlamento esixa ao Goberno explicacións inmediatas e detalladas, así como a remisión de toda a documentación técnica relativa ao estado da liña afectada, os informes que motivaron a limitación de velocidade e as actuacións previstas. Do mesmo xeito, resulta necesario reclamar un cambio de actitude que sitúe a transparencia, a seguridade e a rendición de contas no centro da política ferroviaria.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

1. Facilitar de maneira inmediata explicacións detalladas sobre as causas técnicas e operativas que motivaron a imposición da limitación de velocidade a 220 km/h no tramo da liña de alta velocidade Ourense–Santiago de Compostela.
2. Promover, con carácter urgente, a realización dunha auditoría técnica e de seguridade independente sobre este tramo, que avalíe o estado real da infraestrutura, os procedementos de mantemento aplicados, a adecuación dos controis de seguridade realizados e as posibles deficiencias existentes, así como as responsabilidades derivadas, facendo públicos os seus resultados de maneira íntegra e transparente.
3. Informar con claridade sobre o alcance real dos riscos detectados, así como sobre as actuacións correctoras previstas e o calendario estimado para a restitución das condicións normais de circulación a alta velocidade.
4. Adoptar as medidas necesarias para garantir que a seguridade, a transparencia e a rendición de contas sexan principios centrais da política ferroviaria do Estado, evitando que feitos semellantes volvan repetirse no futuro.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 23/01/2026 11:35:11
Gonzalo Trenor López na data 23/01/2026 11:35:18
Roberto Rodríguez Martínez na data 23/01/2026 11:35:26
Carmen Pomar Tojo na data 23/01/2026 11:35:33
José Luis Ferro Iglesias na data 23/01/2026 11:35:43
Cristina Campero Dorado na data 23/01/2026 11:35:51
Argimiro Marnotes Fernández na data 23/01/2026 11:36:02
Rubén Lorenzo Gómez na data 23/01/2026 11:36:11
Moisés Rodríguez Pérez na data 23/01/2026 11:36:24
Katherinie Varela Fernández na data 23/01/2026 11:36:30
Paula Prado del Río na data 23/01/2026 11:36:40
Julio García Comesaña na data 23/01/2026 11:36:47
Cristina Sanz Arias na data 23/01/2026 11:36:58
Nicole Grueira Fernández na data 23/01/2026 11:37:10
María Nazaret Cendán Gayoso na data 23/01/2026 11:43:13



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 11:50:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 11:50:37
Nº Rexistro: 47670
Data envío: 23/01/2026 11:50:37.731

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45923
Data envío: 16/01/2026 09:06:01.876

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:01
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao rescate das concesións hidráulicas caducadas no país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cuns 3.732 MW de potencia hidráulica instalada, o que representa aproximadamente o 18% da potencia hidráulica do Estado, e unha produción media, con respecto ao Estado, do 23% na última década. Esta potencia instalada reflíctese en 166 centrais hidráulicas, das que 45 son grandes hidráulicas e 121 pequenas.

A construción destas centrais supuxo, na súa maior parte, a perda de núcleos de poboación, o desprazamento dos seus habitantes e a inundación de terras fértiles, unha ocupación de terreos non sempre pacífica. Porén, a pesar de que esta gran capacidade de produción hidroeléctrica supuxo uns custos sociais e ambientais moi importantes, Galiza non obtivo ningún beneficio desta actividade económica.

Por outra banda, a gran maioría destas concesións realizáronse cando a retribución da produción hidroeléctrica foi fixada polo Goberno central e, desde a aprobación da Lei 54/1997, do Sector Eléctrico, a súa retribución xa depende do mercado maiorista (pool), igualando a retribución da tecnoloxía de produción de electricidade máis cara cada hora, polo que agora a enerxía hidráulica recibe rendementos extraordinarios, o que no sector se denominan “beneficios chovidos do ceo”; é dicir, estas concesións tiveron un gran

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:01
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:01
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

incremento dos beneficios sen repercutir ou compensar aos territorios onde se construíron con reparacións sociais.

A orixinaria Lei de Augas de 1866 foi o primeiro intento de regular de xeito específico as augas territoriais; sen entrar en vigor, os seus principios básicos inspiraron á de 1879, como o de dominio público hidráulico de todas as correntes naturais, aínda que mantiña as concesións a perpetuidade para usos industrias, cunha enerxía hidroeléctrica na práctica apenas coñecida. Logo de distintas e variadas modificacións, a Lei de Augas 29/1985 mantivo que o prazo outorgado ás concesións fose temporal pero non superior a 75 anos, sendo discrecional o seu outorgamento; ademais establecía a posibilidade de amplialas cun límite de 10 anos por unha soa vez, cando necesitase obras para o correcto funcionamento non amortizables no período concesional restante.

O RD 1/2001 do Texto Refundido da Lei de Augas estableceu na súa disposición transitoria primeira 39 que quen conforme a anterior Lei 29/1985 de Augas foran titulares de aproveitamentos de augas públicas en virtude de concesión administrativa ou prescrición acreditada, así como de autorizacións de ocupación ou utilización de dominio público estatal, seguirán gozando dos seus dereitos, de acordo co contido dos seus títulos administrativos e o que a propia Lei 29/1985 establece, durante un prazo máximo de 75 anos a partir da entrada en vigor da mesma (01/01/1986), de non fixarse no seu título outro menor Nestes casos, as concesións manteranse vixentes ata o 1 de xaneiro de 2061, aínda que o tempo de concesión fora superior, incluso a perpetuidade, segundo ditame da Avogacía Xeral do Estado.

O RD 606/2003 modificou o artigo 153 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico -RD 849/1986- que axustaba o aumento do prazo concesional para cambios cun aumento de caudal, calquera que sexa a finalidade da concesión, establecendo unha fórmula matemática para determinar o prazo a engadir ao restante da concesión anterior.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Logo doutra modificación do citado Regulamento polo RD 1290/2012, xa non cabe prórroga do prazo concesional por ampliación do caudal ou tramo afectado, e ningunha concesión de augas pode ter un prazo superior a 75 anos.

Así, as concesións hidráulicas están reguladas polos seus títulos concesionais e polas modificacións lexislativas posteriores de aplicación, cuxa interpretación pode variar substancialmente o prazo da concesión de moitas hidroeléctricas, en especial a da disposición transitoria primeira da lei de 1985 e as modificacións que a seguiron. Se engadimos que a información documental existente en moitos dos casos é moi deficiente polos medios utilizados naqueles tempos -copias co papel carbón-, a conclusión é evidente: cando menos na demarcación Galiza Costa, competencia de Augas de Galiza e, polo tanto, da Xunta, sería obrigada unha auditoría exhaustiva que determine, de forma inequívoca, a situación de todas e cada unha das concesións hidroeléctricas, e realizar un rexistro electrónico público único e detallado das mesmas.

De non ser así, saber na actualidade cantas hidroeléctricas temos na Galiza en explotación coa concesión caducada e/ou vencida é unha cuestión de fe, varían, incluso para a mesma fonte, dende as 11 -dato actual de Augas de Galiza- ata máis de 30. Quen as xestiona na actualidade? A onde van os cuantiosos beneficios dunhas instalacións xa amortizadas e sen custe algún polo recurso público utilizado? Un exemplo:

Unha minicentral das caducadas de 2,3 MW pode producir uns 14 GWh anuais que, segundo o prezo medio negociado de 2022 e un custo de produción que non supera os 10 €, supón un ingreso superior aos 2 M€.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Realizar un Inventario completo de todas as concesións hidroeléctricas en territorio galego que inclúa a data exacta de vencemento, empresa titular, potencia instalada, ingresos estimados.
2. Redactar un plan de recuperación de centrais con concesión vencida. E creación dunha empresa pública xestora dos activos recuperados.
3. Crear unha liña de crédito no ICG a xuros do 0% para facilitar compra de concesións vencidas pola Empresa Pública.
4. Restauración Ambiental Ligada a Rescate: Todo rescate ligado á obriga de restauración parcial do río e adaptación á nova realidade hídrica e legal con redución de regulación estrica, medidas de corrección de caudais ecolóxicos, escalas para peixes, etc.”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 16/01/2026 9:01:19

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/01/2026 9:01:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/01/2026 9:01:33

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2026 9:01:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45923
Data envío: 16/01/2026 09:06:01.876



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 9:06:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45923
Data envío: 16/01/2026 09:06:01.876

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:11
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre prevención do acoso a persoas menores de idade no ámbito do deporte.

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:11
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acoso, sexa este do tipo que for, é un dos grandes problemas cos cales as sociedades e os gobernos teñen que se enfrontar. Infelizmente o acoso (e o que é máis grave aínda, o acoso a persoas menores de idade) prodúcese con regularidade en moitos ámbitos, o deporte é un deles. Se ben en moitas ocasións trátase de casos de acoso entre compañeiras ou compañeiros en deportes de equipo, tamén existen casos documentados en Galiza de acoso de adestradoras e adestradores de cara a persoas menores de idade en clubs e entidades deportivas, o cal debe ser combatido enerxicamente por parte do Executivo galego.

A vía punitiva é unha das que se deben seguir, máis non é a única e tense demostrado ademais que nin sequera é a máis efectiva para tentar acabar con este tipo de comportamentos. A educación, a formación e a sensibilización a respecto de actitudes a evitar no ámbito do deporte con persoas menores debe ser primordial, e é obriga do goberno galego traballar neste sentido. Para isto, as persoas con responsabilidades deportivas en clubs e entidades deportivas deben ter a formación necesaria para saber como tratar conas persoas que practican deporte, especialmente as persoas menores de idade.

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:11
Por Iago Suárez Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Trátase dunha etapa da vida na cal o desenvolvemento non só físico senón tamén humano desempeñan un papel vital, polo que non se deben escatimar esforzos en tentar erradicar o acoso no deporte na medida do posíbel. Como é evidente, os clubs e entidades dedicadas ao deporte teñen que facer a súa parte; mais isto non significa que o goberno galego se deba desentender dunha problemática que tanto pode afectar a vida de familias enteiras e que tanto pode danar o desenvolvemento vital dunha persoa.

A regulación na prestación de servizos deportivos, moi demandada polo sector e que case a totalidade das Comunidades Autónomas do Estado xa teñen, podería ser un punto de partida. Porén, desde o Grupo Parlamentar do BNG non nos mostramos moi esperanzados a este respecto, sendo que a Xunta de Galiza e a Secretaría Xeral para o Deporte se teñen mostrado contrarias a esta medida, algo que non acabamos de comprender.

Apelamos por tanto á acción da Xunta de Galiza neste ámbito, para facer do deporte galego un espazo libre de acoso de todo tipo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Presentar ao Parlamento de Galiza antes da fin do actual período de sesións un plan de educación e sensibilización para adestradoras e adestradores en clubs e entidades deportivas galegas a respecto do acoso a menores de idade.

2. Presentar un proxecto de Lei ao Parlamento antes da fin da XII Lexislatura sobre a prestación de servizos deportivos en Galiza.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Realizar un estudo e presentalo ao Parlamento a respecto dos casos de acoso a menores de idade no ámbito deportivo en Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 16/01/2026 9:11:37

Daniel Castro García na data 16/01/2026 9:11:44

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2026 9:11:51

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2026 9:12:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45927
Data envío: 16/01/2026 09:14:23.427



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 9:14:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45927
Data envío: 16/01/2026 09:14:23.427

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 10:57:59
Nº Rexistro: 45954
Data envío: 16/01/2026 10:57:59.250

Asinado o día 16/01/2026 ás 10:56
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Manga**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coñecíamos a través do último informe da Asociación de Directoras e Xerentes de Servicios Sociais, os datos emitidos polo Imsero no que corresponde ao déficit de prazas residenciais para persoas maiores en centros públicos e privados en 2024.

A nivel xeral, Galicia ten un déficit de 11.509 prazas para cumprir a ratio que indica a OMS de 5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos. Na actualidade a nosa comunidade autónoma conta con 25.017 prazas residencias para persoas maiores.

Somos, como indica o informe, a cuarta comunidade autónoma con máis déficit de prazas; detrás de Andalucía (36.327), Comunidade Valenciana (26.929) e Cataluña (15.761). Situo dato de 2023, que foi de 3,11. Das 25.017 prazas totais en residencias galegas, o 76,1 % (19.038) estaban en centros públicos e o 23,9 % restante (5.979) eran de financiación privada. Ademais, cada residencia ten de media 78,5 prazas, por encima de tamaño medio estatal (73,5).

No conxunto de España, serían necesarias máis de 50.000 prazas adicionais para atender á demanda actual de persoas con gran dependencia e dependencia severa, un déficit que aumentou respecto ao ano anterior porque,

Asinado o día 16/01/2026 ás 10:56
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 16/01/2026 ás 10:55
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

164587

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 10:57:59
Nº Rexistro: 45954
Data envío: 16/01/2026 10:57:59.250

se ben creáronse novas prazas, o incremento da poboación de máis de 65 anos foi maior.

Galicia ten hoxe máis de 700.000 persoas maiores de 65 anos. Con unha expectativa de vida que mellora alongando así a vida na terceira idade. Un dato que xá comentamos nesta parlamento e sobre non se fixo ningunha consideración por parte de Partido Popular.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista formula a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que lidere os Servicios Sociais na nosa Comunidade Autónoma tal e como o esixe o artigo 45 da Lei de Servicios Sociais de Galicia.
2. Estableza un modelo de coidados eficaz para dar sustento á poboación nos próximo 10 anos.
3. Que formule unha adaptación do deseño de residencias de maiores vencellado ao territorio e ás súas áreas de proximidade.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

164588

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2026 10:55:58

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2026 10:56:05

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/01/2026 10:56:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 10:57:59
Nº Rexistro: 45954
Data envío: 16/01/2026 10:57:59.250

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 10:58:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 10:57:59
Nº Rexistro: 45954
Data envío: 16/01/2026 10:57:59.250

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:01:45
Nº Rexistro: 46053
Data envío: 16/01/2026 12:01:45.969

Asinado o día 16/01/2026 ás 11:55
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Desde o 25 de xuño de 2021, data de entrada en vigor da Lei orgánica de regulación da eutanasia, a posibilidade de solicitar e recibir a prestación de axuda para morrer converteuse nunha opción cada vez máis valorada por moitas galegas e galegos. Galegos e Galegas, preocupadas polo futuro da súa saúde que deixan constancia da súa vontade a través do documento de instrucións previas ou testamento vital. Desexos no que se refire a tratamentos, o seu corpo y os seus órganos, e á posibilidade de acollerse á eutanasia cando se cumpran os requisitos legalmente establecidos.

Asinado o día 16/01/2026 ás 11:55
Por Elena Espinosa Mangana

Os datos correspondentes ao ano 2025 en Galicia, reflicten un incremento sen precedentes no número de testamentos vitais rexistrados, acadando a cifra de 6.049 documentos, fronte aos 2.887 do ano anterior.

O impacto da pandemia da COVID-19, que puxo de manifesto a vulnerabilidade da vida, supuxo un aumento importante dos testamentos vitais. Non obstante, o notable aumento rexistrado no ano 2025 podería estar tamén, dende o noso punto de vista, relacionado coa influencia social e divulgativa de persoas comprometidas coa defensa do dereito a unha morte digna, como foi a activista viguesa Laura Fernández Abalde.

Asinado o día 16/01/2026 ás 11:55
Por Silvia Longueira Castro

Recentemente, coñecéronse dous informes de especial relevancia: por unha banda, o elaborado polo Ministerio de Sanidade, que realiza un balance da aplicación da prestación de axuda para morrer durante o ano 2024; e, por outra,

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

164591



o informe correspondente ao mesmo exercicio elaborado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Este último sinala, entre outros aspectos, que se produciu unha mellora nos tempos medios de resolución dos procedementos respecto do ano anterior. Con todo, conclúe que a prestación de axuda para morrer continúa a ser insuficientemente coñecida pola cidadanía, e subliña a necesidade de incrementar as accións de información e formación, así como de fomentar o outorgamento dos documentos de instrucións previas ou testamentos vitais.

Por todo o exposto, e malia os avances acadados ata o de agora, desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que aínda existe unha marxe clara de mellora na aplicación, no coñecemento e no acceso efectivo á prestación de axuda para morrer en Galicia.

Ante esta situación faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha un Observatorio da Morte Digna co obxectivo de realizar o seguimento, a análise e a mellora dos procesos relacionados co final da vida, garantindo en todo momento o respecto á dignidade das persoas no momento de morrer.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2026 11:55:22

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2026 11:55:29

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/01/2026 11:55:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:01:45
Nº Rexistro: 46053
Data envío: 16/01/2026 12:01:45.969



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:01:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:01:45
Nº Rexistro: 46053
Data envío: 16/01/2026 12:01:45.969

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:42:41
Nº Rexistro: 46092
Data envío: 16/01/2026 12:42:41.025

Asinado o día 16/01/2026 ás 11:47
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Iglesias, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Zas conta con centros educativos públicos que prestan un servizo esencial á veciñanza e que escolarizan a nenas, nenos e adolescentes en etapas clave do seu desenvolvemento educativo e persoal. Entre eles atópanse o Centro Público Integrado (CPI) de Zas e o CEIP Labarta Pose, en Baio, así como o conxunto de instalacións educativas públicas do concello.

Porén, a situación das infraestruturas destes centros é profundamente preocupante. Trátase de edificios con décadas de antigüidade que levan anos sufrindo unha falta continuada de investimento por parte da consellería competente en materia de educación. Esta situación de abandono tradúcese en problemas estruturais graves que afectan directamente á seguridade, á saúde e á calidade do ensino.

No CPI de Zas detéctanse deficiencias moi relevantes: ventás obsoletas que non illan nin térmica nin acusticamente, filtracións de auga, humidades persistentes nas aulas, goteiras, canelóns deteriorados con risco de desprendemento, un sistema de calefacción antigo e ineficiente, baños en mal estado e un patio cuberto que non cumpre a súa función por filtracións constantes. Estas circunstancias obrigan ao uso permanente de deshumidificadores, incrementan o gasto enerxético e xeran problemas de saúde no alumnado e no profesorado.

Asinado o día 16/01/2026 ás 11:47
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 16/01/2026 ás 11:47
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

164595

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:42:41
Nº Rexistro: 46092
Data envío: 16/01/2026 12:42:41.025

No CEIP Labarta Pose, centro con máis de medio século de antigüidade, a situación non é mellor. As tubaxes presentan un avanzado estado de oxidación, existen humidades e goteiras recorrentes, e o estado xeral do teito e doutras estruturas evidencia a inexistencia dun plan de mantemento e renovación. A pesar de anuncios públicos sobre a existencia dun proxecto, non se ten facilitado información clara nin documentación técnica nin un calendario de execución.

Esta realidade leva anos sendo denunciada polas direccións dos centros e polas ANPA, que se ven obrigadas a asumir gastos e responsabilidades que corresponden á Administración autonómica. A ausencia de respostas, o silencio administrativo e a falta de consignación orzamentaria contrastan coa necesidade urxente de garantir centros educativos seguros, saudables e dignos.

A educación pública non pode prestarse en condicións de precariedade nin con riscos para a integridade física do alumnado e do persoal docente. Resulta imprescindible unha actuación decidida da Xunta de Galicia que poña fin a anos de abandono e dea resposta ás demandas xustas da comunidade educativa de Zas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e facer público, con carácter inmediato, un informe técnico detallado sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos do concello de Zas.
2. Aprobar e executar un plan integral de actuación para o CPI de Zas que inclúa a reparación das deficiencias estruturais, a mellora da eficiencia

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

164596

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:42:41
Nº Rexistro: 46092
Data envío: 16/01/2026 12:42:41.025

- enerxética, a renovación de ventás, cubertas, sistemas de calefacción, saneamento e espazos comúns.
3. Concretar o proxecto anunciado para o CEIP Labarta Pose, detallando actuacións, orzamento e calendario de execución, e iniciar as obras necesarias sen máis demoras.
 4. Dotar nos orzamentos da Comunidade Autónoma as partidas económicas suficientes para acometer as reformas integrais e urxentes que precisan estes centros.
 5. Garantir condicións de seguridade, salubridade e confort térmico adecuadas para o alumnado e o profesorado, evitando situacións de humidades, filtracións, frío ou riscos estruturais.
 6. Establecer canles de comunicación estables e efectivas coa comunidade educativa de Zas, atendendo as demandas das direccións e das ANPA.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

164597

@PSdeG



28071 Madrid



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 16/01/2026 11:47:36

Aitor Bouza Manso na data 16/01/2026 11:47:42

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2026 11:47:48

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/01/2026 11:47:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:42:41
Nº Rexistro: 46092
Data envío: 16/01/2026 12:42:41.025

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:42:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:42:41
Nº Rexistro: 46092
Data envío: 16/01/2026 12:42:41.025

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:51:44
Nº Rexistro: 46097
Data envío: 16/01/2026 12:51:44.082

Asinado o día 16/01/2026 ás 12:47
Por Montserrat Valcáiz

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputadas e deputado **Iria Carreira Pazos, Ramón Fernández Alfonso e Montserrat Valcáiz Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galiza respecto da grave crise que a travesa o Grupo Losán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 15 de xaneiro o persoal do Grupo Losán das fábricas de Vilasantar e Curtis realizaron unha gran manifestación apoiada por numerosos alcaldes, veciños e veciñas da comarca.

Os perto de 200 traballadores e traballadoras alertaban do deterioro irreversible no que se atopa a empresa, pola irresponsabilidade da dirección e a pasividade institucional diante desta nova crise industrial, que unha outra vez deixa en evidencia que a Xunta do Partido Popular abandona a industria do país malia ter as competencias exclusivas tanto en Industria como en Emprego.

No momento de redactar esta iniciativa o persoal destas fábricas tiña pendentes de cobrar as nóminas de novembro, decembro, extra de decembro e actualización salarial do ano 2025.

O persoal subliña que a situación é límite e que está en risco non só o emprego, senón tamén o coñecemento industrial, a experiencia técnica e o capital humano construído durante décadas nun grupo que foi referencia do sector da madeira. Cada saída forzada debilita o proxecto industrial e achega un escenario de desmantelamento silencioso das fábricas.

Asinado o día 16/01/2026 ás 12:47
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 16/01/2026 ás 12:46
Por Iria Carreira Pazos





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cada semana de atraso non só agrava a situación social das familias afectadas, senón que erosiona de maneira silenciosa pero irreversible a confianza na viabilidade futura do proxecto industrial.

Atopámonos diante doutro caso no que a Xunta de Galiza négase a participar activa e decididamente no deseño e posta en marcha dun plan de viabilidade para unha gran industria galega.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a

1. Reunirse cos comités de empresa das fábricas ASERPAL e LOSAN
2. Traballar no deseño dun plan de viabilidade para o grupo Losan coa incorporación da propia Xunta de Galiza ao capital da empresa
3. Demandar ao goberno do estado a súa participación no plan de viabilidade.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2026 12:46:50

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/01/2026 12:47:20

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/01/2026 12:47:29

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2026 12:47:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:51:44
Nº Rexistro: 46097
Data envío: 16/01/2026 12:51:44.082

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:51:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:51:44
Nº Rexistro: 46097
Data envío: 16/01/2026 12:51:44.082

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o anuncio de suspensión da 52ª edición da Subida a Chantada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A coñecida como ‘Subida a Chantada’ é unha das probas máis senlleiras e recoñecíbeis do mundo do automobilismo en Galiza e no Estado español. Iniciada no ano 1969, esta proba automobilística que puntúa para o Campionato de España de Montaña, mais que en tempos tamén puntuaba para o Campionato Europeo de Montaña, é motivo de orgullo para a veciñanza de Chantada mais tamén para a totalidade da Ribeira Sacra. Unha proba que destaca pola súa competitividade e por se disputar nun enclave privilexiado do concello de Chantada como son as ribeiras da parroquia de San Fiz (na estrada LU-617 até se encontrar co CG-2.1). En definitiva, unha das probas deportivas máis destacábeis con que o noso país conta.

Segundo un comunicado da organización da proba, a Escudería Chantada, a edición de 2026 da Subida a Chantada, a que sería a edición número 52, quedou suspendida. O ente encargado da organización e desenvolvemento da proba asegura que esta situación se dá por falta do orzamento necesario para a correcta realización da mesma. Unha noticia que xera non só tristeza, mais tamén indignación non só entre as e os afeccionados ao automobilismo senón tamén entre todas as veciñas e veciños de Chantada.

Ante esta situación, é o noso deber cuestionar a actuación da Xunta de Galiza, en concreto da Secretaría Xeral para o Deporte, e preguntar que é o que realmente aconteceu e o que o Executivo galego fixo para evitar esta suspensión. Unha proba





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:56:12
Nº Rexistro: 46106
Data envío: 16/01/2026 12:56:12.784

deportiva desta relevancia e importancia non pode quedar suspendida sen que haxa un escrutinio real das causas que levaron a este desenlace. É por iso que desde o Grupo Parlamentar do BNG presentamos esta iniciativa para que o goberno galego dea explicacións a respecto do acontecido, das súas conversas coa Federación Galega de Automobilismo, coa Escudería Chantada e co propio Concello de Chantada e do que ten pensado facer no futuro máis inmediato.

Non perdemos a esperanza de que non sexa demasiado tarde para a volta desta proba deportiva de tantísima importancia para Chantada, a Ribeira Sacra e Galiza no seu conxunto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Colaborar coas Administracións competentes, coa Escudería Chantada e coa Federación Galega de Automobilismo para evitar a suspensión definitiva da 52ª edición da ‘Subida a Chantada’.
2. Presentar no prazo dun mes ao Parlamento de Galiza un plan de reposición e de mantemento no futuro desta proba para os vindeiros anos.
3. Dotar os entes organizadores da ‘Subida a Chantada’ do orzamento necesario para evitar suspensións da proba en futuras edicións”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 16/01/2026 12:53:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2026 12:53:19

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2026 12:53:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:56:12
Nº Rexistro: 46106
Data envío: 16/01/2026 12:56:12.784

CSV: BOPGDSPG-OVLQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:56:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:56:12
Nº Rexistro: 46106
Data envío: 16/01/2026 12:56:12.784

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Cristina Fernández Davila** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa urxencia da consignación dunha partida orzamentaria extraordinaria para licitar de forma inmediata a reforma integral do CEIP Luis Acuña en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 13 de decembro de 2023 o Conselleiro de Educación anunciaba en Ourense que a Xunta de Galiza destinaría máis de 7M€ a melloras en nove centros educativos de Ourense. Entre as medidas avanzábase na nota informativa correspondente que “se encargarán os proxectos de cinco centros educativos, dos que se espera comezar as actuacións de mellora a finais do mesmo ano. Neste caso son os Colexios CEIP O Couto e Manuel Luis Acuña, nos que se realizarán rehabilitacións integrais das súas estruturas; mentres que no Colexio CEIP Virxe de Covadonga prevese a instalación dun ascensor e no Colexio CEIP Vistahermosa proxéctase a rehabilitación integral, ademais da instalación dun ascensor e o peche parcial da pista polideportiva.”

Porén, a realidade máis de dous anos despois é que a Xunta de Galiza non cumpriu o seu compromiso co CEIP Luis Acuña e a ANPA deste centro comezou a recoller sinaturas reivindicando un espazo seguro e saudable para os nenos e nenas toda vez que volveu haber novos incidentes ao longo do 2025 que non foron reparados adecuadamente e que mesmo comprometen a seguridade da actividade educativa, que enfronta enormes problemas de temperatura, goteiras e distintos incidentes pola falta de compromiso do goberno galego e a súa falta de anticipación, que debeu empregar os meses de verán para executar obras.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Así as cousas, as nais e pais e a comunidade escolar están a solicitar unha reparación urxente das instalacións do centro que permita á comunidade escolar o desenvolvemento das actividades de forma segura. Solicitan, xa que logo, que se liciten de forma urxente as obras de reforma integral anunciada en 2023, tendo en conta a situación actual do colexio, que tanto no proxecto como na realización das obras se teñan en conta as medidas e melloras de eficiencia enerxética e que mentres non se realicen e finalicen as obras, garanta o benestar dos alumnos e alumnas así como o dos membros do corpo docente, adoptando as obras, reformas ou medidas de contención de danos pertinentes.

Unhas demandas, en definitiva, xustas e razoables, que deben ser atendidas. Porén, malia coñecer esta situación, a Xunta de Galiza vén de aprobar uns orzamentos para o ano 2026 que non contempla de forma específica esta necesidade, polo que é preciso reorientar os orzamentos e comprometerse a cubrila.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a reorientar o orzamento de 2026 de cara a dar cobertura e impulsar de inmediato a licitación urxente das obras de reforma integral anunciada en 2023, tendo en conta a situación actual do colexio, a que tanto no proxecto como na realización das obras se teñan en conta as medidas e melloras de eficiencia enerxética e a que mentres non se realicen e finalicen as obras, garanta o benestar da comunidade educativa a través das medidas oportunas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2026 13:33:38

Cristina Fernández Davila na data 16/01/2026 13:33:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2026 13:33:52

Rosana Pérez Fernández na data 16/01/2026 13:33:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 13:35:11
Nº Rexistro: 46114
Data envío: 16/01/2026 13:35:11.347



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 13:35:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 13:35:11
Nº Rexistro: 46114
Data envío: 16/01/2026 13:35:11.347

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e do deputado **Noa Presas Bergantiños** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a valoración por parte do goberno galego da reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira do 14 de xaneiro de 2026 e as actuacións que vai emprender de cara a futuras reunións técnicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após o anuncio por parte do goberno do Estado das condicións de previsión de reforma do sistema de financiamento das comunidades de réxime común na segunda semana de xaneiro de 2026 convocouse unha reunión do consello de política fiscal e financeira o pasado mércores 14 ao que acudiu Galiza.

O rexeitamento á proposta do goberno foi masivo e a Ministra Montero comunicou que as reunións con cada goberno autonómico para discutir os aspectos técnicos do modelo comezarían de xeito inmediato co obxectivo, expresado na propia nota informativa do goberno, “de acelerar as melloras e a tramitación do que será finalmente unha Lei Orgánica que votará o Parlamento”.

A proposta do goberno central é absolutamente inasumible para Galiza. Resumidamente a proposta empeora un sistema que xa era malo para o noso país ao afondar no centralismo, empeorar criterios que son clave para Galiza e engadir novas discriminacións.

Hai que sinalar que esta proposta non supón un só avance en materia de autogoberno xa que apenas introduce un aumento na participación do IVE e do IRPF sen





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

engadir capacidade real de xestión nin moito menos de decisión. Por outra banda, os criterios de poboación axustada, que xa de por si prexudican o noso país e non contemplan a súa realidade, van a peor. Así, o criterio de dispersión reduce a ponderación do 0,6% ao 0,5% e a ponderación da Poboación maior de 65 anos pasa do 8,5% ao 7%. Son estes dous exemplos dun modelo centralista e prexudicial para Galiza que non resolve o infrafinanciamento no seu conxunto e co que Galiza quedaría á cola do Estado por habitante e recibiría unha participación no aumento global por debaixo da metade do noso peso poboacional. Máis aínda, engádense novos fondos con reparto discrecional como é o fondo climático.

Nas últimas semanas as forzas políticas maioritarias do Parlamento Galego e distintos foros económicos denunciaron esta situación e a Xunta de Galiza manifestou trasladar o seu rexeitamento no citado Consello. Porén é preciso deseñar unha estratexia de resposta que vaia máis alá da crítica e que garanta que Galiza non vai consentir esta proposta e que vai argumentar en defensa do autogoberno, da xustiza territorial e do papel de nación que debemos ter.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a avanzar na defensa dun financiamento xusto para o noso país a través das seguintes medidas:

1. Iniciar co goberno central un proceso de diálogo bilateral.
2. Elaborar e remitir ao Parlamento galego, previamente a súa negociación co Estado, unha proposta de avance cara a asunción total en Galiza da recadación de todos os impostos soportados pola cidadanía galega prevendo medidas no curto prazo para:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- a) Ampliar a porcentaxe de rendemento cedido até o 90%, o que faría innecesarios os desiguais e pouco garantistas fondos de nivelación vertical e permitiría mellorar a prestación dos servizos públicos esenciais e a asumir novas competencias.
- b) Estabelecer a capacidade recadatoria no tramo autonómico dos tributos cedidos, mediante a ampliación das funcións da ATRIGA e en coordinación coa AEAT.
- c) Ampliar a capacidade normativa e de xestión de Galiza a respecto do tramo do IRPF cedido mediante un novo modelo dual en que cada administración poda decidir plenamente sobre a política fiscal propia.
- d) Dotar Galiza de capacidade normativa no resto de tributos cedidos.
- e) Reforma normativa para asegurar a tributación efectiva da manifestación de capacidade económica de todas as actividades profesionais ou empresariais realizadas en Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2026 13:34:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/01/2026 13:34:20

Rosana Pérez Fernández na data 16/01/2026 13:34:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 13:36:03
Nº Rexistro: 46118
Data envío: 16/01/2026 13:36:03,384

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 13:36:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 13:36:03
Nº Rexistro: 46118
Data envío: 16/01/2026 13:36:03,384

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

A violencia de xénero constitúe unha grave vulneración dos dereitos humanos das mulleres e unha manifestación extrema da desigualdade estrutural existente na nosa sociedade. Dentro desta realidade, a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual representa unha das súas formas máis crueis, invisibilizadas e complexas, ao combinar violencia física, psicolóxica, sexual, económica e institucional.

Asinado o día 16/01/2026 ás 15:34
Por Elena Espinosa Mangana

Moitas das mulleres vítimas de trata que se atopan en Galicia son mulleres estranxeiras en situación administrativa irregular, circunstancia que non é allea ao propio fenómeno da trata, senón consecuencia directa das redes criminais que se aproveitan da súa vulnerabilidade, da falta de alternativas e do medo á deportación. Esta situación administrativa convértese, na práctica, nun obstáculo adicional para que estas mulleres poidan acceder aos recursos públicos destinados á súa protección e recuperación.

A Orde do 10 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 establece, entre outros requisitos, condicións relativas á nacionalidade ou á residencia legal. Estes requisitos deixan fóra, de facto, a unha parte moi significativa das mulleres vítimas de explotación sexual, impedíndolles acceder a unha prestación económica básica que podería resultar determinante para iniciar un proceso real de saída da violencia, autonomía persoal e integración social.

Asinado o día 16/01/2026 ás 15:34
Por Paloma Castro Rey



Cómpre lembrar que as administracións públicas teñen a obriga de garantir a protección integral das vítimas de violencia de xénero, con independencia da súa situación administrativa, tal e como recollen os principios internacionais en materia de dereitos humanos, así como a normativa estatal e autonómica en materia de igualdade e loita contra a violencia machista. A protección das vítimas non pode quedar supeditada a requisitos administrativos que, na práctica, perpetúan a súa exclusión e dependencia.

Neste contexto, resulta imprescindible recoñecer e poñer en valor o labor fundamental que desenvolven as asociacións e entidades sociais integradas na Rede Galega contra a Trata de Mulleres, que traballan de maneira continuada no acompañamento, protección, atención psicolóxica, xurídica e social destas vítimas, suprimindo moitas veces as carencias existentes nos recursos públicos. O coñecemento directo da realidade destas mulleres que posúen estas entidades convérteas en axentes imprescindibles á hora de deseñar políticas públicas eficaces, realistas e centradas nas necesidades reais das vítimas.

Por todo o anterior, resulta necesario que a Xunta de Galicia revise e adapte os requisitos de acceso ás prestacións económicas destinadas ás vítimas de violencia de xénero, de maneira que se garanta tamén o acceso das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, establecendo criterios específicos e flexibles, acordados en consenso coas entidades especializadas que traballan neste ámbito.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a revisar e modificar os requisitos de acceso á prestación periódica para mulleres vítimas de violencia de xénero publicada na Orde do 10 de decembro de 2025 e regulada polo procedemento SI434A, co obxectivo de garantir o acceso ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, con independencia da súa situación





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46187
Data envío: 16/01/2026 15:37:51.526

administrativa, articulando un sistema de requisitos específicos e adaptados á realidade destas mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, que teña en conta a súa especial situación de vulnerabilidade e evite a súa exclusión dos recursos públicos de protección social, establecendo estes criterios en coordinación e consenso coas asociacións e entidades sociais integrantes da Rede Galega contra a Trata de Mulleres, e recoñecendo o seu papel esencial na detección, atención e acompañamento das vítimas.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

164619

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 16/01/2026 15:34:20

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2026 15:34:38

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2026 15:34:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/01/2026 15:34:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46187
Data envío: 16/01/2026 15:37:51.526

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46187
Data envío: 16/01/2026 15:37:51.526

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:37:52

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46193
Data envío: 16/01/2026 15:46:11.686

Asinado o día 16/01/2026 ás 15:43
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade absoluta das políticas públicas, con recursos suficientes, planificación rigorosa e compromiso político firme. A protección das mulleres vítimas de violencia machista non pode quedar á marxe da acción efectiva da administración.

Non obstante, a análise da execución orzamentaria da partida 313D - Protección e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, correspondente ao último exercicio fiscal, pon de manifesto graves deficiencias na xestión por parte da Xunta de Galicia. Os datos oficiais amosan unha execución escasa dos fondos dispoñibles no 3º trimestre de 2025:

- Crédito inicial (CI): 26.467 €
- Crédito vixente (CV): 29.005 €
- Obrigas recoñecidas (O): 12.367 €
- Execución sobre crédito vixente (O/CV): 42,6 %

Este nivel de execución, inferior ao 43 %, evidencia unha alarmante falta de vontade política e unha ineficiente xestión dos recursos públicos destinados a un ámbito tan sensible como a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Asinado o día 16/01/2026 ás 15:43
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 16/01/2026 ás 15:43
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

164622

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46193
Data envío: 16/01/2026 15:46:11.686

A esta situación hai que engadir o que recolle o último informe do Consello de Contas, que alerta da diminución das campañas de sensibilización e da escasa execución das actuacións previstas nesta materia, pese a ser ferramentas fundamentais para a prevención da violencia e a concienciación social.

O Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE considera inadmisíbel que, nun momento no que a sociedade galega esixe máis compromiso institucional contra a violencia machista, a Xunta de Galicia non execute nin a metade do orzamento destinado a este fin. A falta de execución non é un problema técnico, senón político.

Por iso, é urxente unha rectificación por parte do Goberno galego e a posta en marcha dun plan realista, ambicioso e eficaz que asegure que os fondos chegan ás mulleres que os precisan e contribúan a construír unha sociedade libre de violencia.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir a execución plena e eficaz da partida orzamentaria 313D, destinada á protección e ao apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, mediante unha mellor planificación, coordinación interdepartamental e asignación de recursos humanos e técnicos adecuados.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

164623

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 16/01/2026 15:43:28

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2026 15:43:40

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2026 15:43:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46193
Data envío: 16/01/2026 15:46:11.686

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:46:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46193
Data envío: 16/01/2026 15:46:11.686

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46379
Data envío: 19/01/2026 09:20:07.545

Asinado o día 19/01/2026 ás 09:18
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as listaxes de substitución de lingua portuguesa no ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, hai tres vacantes de lingua portuguesa nas Escolas Oficiais de Idiomas de Vigo, Lugo e Ferrol sen cubrir por falta de candidatos e candidatas suficientes. Non é a primeira vez que isto acontece, tanto nas EOI como en educación secundaria, e esta situación provoca importantes atrasos, mesmo con alumnado que fica durante meses sen profesorado. Loxicamente, todo isto contradí os obxectivos da Lei Paz-Andrade, en relación co fomento do ensino e aprendizaxe do portugués.

Un dos motivos principais é que, na práctica, non se admiten as persoas licenciadas en Tradución e Interpretación, xa que os requisitos non poden coincidir co perfil das persoas tituladas na actualidade.

A Consellaría é coñecedora deste problema, xa que en varios centros o alumnado de portugués chegou a estar semanas sen profesorado. A Lei Valentín Paz-Andrade debería supor un motivo adicional para resolver este problema con urxencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

Asinado o día 19/01/2026 ás 09:18
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 19/01/2026 ás 09:18
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Revisar os criterios para formar parte das listaxes de substitución de lingua portuguesa en educación secundaria e nas Escolas Oficiais de Idiomas, incluíndo perfís que poidan acreditar suficiente formación en lingua portuguesa.
- Incluír nestes criterios as persoas licenciadas en Tradución e Interpretación con portugués como lingua C ou segunda lingua estranxeira.
- Promover a inclusión da lingua portuguesa como lingua B ou primeira lingua estranxeira nos estudos de Tradución e Interpretación”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 19/01/2026 9:18:01

Cristina Fernández Davila na data 19/01/2026 9:18:07

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2026 9:18:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46379
Data envío: 19/01/2026 09:20:07,545

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 9:20:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46379
Data envío: 19/01/2026 09:20:07,545

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 09:44:41
Nº Rexistro: 46384
Data envío: 19/01/2026 09:44:41.748

Asinado o día 19/01/2026 ás 09:42
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á Cadea de Valor da Transición Enerxética.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transición enerxética que se está a impulsar dende a Unión Europea e o Estado español configura unha nova etapa histórica na que se adiaron decisións tan importantes como quen controla a tecnoloxía, quen fabrica os equipos, quen planifica o sistema e quen captura os beneficios económicos e laborais asociados ao cambio de modelo.

No caso galego, o documento da CIG sobre as bases para unha estratexia enerxética propia amosa con claridade que Galiza achega territorio, recursos naturais e capacidade de xeración enerxética, pero fica nun lugar subordinado na cadea de valor, limitada a producir electricidade mentres as fases de maior valor engadido se localizan noutros territorios.

Galiza leva décadas desempeñando un papel imposto de centro subministrador de electricidade para o conxunto do Estado, cun forte desenvolvemento hidroeléctrico e eólico que permitiu acadar e mesmo superar os obxectivos renovables fixados polo PNIEC para 2030. Porén, esa contribución non se traduce nun tecido industrial potente asociado ás renovables, nin nun sistema de innovación propio nin nunha mellora proporcional do emprego e das condicións de vida da poboación, senón nun modelo intensivo en capital e recurso natural, pero moi pobre en ocupación e arraigo empresarial.

Asinado o día 19/01/2026 ás 09:42
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 19/01/2026 ás 09:42
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Os datos recollidos polo CES sinalan que o sector enerxético galego xera máis de mil millóns de euros anuais en ingresos para as compañías de xeración, con arredor de 135 empresas operando, mais apenas uns douscentos empregos directos ligados a esas actividades. Ao mesmo tempo, Galiza sitúase no posto 154 de 239 rexións europeas en materia de innovación, con só unha empresa do sector enerxético entre as máis innovadoras, moi por detrás de territorios como Euskadi, Nafarroa, Madrid ou Catalunya, que si decidiron vincular a política enerxética a unha estratexia industrial e tecnolóxica propia.

O marco europeo ven marcado pola combinación de Pacto Verde, descarbonización acelerada e deslocalización produtiva cara a China, que hoxe controla boa parte das tecnoloxías e materias primas críticas precisas para o despregamento das renovables. Neste escenario, a Unión Europea e o Estado español arríscanse a reproducir unha nova dependencia, agora en compoñentes, equipos e tecnoloxías, mentres territorios como Galiza son utilizados como plataformas de xeración e almacenamento enerxético cun retorno industrial moi limitado se non se interveñen politicamente as cadeas de valor.

Fronte a este modelo extractivo, é preciso poñer de relevo experiencias nas que a política pública orientou a transición cara á creación de industria e coñecemento, como Euskadi, co rol do Ente Vasco da Enerxía e dos seus centros tecnolóxicos, ou Estremadura, coa posta en marcha do Centro Ibérico de Investigación en Almacenamento Enerxético financiado con arredor de 80 millóns anuais. Estes exemplos proban que, alí onde hai planificación, investimento público e control sobre os nodos estratéxicos da enerxía, a transición convértese nun motor de desenvolvemento produtivo, mentres que, onde non existe esa estratexia, consolídase unha posición periférica baseada na simple xeración de electricidade, para o consumo e desenrolo doutras áreas do estado.

Desde esta perspectiva, podemos concluír que Galiza non pode seguir avanzando na mesma lóxica de implantación masiva de renovables sen condicionar o uso do territorio





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

e dos recursos á creación dunha verdadeira cadea de valor galega asociada á transición enerxética. Faise preciso, en consecuencia, unha política que identifique e desenvolva polos industriais ligados ás renovables, que sitúe o almacenamento enerxético e a innovación como ámbitos prioritarios, e que faga depender a autorización de novos proxectos da súa capacidade para xerar industria, emprego de calidade, coñecemento e retorno económico para o país, superando o modelo actual baseado na extracción de enerxía e na dependencia tecnolóxica exterior.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a desenvolver unha estratexia no campo da I+D+I en materia de transición enerxética que derive no fortalecemento da cadea de valor do sector enerxético a fin de abastecer con tecnoloxía propia os proxectos enerxéticos galegos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 19/01/2026 9:42:35

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/01/2026 9:42:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2026 9:42:47

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2026 9:42:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 09:44:41
Nº Rexistro: 46384
Data envío: 19/01/2026 09:44:41.748

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 9:44:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 09:44:41
Nº Rexistro: 46384
Data envío: 19/01/2026 09:44:41.748

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:03:36
Nº Rexistro: 46442
Data envío: 19/01/2026 11:03:36.290

Asinado o día 19/01/2026 ás 11:01
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao centro para Competitividade e a I+D+I en Almacenamento Enerxético da Galiza.

Asinado o día 19/01/2026 ás 11:01
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia precisa dar un salto cualitativo no ámbito do almacenamento enerxético se quere acadar un sistema 100% renovábel sen dependencia estrutural do gas fósil. A día de hoxe a capacidade de bombeo ronda os 1.500 MW, claramente insuficiente fronte a unha potencia instalada renovábel que supera amplamente a demanda interna, o que provoca vertidos de enerxía e exportación forzada en períodos de baixa demanda e alta xeración renovábel.

Estremadura deu xa un paso estratéxico coa creación do “Centro Ibérico de Investigación en Almacenamento Enerxético (CIIAE)” en Cáceres, concibido como infraestrutura científica de referencia para todo o ciclo do almacenamento, desde os materiais até a validación a escala de rede. O CIIAE nace dun convenio entre a Administración Xeral do Estado, o CIEMAT e a Xunta de Extremadura, e está financiado con arredor de 75 millóns de euros, dos que 53 millóns proceden do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE, completados con achegas da Junta de Extremadura, do CIEMAT e de FUNDECYT-PCTEX.

Asinado o día 19/01/2026 ás 11:01
Por Xosé Manuel Golpe Acuña

Segundo a documentación institucional do propio CIIAE, o centro contará con “laboratorios de última xeración” que cobren todo o ciclo do almacenamento:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

desenvolvemento e caracterización de materiais para baterías (Li, Na, baterías de fluxo, supercondensadores, metal-aire), almacenamento térmico, produción e almacenamento de hidróxeno verde, síntese de combustíbeis sintéticos a partir de hidróxeno e CO₂, así como infraestruturas singulares para o ensaio de sistemas de almacenamento conectados á rede e de microrredes a escala pre-industrial.

O obxectivo declarado polo Ministerio de Ciencia e o Goberno de Estremadura é que o CIIAE sexa un centro de referencia global en almacenamento, combinando investigación básica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial, e actuando como polo de atracción de tecido industrial en torno á cadea de valor da transición enerxética (fabricación de compoñentes, reciclaxe, economía circular, servizos avanzados).

Este modelo demostra que un centro público especializado pode mobilizar de maneira estábel recursos de I+D+i, captar fondos europeos e crear emprego cualificado de alta intensidade en coñecemento. Galicia, que combina alta penetración renovábel, grande densidade de centros de produción eléctrica, con diversidade de fontes de xeración e territorios de transición como Meirama ou As Pontes, está nunha posición privilexiada para impulsar un “Centro Galego de Investigación en Almacenamento Enerxético” orientado especialmente a desenrolar tecnoloxía de integración de grandes volumes de eólica e solar na rede, hidróxeno verde para usos industriais e de transporte, e sistemas avanzados de baterías, almacenamento por gravidade en todas as súas formas e xestión intelixente da rede.

Do mesmo xeito que o CIIAE se concibe como infraestrutura de país para Estremadura, un centro galego permitiría reter e crear cadea de valor propia, reducir vertidos de enerxía renovábel, optimizar o uso da rede eléctrica e xerar coñecemento aplicado a proxectos públicos como os da futura Empresa Pública Galega de Enerxa (EPGE), ao tempo que facilitaría a participación de Galicia en convocatorias europeas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

(PERTE, MRR, Horizonte Europa, FEDER) especificamente orientadas a almacenamento, hidróxeno e redes intelixentes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a poñer en marcha o Centro para Competitividade e a I+D+I en Almacenamento Enerxético da Galiza, cunha dotación económica iniciar de 80 millóns de euros, en colaboración coas tres universidades do país e localizalo dentro dun dos concellos de transición xusta. Este centro desenrolará tecnoloxía de integración de grandes volumes de eólica e solar na rede, hidróxeno verde para usos industriais e de transporte, e sistemas avanzados de baterías, almacenamento por gravidade en todas as súas formas e xestión intelixente da rede”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 19/01/2026 11:01:30

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/01/2026 11:01:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2026 11:01:47

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2026 11:01:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:03:36
Nº Rexistro: 46442
Data envío: 19/01/2026 11:03:36.290



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 11:03:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:03:36
Nº Rexistro: 46442
Data envío: 19/01/2026 11:03:36.290

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:17:55
Nº Rexistro: 46452
Data envío: 19/01/2026 11:17:55.752

Asinado o día 19/01/26
11:13
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público regular por estrada constitúe un servizo público esencial para garantir o dereito á mobilidade, a igualdade de oportunidades e a cohesión social e territorial, especialmente en comarcas cunha elevada dispersión poboacional como o Barbanza.

A Xunta de Galicia vén de aprobar unha modificación do plan de transporte público na comarca do Barbanza, incluíndo novas liñas e cambios nos itinerarios e frecuencias, que foi sometida a un proceso de información pública no que a veciñanza de Rianxo e das súas parroquias presentou numerosas alegacións. Estas alegacións poñían de manifesto o risco de perda de servizos, o empeoramento das conexións con centros sanitarios, educativos e administrativos, así como o incremento dos tempos de desprazamento para persoas maiores, estudantes e traballadores e traballadoras.

Porén, tal e como se fixo público a través dos medios de comunicación, a Xunta de Galicia desbotou as principais alegacións presentadas pola veciñanza, sen ofrecer unha resposta satisfactoria nin introducir modificacións substanciais que corrixa os prexuízos advertidos. Esta decisión xerou un fondo malestar social e levou a colectivos veciñais a anunciar que esgotarán todas as vías administrativas ao seu alcance para defender un servizo público de transporte que responda ás necesidades reais da poboación.

Asinado o día 19/01/2026 ás
11:13
Por Carlos López Font

Asinado o día 19/01/2026 ás
11:13
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

164640

28071 Madrid

@PSdeG



Este proceder evidencia unha forma de gobernar allea á participación cidadá e ás demandas do territorio, que prioriza criterios alleos á realidade social fronte ao dereito da veciñanza a un transporte público útil, accesible e eficiente.

Por todo o exposto, resulta necesario que o Parlamento de Galicia se pronuncie e inste á Xunta a rectificar, dialogar coa cidadanía afectada e garantir un modelo de transporte público que non supoña un retroceso na calidade dos servizos nin no acceso aos dereitos básicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar o novo plan de transporte público da comarca do Barbanza, incorporando as principais alegacións presentadas pola veciñanza de Rianxo e das súas parroquias, co obxectivo de evitar a perda de servizos e o empeoramento das conexións actuais.
2. Garantir que o deseño das liñas, itinerarios e frecuencias responda ás necesidades reais de mobilidade diaria da poboación, asegurando conexións axeitadas con centros sanitarios, educativos, administrativos e laborais.
3. Abrir un proceso real de diálogo e participación cos concellos afectados, asociacións veciñais e persoas usuarias do servizo, que permita corrixir as deficiencias detectadas antes da consolidación definitiva do novo modelo.
4. Establecer mecanismos de avaliación e seguimento periódicos do servizo de transporte público na comarca do Barbanza, que permitan introducir melloras continuas en función da demanda real e das queixas ou propostas da cidadanía.

Santiago de Compostela, a 19 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/01/2026 11:13:34

Carlos López Font na data 19/01/2026 11:13:40

Aitor Bouza Manso na data 19/01/2026 11:13:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/01/2026 11:13:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:17:55
Nº Rexistro: 46452
Data envío: 19/01/2026 11:17:55.752

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 11:17:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:17:55
Nº Rexistro: 46452
Data envío: 19/01/2026 11:17:55.752

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:34:22
Nº Rexistro: 46460
Data envío: 19/01/2026 11:34:22.085

Asinado o día 19/01/26
11:32
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diferentes fundacións e entidades literarias avogan para que o Goberno galego faga unha declaración pública para que se inclúa a Galicia como membro asociado da UNESCO. Feito que vaise dar tanto no País Vasco como en Cataluña.

Asinado o día 19/01/2026 ás
11:32
Por Aitor Bouza Manso

Sendo Galicia como é unha comunidade histórica, o feito de que no queira ser incluída xunto ás xa mencionadas suporía unha inaceptable discriminación, tal e como sinalan máis de vinte fundacións entre as que se encontra a Fundación Rosalía de Castro, Pardo Bazán ou Otero Pedraio. Suporía ademais un impulso a nosa lingua e cultura. Pero desde a Xunta de Galicia xustifican esta negativa alegando que “Galicia está suficientemente representada no organismo polo goberno central» e que a incorporación como membro asociado, «sen voto», non variaría esta representación.

Aducen que esta nova incorporación suporía «un gasto duns recursos públicos» que poderían destinarse a medidas como a candidatura da Ribeira Sacra. Candidatura que decaeu no ano pasado. Cando desde o goberno central explicouse que mentres se tramita esta petición de incorporar as autonomías históricas como membro asociado, ían pedir que se desenvolvese un estatuto máis amplo para que os territorios puidesen «despregar as competencias» en materia cultural e de turismo.

Asinado o día 19/01/2026 ás
11:32
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

164644

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:34:22
Nº Rexistro: 46460
Data envío: 19/01/2026 11:34:22.085

Con unha reflexión inexplicable, Alfonso Rueda engadiu que: "estas peticións veñen a conta do de sempre, de ir cedendo e contentando a determinadas comunidades as que lle debe favores Pedro Sánchez", indicou en alusión aos nacionalistas cataláns e vascos. "A nós o que nos interesa é o rescate da AP-9 ou ter competencias sobre os permisos de traballo. Son decisións de autogoberno que interesan máis".

Tras estas declaracións, entendemos que desde o Goberno da Xunta de Galicia amósanse confundidos sobre os beneficios que suporía ser membro asociado da Unesco; máxime cando institucións como o Consello da Cultura Galega ou a Real Academia Galega avogan por que sexamos asociados.

Suporía un prestixio e recoñecemento institucional ao estar vencellado a un organismo das Nacións Unidas. Unha mellora da credibilidade social, cultural ou educativa; así como o feito de estar moi valorado en ámbitos como educación, cultura, cooperación, patrimonio ou dereitos humanos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que remita a esta Cámara galega, no prazo dun mes, un informe polos motivos que rexeita solicitar a petición de Galicia como membro asociado da UNESCO.
2. Informarse co Consello da Cultura Galega e coa Real Academia Galega sobre os beneficios que suporía ser membro asociado da UNESCO.

Santiago de Compostela, a 19 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

164645

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 19/01/2026 11:32:41

Aitor Bouza Manso na data 19/01/2026 11:32:48

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/01/2026 11:32:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:34:22
Nº Rexistro: 46460
Data envío: 19/01/2026 11:34:22.085

CSV: BOPGDSPG-OVLQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 11:34:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:34:22
Nº Rexistro: 46460
Data envío: 19/01/2026 11:34:22.085

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a intervención militar do estado de Israel na universidade palestina de Birzeit.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 6 de xaneiro, o exército do estado de Israel interveu militarmente no campus da Universidade de Birzeit, en Cixordania, durante a actividade académica, con varias persoas feridas. Este ataque produciuse durante unha protesta en solidariedade cos prisioneiros palestinos e, de acordo con varios medios de comunicación, varias dúcias de persoas resultaron feridas. Esta operación militar produciuse no interior do campus, entre varios edificios universitarios, como a Facultade de Dereito ou instalacións administrativas.

No día anterior, o exército de Israel contactara coa universidade para esixir a cancelación deste acto de protesta, feito que rexeitou a Universidade por tratarse dun acto pacífico. Segundo as informacións que recolle a prensa, o exército de Israel disparou e lanzou granadas e gas lacrimógeno durante o desenvolvemento das aulas, con estudantes e persoal universitario desprazándose polo campus.

Ademais disto, durante o ataque o exército sionista confiscou efectos persoais dos alumnos e alumnas, como ordenadores e outros equipos informáticos, co pretexto de que se estaban a utilizar nunha protesta en apoio dos presos palestinos nas cadeas de Israel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este é un dos ataques máis recentes e graves, mais non é a primeira vez que Israel ataca as universidades de Palestina desde outubro de 2023.

O dereito internacional protexe os espazos educativos e as persoas que forman parte deles, polo que esta intervención militar supón un novo ataque á legalidade por parte do estado sionista que, ademais, se produce no marco dun suposto cesar fogo.

As institucións deben manifestar unha rotunda condena a este novo ataque do estado xenocida de Israel, tal e como xa fixeron algunhas como a Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas (CRUE), para non seren cómplices, pola súa connivencia, coa cruel e ilegal actitude do estado sionista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a manifestar a súa rotunda condena ao ataque militar do estado de Israel contra a Universidade de Birzeit, en Cisjordania (Palestina) do pasado 6 de xaneiro”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 19/01/2026 11:57:42

Daniel Castro García na data 19/01/2026 11:57:48

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2026 11:57:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:58:54
Nº Rexistro: 46471
Data envío: 19/01/2026 11:58:54.591

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 11:58:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:58:54
Nº Rexistro: 46471
Data envío: 19/01/2026 11:58:54.591

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:00:59
Nº Rexistro: 46475
Data envío: 19/01/2026 12:00:59.746

Asinado o día 19/01/26
11:58
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) relativos ao Índice de Producción Industrial (IPI) correspondente ao mes de novembro de 2025, evidencian unha evolución preocupante da actividade industrial en Galicia. Mentres a media estatal rexistra un incremento interanual do 1,8%, Galicia experimenta unha caída do 2,2 %, confirmando unha fenda negativa crecente respecto do conxunto do Estado.

Asinado o día 19/01/2026 ás
11:58
Por Lara Méndez López

Esta evolución negativa resulta especialmente alarmante ao analizar a composición sectorial da produción industrial galega.

En termos interanuais, a produción de bens de consumo duradeiro descendeu un 13,6 % e a de bens de equipo un 11,7 %, dous ámbitos directamente vinculados á capacidade produtiva, ao investimento industrial e á xeración de emprego estable e cualificado. Pola contra, o incremento do 11,1 % nos bens de consumo non duradeiro reflicte un patrón produtivo máis feble, con menor valor engadido e menor capacidade de arrastre sobre o conxunto da economía. Este comportamento contrasta coa tendencia estatal, onde a produción industrial encadea seis meses consecutivos de crecemento na serie interanual e nove meses na serie corrixida de efectos estacionais e de calendario. Ademais, mentres comunidades autónomas como Castela e León ou Andalucía rexistran incrementos de dous díxitos, Galicia sitúase entre os territorios con

Asinado o día 19/01/2026 ás
11:58
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

164652

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:00:59
Nº Rexistro: 46475
Data envío: 19/01/2026 12:00:59.746

evolución negativa, evidenciando unha perda progresiva de peso industrial no contexto estatal.

Resulta tamén especialmente significativa a caída en ramas estratéxicas para a economía galega, como a industria do coiro e do calzado, outras industrias manufactureiras ou a fabricación de vehículos de motor, sectores clave tanto polo seu impacto no emprego como pola súa capacidade exportadora.

Estes datos poñen de manifesto a debilidade das políticas industriais desenvolvidas pola Xunta de Galicia nos últimos anos e a ausencia dunha estratexia real de reindustrialización, diversificación produtiva e apoio á modernización tecnolóxica do tecido industrial.

A persistencia desta tendencia ameaza con consolidar un modelo económico máis de-pendente, menos produtivo e con maiores dificultades para reter talento, atraer investimento e garantir emprego de calidade.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que o Goberno galego dea explicacións claras sobre esta evolución e adopte medidas urxentes e eficaces para reverter a perda de peso industrial de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e presentar, no prazo máximo de seis meses, un plan galego de reindustrialización sostible e xusto, que teña como obxectivo prioritario recuperar o peso da industria no PIB galego e converxer coa media estatal.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

164653

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:00:59
Nº Rexistro: 46475
Data envío: 19/01/2026 12:00:59.746

2. Reforzar os instrumentos públicos de apoio á industria, mellorando o acceso ao financiamento, á dixitalización, innovación e á transición ecolóxica das empresas industriais galegas, especialmente das pemes e os sectores afectados pola política arancelaria dos Estados Unidos.
3. Impulsar unha política industrial coordinada coas universidades e centros tecnolóxicos, orientada á modernización do tecido produtivo e á retención de talento en Galicia.
4. Informar periodicamente ao Parlamento de Galicia sobre a evolución da produción industrial e o grao de execución das políticas públicas destinadas ao fortalecemento do sector industrial.

Santiago de Compostela, a 19 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

164654

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/01/2026 11:58:00

Lara Méndez López na data 19/01/2026 11:58:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/01/2026 11:58:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:00:59
Nº Rexistro: 46475
Data envío: 19/01/2026 12:00:59.746

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 12:01:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:00:59
Nº Rexistro: 46475
Data envío: 19/01/2026 12:00:59.746

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:03:50
Nº Rexistro: 46481
Data envío: 19/01/2026 12:03:50.416

Asinado o día 19/01/2026 ás 11:59
Por Elena Espinosa Mangana

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O progresivo envellecemento da poboación galega constitúe un dos principais retos sociais do noso país, especialmente en concellos de tamaño medio como Noia, onde a demanda de recursos públicos de atención ás persoas maiores é cada vez maior. A existencia de servizos de proximidade que garantan unha atención digna, profesional e continuada resulta fundamental para favorecer o benestar das persoas maiores, a súa autonomía persoal e a conciliación das súas familias.

Na actualidade, o Concello de Noia carece dun centro de día público que dea resposta axeitada ás necesidades da poboación maior dependente ou en risco de dependencia. Esta carencia supón unha eiva relevante na rede de servizos sociais do municipio e obriga a moitas familias a desprazamentos innecesarios ou a asumir custos económicos elevados.

Conscientes desta situación, desde o Concello de Noia realizouse unha solicitude formal de reunión á Consellería de Política Social por parte do alcalde socialista, Francisco Pérez, avalado por un acordo plenario do concello, co obxectivo de abordar de maneira urxente a construción dun centro de día para persoas maiores na localidade. Trátase dunha demanda prioritaria para o municipio, amplamente compartida polo tecido social e polas persoas maiores, que reclaman un coidado digno durante a vellez.

Asinado o día 19/01/2026 ás 11:59
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 19/01/2026 ás 11:59
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

164657

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:03:50
Nº Rexistro: 46481
Data envío: 19/01/2026 12:03:50.416

O Concello de Noia manifestou, ademais, a súa total disposición a colaborar neste proxecto, ofrecendo a cesión de terreos municipais para a construción do centro de día, o que evidencia unha clara vontade de cooperación institucional e de corresponsabilidade na prestación dos servizos sociais.

Porén, ata o de agora non se produciu unha resposta efectiva por parte da Xunta de Galicia que permita avanzar na materialización deste equipamento esencial. Cómpre lembrar que a atención ás persoas maiores é unha competencia compartida, que require lealdade institucional, planificación e compromiso real por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto, resulta necesario instar a Xunta de Galicia, e en particular á Consellería de Política Social, a que se implique de maneira activa na construción dun centro de día en Noia, atendendo á demanda social existente e aproveitando a disposición do Concello para facilitar os medios necesarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer, con carácter inmediato, unha canle de diálogo e colaboración co Concello de Noia para abordar a construción dun centro de día para persoas maiores na localidade.
2. Manter unha reunión institucional coa maior brevidade posible entre a Consellería de Política Social e o alcalde de Noia para analizar as necesidades existentes e definir un calendario de actuacións.
3. Comprometer financiamento autonómico para a construción e posta en funcionamento dun centro de día para persoas maiores en Noia, en colaboración co concello, que xa manifestou a súa disposición a ceder terreos municipais para este fin.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

164658

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:03:50
Nº Rexistro: 46481
Data envío: 19/01/2026 12:03:50.416

4. Garantir que o futuro centro de día forme parte da rede pública de servizos sociais, asegurando unha atención de calidade, accesible e adaptada ás necesidades das persoas maiores do municipio.

Santiago de Compostela, a 19 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

164659

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/01/2026 11:59:30

Silvia Longueira Castro na data 19/01/2026 11:59:36

Elena Espinosa Mangana na data 19/01/2026 11:59:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/01/2026 11:59:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:03:50
Nº Rexistro: 46481
Data envío: 19/01/2026 12:03:50.416

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 12:03:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:03:50
Nº Rexistro: 46481
Data envío: 19/01/2026 12:03:50.416

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a demanda social e institucional para o goberno da Xunta retirar a reforma da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza aprobada na Lei de medidas fiscais de administrativas que acompaña a Lei de orzamentos da Xunta para 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A piques de se cumprir dez anos da aprobación da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza, o Partido Popular decide unilateralmente dar un paso máis na devaluación da lei para avanzar na desprotección do inmenso e vizoso patrimonio cultural galego.

O goberno do PP na Xunta defende esta mudanza pola porta de atrás e sen ningún tipo de consulta nin aval social ou institucional como unha “reforma para mellorar a xestión, axilizar os trámites e reforzar a implicación dos concellos na protección do patrimonio cultural”.

Mais o certo é que o que pretende agochar é unha delegación masiva de competencias nos concellos, nos ámbitos protexidos do patrimonio cultural, volvendo sobrecargar co peso de máis competencias impropias a responsabilidade e a xestión nas administracións locais, que, por outra parte, non teñen capacidade, medios, persoal especializado nin recursos para informar nin actuar no ámbito do patrimonio cultural. Isto terá como consecuencia unha total disparidade de criterios na aplicación da norma e a consecuente desprotección do patrimonio.

Asinado o día 19/01/2026 ás
12:23
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 19/01/2026 ás
12:23
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

De novo, o PP actúa mediante a política de feitos consumados, isto é, sen establecer unha negociación previa cos concellos que agora sen enfrontan directamente e sen os recursos precisos, na súa maioría, á xestión de practicamente o 90% do patrimonio cultural do noso país.

Desde que foi coñecida a intención da Xunta, foron numerosas as voces que publicamente deixaron constancia da súa preocupación polas intencións reais do PP e das consecuencias negativas para a protección e conservación do patrimonio que é herdanza colectiva da sociedade galega.

Desde o órgano estatutario e principal asesor do goberno en materia cultural que é o Consello da Cultura Galega até a FEGAMP, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galiza, a Facultade de Xeografía e Historia da USC, a Real Academia Galega de Belas Artes, a Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego, entre outros, están a demandar a suspensión desta modificación da Lei de Patrimonio Cultural, así como reforzar con máis técnicos as unidades da Patrimonio da Xunta de Galiza para axilizar a tramitación de expedientes.

Esta modificación do goberno de Rueda ten como orixe o caos e colapso en que están os servizos de patrimonio cultural e os atrasos nas autorizacións. A Xunta non fixo nada para resolver o problema, por exemplo incrementando o persoal técnico para xestionar as autorizacións. Ou fíxoo de maneira chapuceira contratando informes arqueolóxicos a través de TRAGSA, o que foi considerado ilegal polo TSXG.

A Xunta está a responsabilizar os concellos dunha competencia que é exclusiva da Xunta, isto é, está a renunciar a exercer as súas competencias na protección do patrimonio cultural. Unha decisión que compromete e pon en risco boa parte da herdanza cultural que conforma a nosa identidade como pobo, e que deberíamos legar ás seguintes xeracións.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a respectar e exercer o seu marco competencial en materia de protección e conservación do patrimonio cultural coa retirada da reforma da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza aprobada na Lei de medidas fiscais de administrativas que acompaña a Lei de orzamentos da Xunta para 2026.

Asemade, insta a Xunta a reforzar a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural cos recursos técnicos e humanos precisos que permita axilizar os procedementos que son da súa competencia e ofertar un servizo estábel e eficaz de asesoramento aos concellos cando o demandaren”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2026 12:23:24

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2026 12:23:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:24:54
Nº Rexistro: 46488
Data envío: 19/01/2026 12:24:54.811

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 12:24:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:24:54
Nº Rexistro: 46488
Data envío: 19/01/2026 12:24:54.811

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a mellora da seguridade viaria na estrada PO 548 en Valga, nomeadamente no Alto de Cordeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO-548, pertencente á Rede Primaria Básica Autonómica, comunica Pontecesures con Vilagarcía atravesando Valga e Catoira. Trátase dunha vía con unha alta intensidade de tráfico e treitos con problemas de elevada sinistralidade e falta de seguridade viaria.

O Alto de Cordeiro, no concello de Valga é un dos tramos máis perigosos desta vía e no que desde hai anos se veñen rexistrando numerosos accidentes froito dunha combinación de factores que non están a ser corrixidos pola Xunta de Galiza: trátase dun treito con curvas perigosas e interseccións mal resoltas aos que se suma unha grave falta de mantemento das rozas e da limpeza das marxes, unha situación que se repite ano tras ano e converte este treito nun auténtico punto negro da PO-548

A vexetación sen rozar invade as marxes da estrada soltando restos de vexetación na propia calzada especialmente tras episodios de choiva ou vento; estes restos quedan espallados sobre o asfalto reducindo a adherencia dos vehículos e incrementando o risco de saídas de vía especialmente nas curvas. A acumulación de pólas contribúe tamén a dificultar a visibilidade, aumentando de maneira directa a sinistralidade neste tramo

Asinado o día 19/01/2026 ás
13:50
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 19/01/2026 ás
13:50
Por Luis Bará Torres



A perigosidade deste punto vese agravada pola presenza habitual de fauna salvaxe sen que existan medidas eficaces de prevención.

Neste treito da estrada PO548 sitúanse numerosos accesos a equipamentos públicos e espazos que xeran moito tráfico como o colexio, o tanatorio, o pavillón polideportivo, o ximnasio e a Igrexa Vella, aos que se suman os accesos ao Miradoiro de Beiro.

Cómpre salientar tamén a existencia de interseccións especialmente conflitivas como o do Camiño Real en Beiro onde se realizou un desmorte sen que se acompañase dunha solución integral de seguridade viaria así como a intersección superior cara a Vilar que continúa presentando importantes problemas de visibilidade e seguridade e que require dunha revisión técnica profunda e actuacións específicas.

Fóra do Alto de Cordeiro a PO-548 continúa acumulando deficiencias graves como ocorre na recta de Campaña onde as beirarrúas están levantadas e moi deterioradas, o que supón un risco evidente para as persoas que se desprazan a pé. A falta de mantemento dos espazos axardinados e das rotondas así como as beiravías sen limpar provoca unha deficiente estado da estrada.

A esta situación de abandono súmase un feito especialmente preocupante xa que a PO-548 é unha das estradas con maiores niveis de contaminación acústica de toda Galiza segundo os Mapas Estratéxicos de Ruído dos grandes eixes viarios da Rede Autonómica de Estradas e o Plan de Acción contra a Contaminación Acústica, situación que afecta directamente á saúde e á calidade de vida da veciñanza que vive na súa contorna.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a levar a cabo unha mellora integral da seguridade viaria na estrada autonómica PO-548 ao seu paso polo concello de Valga, impulsando as seguintes actuacións:

- o mantemento integral da estrada con especial atención á limpeza de vexetación e limpeza das marxes e do firme;

- actuacións de mellora da seguridade e prevención da sinistralidade nas curvas do Alto de Cordeiro:

- medidas de seguridade viaria nas interseccións con outras vías e accesos a equipamentos sociais, culturais, educativos e deportivos na zona do Alto do Cordeiro;

- medidas de prevención fronte á fauna salvaxe;

- actuacións de mellora da mobilidade peonil, accesibilidade e mantemento de beirarrúas na recta de Campaña;

- medidas para reducir a contaminación acústica”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 19/01/2026 13:50:01

Paulo Ríos Santomé na data 19/01/2026 13:50:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 13:51:16
Nº Rexistro: 46506
Data envío: 19/01/2026 13:51:16.347

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 13:51:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 13:51:16
Nº Rexistro: 46506
Data envío: 19/01/2026 13:51:16.347

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46510
Data envío: 19/01/2026 14:03:01.411

Asinado o día 19/01/2026 ás 14:01
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Noa Presas Bergantiños** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a adxudicación por parte do goberno galego dos CIM móbiles, a previsión de posta en funcionamento e de coordinación con outras administracións e entidades.

Asinado o día 19/01/2026 ás 14:01
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de agosto de 2025, máis dun ano despois dos primeiros anuncios do goberno do Partido Popular respecto de impulsar “CIM móbiles” ao longo do país, o goberno da Xunta avanzaba na súa liña de privatización dos servizos públicos e no canto de organizar este novo servizo ao abeiro do sistema público lanzaba unha licitación por un valor estimado de 1.006.885,04 con IVE difundíndoa a través da plataforma de contratos públicos de Galiza.

Desde entón, malia as preguntas e solicitudes de información deste Grupo Parlamentario, o goberno da Xunta non aclarou como vai funcionar este recurso, nin tampouco cos axentes e entidades cos que terá que traballar. Máis aínda, o goberno limitouse a afirmacións xenéricas como que atenderían os campus, o cal é unha contradición coas primeiras informacións, nas que se supón que irían cubrir partes do territorio sen servizos.

Asinado o día 19/01/2026 ás 14:01
Por Noa Presas Bergantiños

Con evidente atraso, publicouse no perfil do contratante da Consellería de Política Social e Igualdade a resolución favorable para adxudicarlle o contrato do servizo de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

CIM's MÓBILES á empresa Marexada, Deporte, Lecer e Cultura, S o día 15 de xaneiro de 2026, pendente neste momento de formalización.

Esta situación fai precisa unha aclaración por parte do goberno galego das previsións de funcionamento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir á Cámara galega a documentación referente aos estudos, avaliacións e previsións elaboradas para a posta en marcha do recurso dos CIM móbiles así como a información referente á regulación, protocolos e pautas de funcionamento que van rexer.
2. Comprometerse unha calendarización para recuperar este servizo para o sistema público de forma que se preste directamente a través da Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2026 14:01:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/01/2026 14:01:25

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2026 14:01:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46510
Data envío: 19/01/2026 14:03:01.411

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:03:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46510
Data envío: 19/01/2026 14:03:01.411

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:18:22
Nº Rexistro: 46642
Data envío: 19/01/2026 18:18:22.167

Asinado o día 19/01/2026 ás 18:16
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego do impacto na economía da evolución do IPC.

Asinado o día 19/01/2026 ás 18:16
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o pasado 15 de xaneiro de 2026 coñeciamos o informe máis recente do Instituto Galego de Estatística verbo da evolución do Índice de Prezos ao Consumo con datos correspondentes a decembro de 2025. Neste sentido, cómpre lembrar que, como xa advertiu o Bloque Nacionalista Galego no debate orzamentario, a crise de prezos, lonxe de se resolver, está a ser cronificada e especialmente impactante no que ten que ver co prezo de elementos esenciais como os alimentos.

Así as cousas, o IPC de Galiza aumentou o 2,6 % en taxa interanual, respecto a novembro, os prezos aumentaron o 0,2 % e a variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi do 2,1 % salientando que respecto das variacións interanuais todos os grupos rexistran taxas de variación interanual positivas.

Asinado o día 19/01/2026 ás 18:16
Por Noa Presas Bergantiños

En todo caso, cómpre ver a evolución de forma máis ampla, xa que é o que nos permite afondar nas repercusións para a clase traballadora desta situación e tamén para os sectores máis vulnerables e empobrecidos. Así, se por exemplo atendemos á evolución d cesta da compra sufriu un encarecemento incesante nos últimos once anos,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

cunha suba acumulada que roza o 50% desde 2014. Así mesmo, tanto enquisas como informes específicos indican a forte preocupación da cidadanía respecto dos prezos da vivenda e como agravan o empobrecemento. Así, podemos sinalar por exemplo como o mercado inmobiliario galego acadou fitos históricos recentemente superando o máximo histórico de prezos de alugueiro no mes de xuño. Con exemplos coma este certifícase a realidade que recolle o 15º Informe EAPN-ES (2025) de que a problemática da vivenda é xa un dos principais factores que xeran pobreza e exclusión social no noso país.

Por todos estes motivos, é necesario que a Xunta de Galiza saia da súa pasividade e se active na avaliación desta situación e na posta en marcha de medidas acordadas e extraordinarias.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a constituír unha mesa de traballo ao abeiro do Consello Económico e Social para a elaboración dunha diagnose sobre o impacto nos distintos sectores sociais e da economía galega da evolución da carestía da vida e as medidas a impulsar desde o autogoberno galego. Dito informe será remitido á Cámara galega para o seu debate e presentación de propostas de resolución”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2026 18:16:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2026 18:16:42

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2026 18:16:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:18:22
Nº Rexistro: 46642
Data envío: 19/01/2026 18:18:22.167



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 18:18:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:18:22
Nº Rexistro: 46642
Data envío: 19/01/2026 18:18:22.167

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**, sobre a necesidade de introducir flexibilizades, simplificacións nos procedementos e modificacións no Regulamento europeo de control da pesca

Exposición de Motivos

O Regulamento (UE) 2023/2842 do Parlamento Europeo e do Consello de 22 de novembro de 2023 polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se modifican os Regulamentos (CE) n.º 1967/2006 e (CE) n.º 1005/2008 do Consello e os Regulamentos (UE) 2016/1139, (UE) 2017/2403 e (UE) 2019/473 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao control da pesca establece importantes modificacións no marco regulatorio do control e trazabilidade da actividade pesqueira na Unión Europea.

Durante o seu proceso de elaboración e aprobación, Galicia e o seu sector pesqueiro traballou abondosamente na achega de suxestións e propostas que recollían as particularidades da actividade nas nosas augas, especialmente no referente á pesca de baixura e do marisqueo. Froito dese traballo xurdiron dous ditames do Consello Galego de Pesca, atendendo aos dous procesos de elaboración realizados en dous mandatos diferentes do marco decisivo europeo, e varias iniciativas no seo do Parlamento de Galicia.

A maiores, chegado o momento da decisión adoptada mediante un procedementos de “trílogo” entre o parlamento Europeo, o Consello e a Comisión, Galicia mantivo contactos e xerou propostas que trasladou a todos os ámbitos, reuníndose tanto co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo coma co ministro portugués de Pesca e a Secretaría General de Pesca, como encargados da Presidencia de quenda e da representación do Reino de España nestas negociacións. Asemade, tamén se reuniu coa director xeral de Pesca da Comisión Europea co mesmo propósito.

Con todo, o proceso negociador que levou anos culminou nun texto que impón novas obrigas ás nosas frotas e que recolle tamén certas adecuacións como a obriga de desembarque para o marisqueo a pé nos mesmos termos que se fai en Galicia.



Amais, e no relativo á aplicación práctica do regulamento, este establece na súa exposición de motivos (*considerandos*) e na súa parte dispositiva, determinadas flexibilidades, exencións e medidas de simplificación que resultan de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia, e que foron comunicadas a Madrid en febreiro de 2024 co gallo de que se aplicasen e tivesen en conta para evitar problemas no día a día e se xerara un necesario marco de trazabilidade (que o propio sector acepta e demanda) sen menoscabar a actividade diaria e a imposición de burocracia indebida.

Así, desde a Consellería do Mar trasladaron á Secretaría General de Pesca un total de 23 propostas entre as que se atopan a da exención de determinadas categorías de buques pesqueiros da obriga de completar e presentar unha notificación previa e unha declaración de transbordo; a exención para determinadas poboacións de la obriga de estibar por separado as poboacións demersais suxeitas a plans plurianuais; as normas sobre procedementos de pesada e as normas especiais relativas ás pequenas especies peláxicas ou as normas sobre inspeccións das autoridades competentes dos Estados membros e dos operadores.

Isto engadiuse a unha petición mantida no tempo (procedente xa do Regulamento 1224/2009) para simplificar as normas que condúzan á existencia de notificar as capturas a todos os buques pesqueiros. No caso da notificación previa de desembarque de capturas, aplicable a barcos 12 ou máis metros –e non so a pesqueiros suxeitos a plans plurianuais- pedíanse medidas que facilitasen un período de notificación previa máis breve.

Isto é factible en canto a que o artigo 17.1 bis. do Regulamento de Control sinala que *“El Estado miembro ribereño en el que tenga lugar el desembarque podrá establecer un período más breve para la notificación previa a que se refiere el apartado 1 en lo relativo a determinadas categorías de buques pesqueros de la Unión, teniendo en cuenta el tipo de productos de la pesca y la distancia entre los caladeros y el puerto o lugar de desembarque, siempre que dicho período de notificación previa más breve no perjudique la capacidad de dicho Estado miembro para llevar a cabo inspecciones. Dicho Estado miembro ribereño hará público ese plazo de notificación previa más breve y lo comunicará sin demora a la Comisión.”*

No caso de Galicia, a existencia de medios propios de inspección pesqueira, sumadas aos despregados polo Goberno Central, fan factible que medios humanos de inspección estean presentes en calquera punto da costa ou instalación portuaria en menos de media hora, posibilitando esta inspección. Parece sensato que si os nosos mariñeiros “sofren” este importante depregamento de medios humanos de inspección, teñan vantaxes tamén á hora de traballar, facendo deste feito o apoio a esta demanda de flexibilidade. Amais, a necesidade de xerar notas de venda e controis en lonxa





aumenta a seguridade dese control ex-post á notificación de preaviso, facendo máis robusto o control.

Por tanto, é factible adaptar este regulamento e as súas disposicións de mellor maneira ás especificidades da nosa frota, facendo viable unha trazabilidade plena da actividade a prol da diferenciación dos produtos do mar de Galicia sen afectar á actividade diaria da nosa xente do mar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1.- Incorporar todas as flexibilidades posibles dentro da aplicación do Regulamento (UE) 2023/2842 do Parlamento Europeo e do Consello de 22 de novembro de 2023 no que respecta ao control da pesca, con especial incidencia na notificación de preaviso, que debería quedar fixada en media hora.
- 2.- Formular unha mellora e simplificación dos procesos de notificación dixital de capturas e actividade, xerando un novo modelo máis intuitivo, rápido na súa cumprimentación e de menor previsión de comisión de erros involuntarios por parte das persoas encargadas deste trámite..
- 3.- Dirixirse á Comisión Europea a xerar unha proposta de modificación do Regulamento (UE) 2023/2842 do Parlamento Europeo e do Consello de 22 de novembro de 2023 no que respecta ao control da pesca en función das análises de evolución da aplicación do mesmo e da previsible revisión da Política Común de Pesca.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/01/2026 18:29:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:29:56
Nº Rexistro: 46647
Data envío: 19/01/2026 18:29:56.328

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 18:29:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:29:56
Nº Rexistro: 46647
Data envío: 19/01/2026 18:29:56.328

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días fixéronse públicas diversas queixas de persoas usuarias da liña de transporte interurbano por estrada que conecta Ferrol e A Coruña, nas que se denuncia unha situación reiterada de saturación do servizo, con vehículos completos e persoas que non puideron acceder ao autobús, quedando sen posibilidade de realizar o desprazamento previsto.

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:14
Por Carlos López Font

Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta que se trata dunha conexión fundamental para a mobilidade diaria de traballadoras e traballadores, estudantes e cidadanía en xeral, nun eixo territorial estratéxico que verteбра dúas das principais cidades da provincia da Coruña e a súa contorna.

A falta de capacidade suficiente e de frecuencias axeitadas nas horas de maior demanda evidencia unha planificación deficiente do servizo, que non responde ás necesidades reais da poboación usuaria. O transporte público interurbano debe ser unha alternativa fiable ao vehículo privado, garantindo regularidade, accesibilidade e prazas suficientes, especialmente nun contexto no que é necesario avanzar cara a unha mobilidade máis sostible e socialmente xusta.

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:14
Por Aitor Bouza Manso

Cómpre lembrar, ademais, que o transporte público por estrada é unha peza clave para a conectividade de Ferrol e da súa comarca co resto do territorio galego. Para moitas persoas, o autobús constitúe a principal —cando non a única— opción de mobilidade para acceder ao emprego, aos estudos, aos servizos



públicos ou ás relacións sociais, polo que garantir un servizo axeitado, suficiente e fiable resulta esencial para evitar o illamento territorial e asegurar a igualdade de oportunidades da cidadanía de Ferrolterra.

O Goberno galego, como administración competente en materia de transporte interurbano por estrada, ten a responsabilidade de supervisar, planificar e garantir un servizo público de calidade, evitando situacións nas que a cidadanía queda sen acceso a un dereito básico como é a mobilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar de maneira inmediata unha avaliación exhaustiva do funcionamento da liña de autobús entre A Coruña e Ferrol, analizando a capacidade dos vehículos, as frecuencias actuais e a adecuación do servizo á demanda real existente.

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/01/2026 11:14:28

Carlos López Font na data 20/01/2026 11:14:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/01/2026 11:14:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:20:42
Nº Rexistro: 46719
Data envío: 20/01/2026 11:20:42.358

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 11:20:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:20:42
Nº Rexistro: 46719
Data envío: 20/01/2026 11:20:42.358

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días fixéronse públicas diversas queixas de persoas usuarias da liña de transporte interurbano por estrada que conecta Ferrol e A Coruña, nas que se denuncia unha situación reiterada de saturación do servizo, con vehículos completos e persoas que non puideron acceder ao autobús, quedando sen posibilidade de realizar o desprazamento previsto.

Asinado o día 20/01/2026 ás 11:14
Por Carlos López Font

Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta que se trata dunha conexión fundamental para a mobilidade diaria de traballadoras e traballadores, estudantes e cidadanía en xeral, nun eixo territorial estratéxico que vertebra dúas das principais cidades da provincia da Coruña e a súa contorna.

A falta de capacidade suficiente e de frecuencias axeitadas nas horas de maior demanda evidencia unha planificación deficiente do servizo, que non responde ás necesidades reais da poboación usuaria. O transporte público interurbano debe ser unha alternativa fiable ao vehículo privado, garantindo regularidade, accesibilidade e prazas suficientes, especialmente nun contexto no que é necesario avanzar cara a unha mobilidade máis sostible e socialmente xusta.

Asinado o día 20/01/2026 ás 11:14
Por Aitor Bouza Manso

Cómpre lembrar, ademais, que o transporte público por estrada é unha peza clave para a conectividade de Ferrol e da súa comarca co resto do territorio galego. Para moitas persoas, o autobús constitúe a principal —cando non a única— opción de mobilidade para acceder ao emprego, aos estudos, aos servizos



públicos ou ás relacións sociais, polo que garantir un servizo axeitado, suficiente e fiable resulta esencial para evitar o illamento territorial e asegurar a igualdade de oportunidades da cidadanía de Ferrolterra.

O Goberno galego, como administración competente en materia de transporte interurbano por estrada, ten a responsabilidade de supervisar, planificar e garantir un servizo público de calidade, evitando situacións nas que a cidadanía queda sen acceso a un dereito básico como é a mobilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e poñer en marcha un plan de reforzo do servizo que inclúa o incremento de frecuencias e de prazas dispoñibles nas franxas horarias de maior demanda, co obxectivo de evitar situacións de saturación e de persoas usuarias que queden sen poder acceder ao autobús.

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/01/2026 11:14:50

Carlos López Font na data 20/01/2026 11:14:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/01/2026 11:15:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:21:37
Nº Rexistro: 46721
Data envío: 20/01/2026 11:21:37.873

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 11:21:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:21:37
Nº Rexistro: 46721
Data envío: 20/01/2026 11:21:37.873

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días fixéronse públicas diversas queixas de persoas usuarias da liña de transporte interurbano por estrada que conecta Ferrol e A Coruña, nas que se denuncia unha situación reiterada de saturación do servizo, con vehículos completos e persoas que non puideron acceder ao autobús, quedando sen posibilidade de realizar o desprazamento previsto.

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:15
Por Carlos López Font

Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta que se trata dunha conexión fundamental para a mobilidade diaria de traballadoras e traballadores, estudantes e cidadanía en xeral, nun eixo territorial estratéxico que vertebra dúas das principais cidades da provincia da Coruña e a súa contorna.

A falta de capacidade suficiente e de frecuencias axeitadas nas horas de maior demanda evidencia unha planificación deficiente do servizo, que non responde ás necesidades reais da poboación usuaria. O transporte público interurbano debe ser unha alternativa fiable ao vehículo privado, garantindo regularidade, accesibilidade e prazas suficientes, especialmente nun contexto no que é necesario avanzar cara a unha mobilidade máis sostible e socialmente xusta.

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:15
Por Aitor Bouza Manso

Cómpre lembrar, ademais, que o transporte público por estrada é unha peza clave para a conectividade de Ferrol e da súa comarca co resto do territorio galego. Para moitas persoas, o autobús constitúe a principal —cando non a única— opción de mobilidade para acceder ao emprego, aos estudos, aos servizos



públicos ou ás relacións sociais, polo que garantir un servizo axeitado, suficiente e fiable resulta esencial para evitar o illamento territorial e asegurar a igualdade de oportunidades da cidadanía de Ferrolterra.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno de España ten o deber constitucional, legal e democrático de garantir a protección, promoción e financiamento das linguas cooficiais do Estado. A Constitución recoñece a pluralidade lingüística como un patrimonio cultural que debe ser respectado e amparado, non só polas comunidades autónomas onde estas linguas son propias, senón tamén polas institucións centrais do Estado. As linguas cooficiais forman parte da identidade colectiva de millóns de cidadáns e son unha expresión fundamental da diversidade cultural de España.

O financiamento estatal é imprescindible para asegurar a igualdade real entre as linguas e os territorios, respectando a diversidade e entendéndose como unha ferramenta chave, que nunca pode ser empregada como moeda de cambio, en función das necesidades políticas de cada goberno.

O investimento nas linguas cooficiais non debe ser considerado un privilexio nin un gasto superfluo, senón unha obriga derivada do principio de igualdade, da cohesión social e do respecto á diversidade.

Neste senso, Galicia debe poñer de manifesto a vexación á que nos últimos anos está sendo sometida por parte dun Goberno central que discrimina, de maneira reiterada, a lingua galega. Adoptando criterios de reparto desiguais e beneficiosos para outros territorios, segundo llo esixen os seus socios de investidura.

Asinado o día 22/01/2026 ás
10:02
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar diante do Goberno de España un maior financiamento para a lingua galega, respectando o principio de igualdade entre as comunidades autónomas”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 10:02:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:03:00
Nº Rexistro: 47191
Data envío: 22/01/2026 10:03:00.125

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 10:03:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:03:00
Nº Rexistro: 47191
Data envío: 22/01/2026 10:03:00.125

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia converteuse no ano 2020 na primeira Comunidade autónoma en aplicar a gratuidade de todas as escolas infantís para todas as familias con dous ou máis fillos.

Unha medida que desde o curso 2022-2023 ampliouse ao 100% do alumnado, permitindo que hoxe máis de 32.000 familias poidan acudir a unha escola infantil sen pagar nada pola atención educativa dos máis pequenos

A gratuidade converteu a Galicia nunha Comunidade de referencia, que tratan de emular ou imitar outros territorios. E converteunos tamén en líder absoluto na escolarización de 0 a 3 anos con preto do 65% dos nenos e nenas de 0 a 3 anos matriculados, 15 puntos por riba da media estatal. Co programa de gratuidade das escolas máis extenso: ata 8 horas ao día e 11 meses ao ano.

Asinado o día 22/01/2026 ás
10:58
Por Alberto Pazos Couñago





A gratuidade da educación infantil en Galicia é un programa financiado ao 100% con fondos da Xunta, ao que destina cada ano 65 millóns de euros, fronte aos 0 euros que aporta o Goberno do señor Sánchez.

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que a gratuidade das escolas infantís non debería ser unha medida integramente sufragada pola Xunta de Galicia e onde o Goberno central non faga ningunha achega.

Estamos ante unha nova demostración de falla de compromiso que o Executivo central ten coas familias. Recordemos o anuncio que fixo o ano pasado o señor Pedro Sánchez de poñer en marcha un programa dotado con 175 millóns de euros, para toda España, provintes do Fondo Social Europeo Plus para garantir o acceso á educación infantil e en varios cursos.

Unha aportación claramente insuficiente tendo en conta que só en Galicia se destinan anualmente máis de 65 millóns de euros.

Atopámonos xa no ano 2026 e dese anuncio nada se sabe. Unha promesa máis incumprida ao que xa nos ten acostumados o señor Sánchez.

—

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España a cofinanciar, 50% Estado 50% Comunidade Autónoma, a gratuidade das escolas infantís 0-3 da nosa Comunidade”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 10:58:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:58:43
Nº Rexistro: 47287
Data envío: 22/01/2026 10:58:43,337

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 10:58:43
Nº Rexistro: 47287
Data envío: 22/01/2026 10:58:43,337

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 10:58:44

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Pleno** sobre a demanda ao Goberno galego para que fomente a contratación de seguros agrarios polas explotacións agrogandeiras e forestais galegas

As explotacións agrogandeiras e forestais enfróntanse a riscos imprevisibles os cales lles poden afectar de xeito drástico aos rabaños, colleitas e/ou producións, comprometendo a súa viabilidade económica.

Na produción vexetal, destaca a posibilidade da destrución das colleitas ou das masas arbóreas como consecuencia de sinistros meteorolóxicos extemporáneos, que posúen unha tendencia a aumentar a medida que evoluciona o cambio climático. As xeadas, salpedreses, inundacións, temporais ou secas son algunhas das principais causas de perdas económicas.

Certamente, tanto a ocorrencia como o impacto destes sinistros en Galicia é moito inferior que noutras comunidades do noso país. Non obstante, temos que estar igualmente preparados para capear estas potenciais situacións, así como para tratar a aparición de enfermidades ou accidentes fortuítos que poden afectar ás mandas, e que supoñen a perda de animais ou das producións nas explotacións gandeiras galegas. Eliminar a incerteza económica derivada destas circunstancias é un dos grandes desexos do sector produtor e, por suposto, das administracións públicas.

A estes efectos, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, cremos firmemente que o seguro agrario é un factor de enorme estabilidade para o sector, ademais dun instrumento para garantir as rendas agrarias. Neste eido, somos conscientes de que, aínda sendo voluntarios, existe unha motivación por parte da Consellería do Medio Rural en favor dos seguros das explotacións agrarias profesionais, incentivando a súa contratación.

A medida coa que máis se fomentan os seguros é a da subvención directa, sen trámites adicionais para o asegurado. O incremento do nivel do seguro agrario beneficia aos agricultores e gandeiros, na medida en que teñen unha maior protección sobre as súas producións.





Por extensión, esta maior seguridade repercute tamén na poboación en xeral, xa que ampara a produción de alimentos sans e seguros por parte das axentes do sector primario. Nesta liña, cómpre sinalar que, neste 2026, destínanse un total de 9,5 millóns de euros ás axudas para fomentar a contratación destes seguros.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a consolidar e desenvolver todas as medidas de apoio necesarias para seguir incentivando a contratación dos seguros agrarios e impulsar especificamente a contratación dos mesmos nas explotacións agrogandeiras e forestais da nosa comunidade”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 11:12:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:12:50
Nº Rexistro: 47306
Data envío: 22/01/2026 11:12:50.439

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:12:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:12:50
Nº Rexistro: 47306
Data envío: 22/01/2026 11:12:50.439

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Entre os desafíos que enfronta Galicia, como tamén ocorre no resto do noso país, atópase o colectivo de persoas autónomas. Este ano 2026 seguiremos igualmente comprometidos, convocando as axudas existentes e mantendo as bonificacións dispoñibles, dun xeito ordenado, como se fixo no pasado ano 2025.

A través dun paquete de axudas único, incluíranse todas as achegas específicas do colectivo, coa finalidade de reducir a burocracia e axilizar a tramitación das axudas, facendo uso do noso carácter de Administración facilitadora.

Entre ditas contribucións, pódese mencionar o *Programa de promoción do emprego autónomo*, o *Bono autónomo*, o *Programa Nova Oportunidade*, o *Bono Remuda xeracional de negocios* ou a *Conciliación das persoas autónomas*, así como as axudas ao emprendemento, entre outras.

Todas elas, achegas que seguen enmarcadas na Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027, continúa consagrándose como rexedora das políticas públicas de apoio ao traballo autónomo durante os próximos anos, fornecendo o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade dos novos proxectos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir desenvolvendo, consolidando e reforzando as políticas públicas de apoio ás persoas autónomas, garantindo a convocatoria das axudas dirixidas a favorecer a actividade e o inicio deste colectivo, así como a mellora da súa competitividade, adaptación e continuidade dos seus proxectos profesionais”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 11:40:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:41:01
Nº Rexistro: 47317
Data envío: 22/01/2026 11:41:01.840

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:41:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:41:01
Nº Rexistro: 47317
Data envío: 22/01/2026 11:41:01.840

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno galego ten, entre as súas prioridades principais o coidado coa nosa mocidade. A xuventude galega é o mellor activo co que contamos, por iso, é prioritaria nas nosas políticas de emprego e lle brindamos todo o apoio que precisen para captar e reter o seu talento.

Neste contexto, no mes de abril do ano 2025, aprobouse un novo Plan Estratéxico de Xuventude 2025-2027 no cal se inclúe a Estratexia Mocidade Activa, que comporta todas aquelas achegas encamiñadas a impulsar o emprego xuvenil en Galicia.

Ao longo do ano 2026, o Goberno galego xa ten anunciado que continuará impulsando programas específicos dirixidos á xuventude, coma o *Programa Primeira experiencia profesional das persoas mozas*, o *Programa Galicia Emprega Moz@s*, o *Programa Investigo* ou o *Programa Cooperas*, entre outros, orientados a facilitar o acceso ao emprego, á adquisición de experiencia laboral e á inserción en sectores estratéxicos.

Como ocorre coa mocidade, tamén prestamos especial atención ás mulleres, sobre todo, velando por unha efectiva igualdade laboral. É completamente necesario dotar de ferramentas útiles a aqueles colectivos con maiores dificultades dentro do mercado laboral. Por este motivo, avanzamos no impulso da presenza feminina en todos os eidos do mercado laboral, como viñemos facendo ata agora, con

Asinado o día 22/01/2026 ás
11:43
Por Alberto Pazos Couñago





medidas tales como as axudas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas ou o *Programa Galicia Emprega Muller*.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo, consolidando e reforzando as políticas activas de emprego e as axudas á contratación por conta allea, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, nomeadamente a mocidade e as mulleres, recoñecendo estas actuacións como unha política pública estratéxica para favorecer o emprego de calidade, a igualdade de oportunidades e a cohesión social en Galicia”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 11:43:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:43:46
Nº Rexistro: 47319
Data envío: 22/01/2026 11:43:46.159

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:43:46
Nº Rexistro: 47319
Data envío: 22/01/2026 11:43:46.159

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:43:47

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Diálogo Social é un proceso de consulta e funciona como órgano institucional permanente de participación, concertación e diálogo entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas.

Neste sentido, o decreto para a institucionalización da Mesa do Diálogo Social enmárcase no sistema normativo estatal e autonómico que regula a participación institucional dos axentes sociais, especialmente na Lei 17/2008, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, dando continuidade a iniciativas previas de concertación social impulsadas pola Xunta de Galicia, como a Declaración Institucional polo Diálogo social de 2005 ou os acordos para avanzar cara unha Galicia máis igualitaria e sostible de 2019.

A Mesa do Diálogo Social de Galicia configúrase coma un órgano colexiado, adscrito á consellería competente en materia de emprego, con ámbito de actuación en todo o territorio galego e sede en Santiago de Compostela. Dita mesa actuará con plena independencia no exercicio das súas funcións e con sometemento ao ordenamento xurídico aplicable aos órganos colexiados das Administracións Públicas.

Entre as súas funcións principais atópanse a definición das materias obxecto de Diálogo Social; a aprobación, seguimento e avaliación dos acordos alcanzados; a

Asinado o día 22/01/2026 ás
11:46
Por Alberto Pazos Couñago





adopción de medidas para o seu desenvolvemento ou a publicidade e difusión dos devanditos acordos, entre outros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamarlle ao Goberno de España a adoptar as actuacións necesarias para fortalecer o Diálogo Social como ferramenta chave para a elaboración de políticas de emprego e benestar, implicando activamente a empresarios e sindicatos e, ao igual que o novo decreto galego, adoptar os acordos por consenso e non por imposición, tal e como ven facendo o Goberno central nos últimos tempos”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 11:46:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:46:35
Nº Rexistro: 47321
Data envío: 22/01/2026 11:46:35.689

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:46:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:46:35
Nº Rexistro: 47321
Data envío: 22/01/2026 11:46:35.689

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia segue avanzando este ano 2026 na institucionalización do Diálogo Social. de feito, nestes intres atópase concluíndo a fase inicial de tramitación, téndose xa elaboradas as memorias económico-financeira e xustificativa respectivamente, así como a táboa de vixencias de acordo co previsto no artigo 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e sector público autonómico de Galicia.

Ademais, lembramos que, o pasado mes de outubro levouse a cabo o informe sobre o inicio da tramitación do anteproxecto de Decreto polo que se crea a Mesa do Diálogo Social de Galicia e se establece a súa composición, organización e funcionamento, sobre a cal se continúa traballando.

O borrador deste texto foi acordado no seo do propio Diálogo Social entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia, a Unión Xeral de Traballadores (UGT) e o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (CCOO).

Esta futura norma ten por obxecto a regulación da devandita Mesa do Diálogo Social de Galicia coma o órgano de participacións institucional permanente nesta Comunidade Autónoma e as organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia. Ademais, dito decreto tamén servirá para actualizar a composición das mesas que compoñen o diálogo que, ata agora, son unha Mesa de Emprego e unha Mesa de Economía e Industria.





Cómpre destacar que o Goberno galego está a impulsar a colaboración con axentes sociais para seguir avanzando en cuestións fundamentais e retos que afectan ao mercado laboral.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover, no marco do Diálogo Social, unha implicación activa e corresponsable das organizacións sindicais máis representativas, formalizando a sinatura do decreto de institucionalización do Diálogo Social, como instrumento esencial de consenso e concertación”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 11:49:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:49:26
Nº Rexistro: 47323
Data envío: 22/01/2026 11:49:26.406

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:49:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:49:26
Nº Rexistro: 47323
Data envío: 22/01/2026 11:49:26.406

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O ámbito da economía social e do cooperativismo é o punto de partida da actividade emprendedora da nosa comunidade. Enriquecemos este eido, non só por medio de orzamento, tamén do desenvolvemento normativo.

Neste caso, o Goberno galego está en proceso de tramitación do anteproxecto da nova Lei de cooperativas de Galicia, que chega despois dun amplo proceso participativo co sector para consolidar e apostar polo cooperativismo como motor de progreso, cohesión social e desenvolvemento sustentable.

As cooperativas son unha auténtica panca de transformación cun papel histórico e absolutamente estratéxico en Galicia.

Este ano, destinaranse axudas á promoción da economía social e ao cooperativismo, a través do *Bono Consolida* ou *ES-Transforma* para fomentar o emprendemento colectivo, pechando un círculo virtuoso dentro da nosa comunidade, entre outras, como as axudas ás empresas de inserción ou a Rede Eusumo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:





- 1.- Continuar impulsando, reforzando e consolidando a economía social e o cooperativismo como piares estratéxicos do modelo económico galego, recoñecéndooos como punto de partida da actividade emprendedora da nosa comunidade, así como avanzar no desenvolvemento normativo do sector, culminando a tramitación e aprobación da nova Lei de cooperativas de Galicia, froito dun amplo proceso participativo co propio sector.
- 2.- Promover medidas específicas de apoio á innovación, dixitalización e sustentabilidade das entidades da economía social, favorecendo a súa adaptación aos novos modelos produtivos e de negocio”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 11:52:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:52:16
Nº Rexistro: 47328
Data envío: 22/01/2026 11:52:16.651

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:52:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:52:16
Nº Rexistro: 47328
Data envío: 22/01/2026 11:52:16.651

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A emigración é unha grande baza para facerlle fronte aos principais retos do futuro, onde podemos facer referencia á nosa *Estratexia Galicia Retorna* e, dentro dela, ao *programa Retorna Cualifica Emprego*, cuxo obxectivo é traer de volta aos galegos e galegas do exterior e sumar capacidades ao noso mercado laboral.

Así mesmo, o pasado ano celebráronse dúas feiras de emprego en Arxentina e Uruguai que non só permitiron incentivar o retorno dos galegos e galegas do exterior con toda seguridade, senón velar pola súa inserción social e laboral.

Neste respecto, increméntase a dotación das axudas á vivenda a través do Retorna Cualifica Emprego, favorecendo o arraigamento das persoas retornadas no territorio galego.

En adición, tamén se destina orzamento para axudas ás entidades no ámbito das migracións e séguense concedendo as *Bolsas Excelencia Mocidade Exterior*, co fin último de potenciar o retorno, sobre todo, daqueles descendentes de galegos de alta cualificación para continuar atraendo talento á nosa comunidade.

Tamén é preciso facer fincapé nas axudas á contratación indefinida, incluídas no programa Galicia Emprega, para persoas retornadas estranxeiras, ademais da posta en marcha dunha *Oficina de Atracción de Talento*, canle na cal se aglutinan todas as medidas destinadas aos que deciden retornar, como tamén a aquelas persoas de terceiros países que escollen Galicia para traballar.

Asinado o día 22/01/2026 ás
11:54
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar e impulsar o pleno desenvolvemento das políticas públicas e das liñas de axudas destinadas a favorecer o retorno e a incorporación ao mercado de traballo das persoas procedentes de terceiros países que escollan Galicia para traballar, promovendo a súa inserción laboral, social e familiar no noso territorio”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 11:54:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:55:02
Nº Rexistro: 47340
Data envío: 22/01/2026 11:55:02.899

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:55:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:55:02
Nº Rexistro: 47340
Data envío: 22/01/2026 11:55:02.899

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia forma, retén e suma talento, sendo conscientes de que non está exenta de retos aos que facer fronte. Por este motivo, é fundamental facer esforzos, co fin de atallar en conxunto problemáticas como son, de feito, a cobertura de vacantes, a sinistralidade ou o absentismo, entre outros.

Abordar estes retos pasa necesariamente por cubrir as necesidades das empresas, eido que atallamos por medio da formación, tanto das persoas desempregadas que están a buscar activamente traballo como daquelas ocupadas que queren mellorar a súa situación. Ademais, estamos enfocados en atraer talento para seguir sumando capacidades ao noso tecido produtivo, sempre de xeito ordenado.

Neste sentido, botamos man do sector empresarial para a formación de curta duración dirixidas a persoas traballadoras ocupadas, ademais de orzamentar os *Bonos Talento Empresa* para a impartición de microcredenciais desde as empresas.

Garantir unha maior adaptación das necesidades das empresas é continuar asegurando unha rede de centros asociados de formación para o emprego, enfocándose no colectivo de persoas traballadoras desempregadas, ademais de ter en conta ás unidades formativas en empresas con compromisos de contratación.

Asinado o día 22/01/2026 ás
11:57
Por Alberto Pazos Couñago





Ademais e entre outras axudas, pódense destacar as axudas destinadas aos obradoiros de emprego, os programas integrados de emprego ou as unidades formativas en empresas, entre outras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia ao pleno desenvolvemento e reforzo das axudas no eido da formación, co fin de sumar esforzos para formar, reter e sumar talento á nosa comunidade, dando resposta ás necesidades actuais e futuras do mercado laboral galego”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 11:57:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:58:09
Nº Rexistro: 47349
Data envío: 22/01/2026 11:58:09.574

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 11:58:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 11:58:09
Nº Rexistro: 47349
Data envío: 22/01/2026 11:58:09.574

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia fai fincapé na colaboración que mantemos coas entidades locais, coa nosa pretensión por optimizar a empregabilidade e apoio das mesmas.

Como medida novidosa e no eido da prevención de incendios, poranse en marcha axudas para a contratación de coordinadores municipais de prevención no marco do *programa Aprox Rural*, tal e como anunciou o presidente Rueda o pasado mes de setembro.

Nesta mesma liña e en consideración do apoio que lle prestamos ás entidades, faranse investimentos no *programa Cooperas*, co obxecto de potenciar as oportunidades laborais para as persoas desempregadas neste eido e, especialmente, a contratación de persoas mozas no marco do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, incluíndo os incentivos orzamentados neste eido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar e desenvolver as axudas vinculadas aos programas de cooperación, reforzando o apoio ás entidades locais como ferramenta estratéxica para a promoción do emprego, a mellora da empregabilidade, o desenvolvemento local sostible e a prestación de servizos de interese xeral, con especial atención ao medio rural e á mocidade”.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:01:05
Nº Rexistro: 47354
Data envío: 22/01/2026 12:01:05.151

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 12:00:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:01:05
Nº Rexistro: 47354
Data envío: 22/01/2026 12:01:05.151

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 12:01:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:01:05
Nº Rexistro: 47354
Data envío: 22/01/2026 12:01:05.151

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nas últimas semanas, diversas organizacións do sector pesqueiro e marisqueiro veñen alertando, a través dos medios de comunicación, dunha crecente actividade ilegal nas rías de Pontevedra, Arousa e Vigo. Tripulantes, armadores e mariscadores coinciden en que determinadas prácticas, como os excesos dos topes autorizados, captura de individuos de tamaño antirreglamentario ou en épocas de veda ou paro biolóxico, captura fóra de horario, o uso indebido de permisos, o emprego de artes non autorizadas ou a extracción en zonas prohibidas— están a provocar perdas económicas significativas e unha clara competencia desleal fronte aos profesionais que cumpren de forma rigorosa coa normativa.

O propio sector recoñece o esforzo da Consellería do Mar e o reforzo da actividade de Gardacostas, pero reclama avanzar cara a unha “man dura real”, lembrando que as sancións económicas non están a ser suficientes para deter aos infractores reincidentes. Entre as medidas solicitadas destacan o bloqueo dos permisos utilizados para exercer ilegalmente a actividade e a inmovilización das embarcacións implicadas.

Estas peticións prodúcese nun contexto de especial sensibilidade social e económica para as confrarías e para a cadea de valor do sector, que precisa seguridade xurídica, igualdade competitiva e garantía de que quen incumpre non poida seguir prexudicando aos demais. A protección dos recursos mariños e da sustentabilidade das pesqueiras esixe unha resposta firme e proporcional.



Por todo iso, considérase necesario reforzar os mecanismos de control e avanzar en medidas sancionadoras máis efectivas, garantindo que a legalidade sexa sempre un valor protexido e que o esforzo da maioría do sector non se vexa ameazado por comportamentos irresponsables e reiterados.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reforzar os medios materiais e humanos do Servizo de Gardacostas de Galicia, especialmente nas rías de Pontevedra, Arousa e Vigo, para intensificar a vixilancia e o control fronte ás prácticas de pesca ilegal e o intrusismo profesional.
- 2.- Inhabilitación temporal ou definitiva para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras, marisqueiras, de mergullo profesional ou de formación náutica de recreo, para as persoas responsables de infraccións graves e moi graves, retirando o permex e a posibilidade de ir enrolado nun buque de pesca ou auxiliar de acuicultura ou pesca. Conxuntamente, de selo caso, incautación mediante a retención en porto da embarcación ou buque, tamén vehículos ou artefactos, cos que se cometeron as infraccións.
- 3.- Avanzar na aplicación de medidas sancionadoras máis contundentes, realizando os cambios legislativos necesarios, con unha gradación obxectiva das mesmas, de maneira que as distintas instrucións dos procedementos sancionadores actúen de xeito uniforme.
- 4.- Incremento das contías das sancións de tipo pecuniario, xa que na actualidade non causan os efectos requiridos.
- 5.- Pór en marcha campañas específicas de control coordinado entre Gardacostas, confrarías, lonxas e entidades do sector para detectar o uso indebido de permisos profesionais, a venda irregular de produto e a ocupación de zonas prohibidas.





- 6.- Impulsar accións de sensibilización e información ao sector, có fin de reforzar a importancia da legalidade, da trazabilidade e do cumprimento normativo para a sustentabilidade dos recursos e a defensa da imaxe do produto pesqueiro galego”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2026 12:42:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:42:30
Nº Rexistro: 47382
Data envío: 22/01/2026 12:42:30.253

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 12:42:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 12:42:30
Nº Rexistro: 47382
Data envío: 22/01/2026 12:42:30.253

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Consellería de Educación solvente o problema da falta de efectivos nas listaxes de substitución de profesorado galego en varias especialidades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro a Consellería de Educación foi advertida pola organización sindical CIG-Ensino como representación maioritaria do persoal docente, da necesidade de abrir as listaxes de substitucións de varias especialidades de Secundaria, sobre todo Latín e Grego, que non contaban con persoal dispoñible.

Esta reclamación foi atendida pola Consellería que impulsou o procedemento e no mes de novembro resolveuno provisionalmente. Malia isto, na actualidade non está publicada a resolución definitiva a pesar de que xa se fixeron chamamentos ás persoas que figuran na listaxe provisional. Con este paso, as listaxes aínda non vixentes volven estar sen ningunha persoa dispoñible para novas incorporacións nas dúas especialidades máis afectadas.

Consecuencia desta situación de falta de planificación e anticipación a un problema que era evidente dende antes das propias xubilacións das profesionais que deixaron baleiras as prazas, temos agora centros educativos onde non se poden impartir as materias de Latín e Grego, como son os IES de Melide, o Concepción Arenal de Ferrol ou o Santa Irene de Vigo, onde o alumnado non recibe formación destas materias.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero non só acontece con estas dúas especialidades. No mes de decembro abríronse as listaxes do corpo de catedráticos/as e de profesorado de música e artes escénicas, así como de Portugués nas Escolas Oficiais de Idiomas. Neste intre aínda están sen resolver os procedementos e varias vacantes sen cubrir a estas alturas de curso.

Este problema deixa 13 vacantes sen cubrir nos conservatorios galegos e 3 de portugués nas EOI.

Por outra banda está sen atender unha substitución de profesorado de secundaria de Edificación pola renuncia da última persoa que quedaba nesta listaxe de substitución.

Esta falta de persoal para realizar substitucións e cubrir as vacantes existentes, ten consecuencias negativas tanto para o alumnado afectado, para o profesorado e para a organización dos centros educativos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta ao Goberno da Xunta, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, a:

1.- Abrir unha negociación activa e permanente coa representación sindical das traballadoras/es do Ensino Público para abordar solucións á falta de profesionais nas listaxes de substitución das distintas especialidades.

2.- Darlle estabilidade ao persoal interino e substituto que están sostendo un servizo básico como é o Ensino Público e, polo tanto, ao sistema educativo galego.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Axilizar os procedementos abertos para dispoñer das listaxes definitivas canto antes, así como planificar a necesidade de impulsar novas aperturas noutras especialidades onde os efectivos non van ser suficientes no resto do curso escolar.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 22/01/2026 12:58:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/01/2026 12:58:11

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2026 12:58:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:05:30
Nº Rexistro: 47405
Data envío: 22/01/2026 13:05:30.372

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 13:05:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:05:30
Nº Rexistro: 47405
Data envío: 22/01/2026 13:05:30.372

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e da deputada **Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas e Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o que debe facer a Xunta da Galiza respecto da negociación do convenio colectivo para o sector da conserva.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O convenio colectivo para o sector das conservas e semiconservas de peixe e marisco aínda sendo de ámbito estatal ten un impacto moi relevante no noso país, de feito nos últimos anos o peso da Galiza no sector estatal ven fluctuando entre o 75% e o 85% tanto en produción como en emprego, o que representa máis de 12.000 persoas ocupadas no noso país.

O actual convenio caducou o 31 de decembro do 2024, e desde o inicio das negociacións en Madrid non se ten producido avance ningún. En sentido contrario, a patronal do sector fixo chegar á parte social algunha proposta sobre clasificación profesional que foi rexeitada de inmediato.

Esta cuestión da clasificación profesional ven sendo un dos principais problemas das persoas que traballan no sector, xa que dela poden depender outras cuestións básicas como retribucións ou a promoción profesional.

A proposta patronal foi rexeitada polas 3 centrais sindicais máis representativas alegando que significaría aumentar a discrecionalidade, deixar en mans de cada empresa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poder facer o seu propio sistema de clasificación descolgándose do convenio e deixando sen garantías o cadro de persoal.

O sindicatos concordan na necesidade de negociar un novo sistema de clasificación profesional baseado na valoración de postos de traballo, mais desde a transparencia, que non dea pé a decisións de encadramento arbitrarias por parte das empresas. Para o que considera necesario definir claramente cada nivel e anexar un catálogo con todos os postos de traballo e o seu encadre nos niveis (nomenclátor).

Por outra banda os recentes períodos de inflación descontrolada, as crises industriais, e o encarecemento da vivenda fai que o persoal vexa moi minguada a súa capacidade adquisitiva, polo que as retribucións e o sistema de revisión salarial son outros dos puntos de discusión importantes.

De feito, diante do inmovilismo da patronal os tres sindicatos anunciaron xa varias xornadas de folga.

Para o BNG a preservación do poder adquisitivo da clase traballadora é fundamental, non só para garantir unha digna, senón para o bo desenvolvemento da economía en xeral. Mais nos casos de sectores especialmente feminizados o goberno galego debería prestar moita atención aos salarios, xornada e clasificación, xa que aí é onde se agocha moitas veces a discriminación de xénero.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Reunirse coa parte social da mesa de negociación do convenio colectivo do sector das conservas e semiconservas de peixe e marisco.

2. Ofrecer a súa colaboración para a realización de traballos técnicos desde a perspectiva da igualdade e a seguridade xurídica nas relacións laborais.

2. Dirixirse aos grupos empresariais do sector con representación na mesa do convenio e chamalos a retomar a negociación do convenio atendendo a necesidade de garantir o poder adquisitivo da clase traballadora.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 13:19:34

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/01/2026 13:21:09

Rosana Pérez Fernández na data 22/01/2026 13:21:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:23:42
Nº Rexistro: 47427
Data envío: 22/01/2026 13:23:42.418

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 13:23:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:23:42
Nº Rexistro: 47427
Data envío: 22/01/2026 13:23:42.418

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a construción do vial do Vao en Poio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Poio está experimentando un importante crecemento demográfico e económico nos últimos anos, o que implica un aumento significativo do tráfico rodado nas súas rúas e estradas. É por iso que se fai necesario abordar unha planificación estratéxica en materia de infraestruturas viarias, que permita mellorar a mobilidade e a seguridade viaria, así como adaptarse ás necesidades do novo contexto social e económico que se está a vivir.

O Vial do Vao é unha infraestrutura pendente de construción que conectaría a estrada autonómica PO 310 de acceso a Campañó (na Caeira) e a estrada autonómica PO 531 (Pontevedra-Vilagarcía). Xuntamente co novo vial coñecido como Variante de Alba permitiría crear unha ronda exterior de conexión entre a estrada litoral PO 308 (Pontevedra-Ogrobe) e a estrada N550 (Pontevedra-Santiago), articulando e mellorando de maneira substancial a mobilidade en toda a zona norte da área urbana de Pontevedra.

Trátase dunha nova estrada duns 500 metros de lonxitude que ademais tería unha incidencia moi favorábel na desconxestión da Ponte da Barca, e polo tanto é unha actuación complementaria imprescindible coa remodelación que se está a executar no primeiro treito da PO 308 na rúa da Barca en Poio.

Asinado o día 22/01/2026 ás
17:01
Por Alexandra Fernández Gómez

Asinado o día 22/01/2026 ás
17:01
Por Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a contratar no primeiro semestre do ano 2026 o proxecto para a construción do Vial do Vao de conexión entre a PO 310 na Caeira e a PO 531 (Pontevedra-Vilagarcía), co obxectivo de iniciar as obras ao longo do ano 2027”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 22/01/2026 17:01:00

Alexandra Fernández Gómez na data 22/01/2026 17:01:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:02:32
Nº Rexistro: 47495
Data envío: 22/01/2026 17:02:32.349

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:02:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:02:32
Nº Rexistro: 47495
Data envío: 22/01/2026 17:02:32.349

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a descapitalización galega do sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da automoción en Galiza atópase nunha situación crítica, non como consecuencia dun colapso repentino, senón como resultado dunha crise crónica que se foi agravando durante os últimos anos. A perda progresiva de capital galego no accionariado das empresas líderes do sector é un dos síntomas máis preocupantes desta deterioración.

A recente venda da empresa viguesa Aludec ao grupo vasco CIE Automotive por 200 millóns de euros reduce a só dúas as grandes empresas de automoción con capital maioritariamente galego: Grupo Copo e Marsan.

Esta tendencia non é casualidade, senón o resultado dun modelo económico que prioriza os intereses do capital foráneo fronte á soberanía industrial e tecnolóxica do noso país. A perda de control accionarial local implica tamén a perda de capacidade de decisión estratéxica, o que pon en risco tanto o emprego cualificado como a continuidade produtiva nas nosas instalacións.

A inacción ante procesos de absorción por parte de multinacionais —como sucedeu con Viza (adquirida por Magna) ou Maviva (controlada por Ferrovial)—





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demostra unha actitude pasiva por parte das institucións galegas fronte á deslocalización do capital e da toma de decisións.

A crise chegou incluso ao Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), un dos pilares do sistema de I+D+i do sector. Esta situación é especialmente grave porque pon en risco non só o emprego, senón tamén a capacidade de Galiza para desenvolver tecnoloxía propia no ámbito da mobilidade sustentable.

A perda de capital galego no sector industrial é unha forma de deslocalización encuberta, de precarización do emprego e do traslado dos centros de decisión fóra do noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear unha mesa sectorial permanente da automoción con presenza de tódolos actores implicados no sector (administración, clúster, sindicatos, centros tecnolóxicos, universidades e autoridade laboral).
2. Condicionar as axudas públicas ao mantemento do capital galego e da sede social en Galiza, cando así aplique, así como da reinversión de beneficios no país.
3. Impulsar modelos de propiedade compartida entre traballadoras, concellos e institucións públicas (inspirados en experiencias como Mondragón) preferentemente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para aquelas que estean en risco de desaparición, de liquidación ou de deslocalización total da súa actividade.

4. Apoiar ás empresas familiares galegas, mediante liñas de crédito non especulativas e acompañamento técnico.

5. Crear un Fondo Soberano Galego dotado con 1.200 millóns de euros até 2030 para apoiar empresas estratéxicas en sectores clave, como a automoción, para usar este instrumento para evitar vendas a fondos de investimento ou multinacionais que non garantan o futuro do emprego e da produción en Galiza”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/01/2026 17:16:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 17:16:22

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2026 17:16:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:17:52
Nº Rexistro: 47510
Data envío: 22/01/2026 17:17:52.138



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:17:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:17:52
Nº Rexistro: 47510
Data envío: 22/01/2026 17:17:52.138

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á protección da cultura marítima, do patrimonio do litoral e das zonas do litoral máis sensíbeis á actividade humana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021, a Consellaría de Mar asinou un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña e co padroado da Fundación da mesma (FUAC), para a elaboración do Plan da Cultura Marítima de Galiza-Horizonte 2030, cuxo obxectivo era redactar un documento base do Plan no que se recollerían as liñas estratéxicas, iniciativas e accións a desenvolver no período 2021-23, así como os pasos a dar nos seguintes anos coa finalidade de preservar a cultura marítima de Galiza.

O convenio asinado, vixente ata o 31 de decembro de 2023, foi financiado con preto de 200.000 euros pola Consellaría de Mar e permitía realizar un traballo que abarcaba todo o litoral coa finalidade de protexer os valores culturais e marítimos de Galiza.

A finais de 2023, a Consellaría, a UDC e a FUAC asinan un novo convenio para desenvolver as accións do PCUMA-Horizonte 2030, dando continuidade ao anterior e permitindo avanzar no obxectivo de preservar e activar a cultura marítima de Galiza. Neste caso, a vixencia da colaboración comprende ata o 31 de decembro de 2026 e cun financiamento de preto de 100.000 euros anuais.

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:19
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:19
Por Rosana Pérez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Finalmente, no Consello da Xunta do pasado 29 de setembro de 2025, o Goberno galego amplía o PCUMA ás illas galegas por medio dunha adenda ao convenio establecido coa UDC.

Case ao mesmo tempo, no mes de outubro, a Consellaría de Medio Ambiente puxo a exposición pública o Catálogo de bens de valor cultural do litoral de Galiza, após aprobarse a Lei do Litoral de Galiza no ano 2023 que o prevía, elaborado polo Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña e pendente a día de hoxe de aprobarse definitivamente. Un instrumento que contou coa colaboración da Consellaría de Cultura, inexplicabelmente non coa de Mar que xa viña realizando o PCUMA dende 2021, e que abre a posibilidade de que dos 1.582 bens identificados, “un total de 867 serían susceptibles de solicitar un cambio de uso respecto daquel para o que foron concibidos orixinalmente”.

Este Catálogo foi realizado, segundo o Consello da Xunta de Galiza, a partir dun “exhaustivo traballo de campo nos 86 concellos costeiros do país”. No entanto, no período de exposición pública recibiu 161 propostas das que a maioría, 107, referíanse a inmóbeis non recollidos no documento.

Tamén a través do PCUMA iniciouse no 2024 un censo do patrimonio construído en relación aos oficios do mar ao longo de toda a costa galega e a ampliación do convenio ás illas tamén busca inventariar e censar este tipo de elementos existentes nas illas Cíes, Ons, Tambo, San Simón, Cortegada, Lobeiras, Sisargas, Sálvora e Rúa.

Aínda que o PCUMA preséntase como un proxecto moito máis amplo, no que se leva traballando dende 2021 e que se desenvolverá ata 2030, a Consellaría de Mar anunciou a presentación do censo para finais de 2025.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo tanto, chama moito a atención o seu solapamento co Catálogo de bens do litoral, cuxa publicación definitiva se prevé para este 2026 e que, moi probabelmente, coincida no tempo case coa presentación do censo elaborado pola UDC e a súa Fundación.

O Catálogo, que se limita a censar os bens co obxectivo de lle dar “unha segunda vida”, segundo a propia conselleira de Medio Ambiente, semella ter outros tempos e outros obxectivos diferentes aos que recolle o PCUMA “na misión de conservación da cultura marítima” no seu conxunto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

. Priorizar e antepoñer a calquera outro obxectivo a defensa da cultura marítima, a do patrimonio do litoral e a das zonas do litoral que requiren de maior protección das actividades humanas.

. Desenvolver todas as accións necesarias para salvagardar o conxunto da cultura marítima, do patrimonio do litoral e das zonas do litoral máis sensíbeis, implicando a todas as administracións e a axentes particulares na súa preservación.

. Promover accións coordinadas para difundir, conservar, preservar e impulsar calquera manifestación de cultura, material e inmaterial, que fose producida polas comunidades litorais”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/01/2026 18:19:36

Mercedes Queixas Zas na data 22/01/2026 18:19:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:20:47
Nº Rexistro: 47570
Data envío: 22/01/2026 18:20:47.406

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:20:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:20:47
Nº Rexistro: 47570
Data envío: 22/01/2026 18:20:47,406

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, para informar sobre **a planificación e os avances na tramitación de expedientes na xestión e ordenación do litoral feitos no primeiro ano desde que se asinou o traspaso de funcións, servizos e medios sobre a costa.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
21/01/2026 17:41:19

164816



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:41:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:41:21
Nº Rexistro: 47101
Data envío: 21/01/2026 17:41:21.620

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, para informar sobre **as liñas estratéxicas e as axudas aos concellos galegos para a mellora do saneamento e abastecemento e a prevención ante inundacións e períodos de seca.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:41:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:41:27
Nº Rexistro: 47102
Data envío: 21/01/2026 17:41:27.236

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45921
Data envío: 16/01/2026 09:05:10.671

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:00
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao rescate das concesións hidráulicas caducadas no país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cuns 3.732 MW de potencia hidráulica instalada, o que representa aproximadamente o 18% da potencia hidráulica do Estado, e unha produción media, con respecto ao Estado, do 23% na última década. Esta potencia instalada reflíctese en 166 centrais hidráulicas, das que 45 son grandes hidráulicas e 121 pequenas.

A construción destas centrais supuxo, na súa maior parte, a perda de núcleos de poboación, o desprazamento dos seus habitantes e a inundación de terras fértiles, unha ocupación de terreos non sempre pacífica. Porén, a pesar de que esta gran capacidade de produción hidroeléctrica supuxo uns custos sociais e ambientais moi importantes, Galiza non obtivo ningún beneficio desta actividade económica.

Por outra banda, a gran maioría destas concesións realizáronse cando a retribución da produción hidroeléctrica foi fixada polo Goberno central e, desde a aprobación da Lei 54/1997, do Sector Eléctrico, a súa retribución xa depende do mercado maiorista (pool), igualando a retribución da tecnoloxía de produción de electricidade máis cara cada hora, polo que agora a enerxía hidráulica recibe rendementos extraordinarios, o que no sector se denominan “beneficios chovidos do ceo”; é dicir, estas concesións tiveron un gran incremento dos beneficios sen repercutir ou compensar aos territorios onde se construíron con reparacións sociais.

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:00
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:00
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A orixinaria Lei de Augas de 1866 foi o primeiro intento de regular de xeito específico as augas territoriais; sen entrar en vigor, os seus principios básicos inspiraron á de 1879, como o de dominio público hidráulico de todas as correntes naturais, aínda que mantiña as concesións a perpetuidade para usos industrias, cunha enerxía hidroeléctrica na práctica apenas coñecida. Logo de distintas e variadas modificacións, a Lei de Augas 29/1985 mantivo que o prazo outorgado ás concesións fose temporal pero non superior a 75 anos, sendo discrecional o seu outorgamento; ademais establecía a posibilidade de amplialas cun límite de 10 anos por unha soa vez, cando necesitase obras para o correcto funcionamento non amortizables no período concesional restante.

O RD 1/2001 do Texto Refundido da Lei de Augas estableceu na súa disposición transitoria primeira 39 que quen conforme a anterior Lei 29/1985 de Augas foran titulares de aproveitamentos de augas públicas en virtude de concesión administrativa ou prescrición acreditada, así como de autorizacións de ocupación ou utilización de dominio público estatal, seguirán gozando dos seus dereitos, de acordo co contido dos seus títulos administrativos e o que a propia Lei 29/1985 establece, durante un prazo máximo de 75 anos a partir da entrada en vigor da mesma (01/01/1986), de non fixarse no seu título outro menor. Nestes casos, as concesións manteranse viventes ata o 1 de xaneiro de 2061, aínda que o tempo de concesión fora superior, incluso a perpetuidade, segundo ditame da Avogacía Xeral do Estado.

O RD 606/2003 modificou o artigo 153 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico -RD 849/1986- que axustaba o aumento do prazo concesional para cambios cun aumento de caudal, calquera que sexa a finalidade da concesión, establecendo unha fórmula matemática para determinar o prazo a engadir ao restante da concesión anterior.

Logo doutra modificación do citado Regulamento polo RD 1290/2012, xa non cabe prórroga do prazo concesional por ampliación do caudal ou tramo afectado, e ningunha concesión de augas pode ter un prazo superior a 75 anos.



Así, as concesións hidráulicas están reguladas polos seus títulos concesionais e polas modificacións lexislativas posteriores de aplicación, cuxa interpretación pode variar substancialmente o prazo da concesión de moitas hidroeléctricas, en especial a da disposición transitoria primeira da lei de 1985 e as modificacións que a seguiron. Se engadimos que a información documental existente en moitos dos casos é moi deficiente polos medios utilizados naqueles tempos -copias co papel carbón-, a conclusión é evidente: cando menos na demarcación Galiza Costa, competencia de Augas de Galiza e, polo tanto, da Xunta, sería obrigada unha auditoría exhaustiva que determine, de forma inequívoca, a situación de todas e cada unha das concesións hidroeléctricas, e realizar un rexistro electrónico público único e detallado das mesmas.

De non ser así, saber na actualidade cantas hidroeléctricas temos na Galiza en explotación coa concesión caducada e/ou vencida é unha cuestión de fe, varían, incluso para a mesma fonte, dende as 11 -dato actual de Augas de Galiza- ata máis de 30. Quen as xestiona na actualidade? A onde van os cuantiosos beneficios dunhas instalacións xa amortizadas e sen custe algún polo recurso público utilizado? Un exemplo:

Unha minicentral das caducadas de 2,3 MW pode producir uns 14 GWh anuais que, segundo o prezo medio negociado de 2022 e un custo de produción que non supera os 10 €, supón un ingreso superior aos 2 M€.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Cal é o estado das concesións hidráulicas na Galiza, cantas concesións están caducadas, cantas prorrogadas e cantas recuperadas. Asemade, cal é o plan que ten a Xunta para xestionar estas concesións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 16/01/2026 9:00:06

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/01/2026 9:00:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/01/2026 9:00:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45921
Data envío: 16/01/2026 09:05:10.671

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 9:05:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45921
Data envío: 16/01/2026 09:05:10.671

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:14
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a prevención do acoso a persoas menores de idade no ámbito do deporte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acoso, sexa este do tipo que for, é un dos grandes problemas cos cales as sociedades e os gobernos teñen que se enfrontar. Infelizmente o acoso (e o que é máis grave aínda, o acoso a persoas menores de idade) prodúcese con regularidade en moitos ámbitos, o deporte é un deles. Se ben en moitas ocasións trátase de casos de acoso entre compañeiras ou compañeiros en deportes de equipo, tamén existen casos documentados en Galiza de acoso de adestradoras e adestradores de cara a persoas menores de idade en clubs e entidades deportivas, o cal debe ser combatido enerxicamente por parte do Executivo galego.

A vía punitiva é unha das que se deben seguir, máis non é a única e tense demostrado ademais que nin sequera é a máis efectiva para tentar acabar con este tipo de comportamentos. A educación, a formación e a sensibilización a respecto de actitudes a evitar no ámbito do deporte con persoas menores debe ser primordial, e é obriga do goberno galego traballar neste sentido. Para isto, as persoas con responsabilidades deportivas en clubs e entidades deportivas deben ter a formación necesaria para saber como tratar conas persoas que practican deporte, especialmente as persoas menores de idade.

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:13
Por Daniel Castro García

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:13
Por Iago Suárez Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Trátase dunha etapa da vida na cal o desenvolvemento non só físico senón tamén humano desempeñan un papel vital, polo que non se deben escatimar esforzos en tentar erradicar o acoso no deporte na medida do posíbel. Como é evidente, os clubs e entidades dedicadas ao deporte teñen que facer a súa parte; mais isto non significa que o goberno galego se deba desentender dunha problemática que tanto pode afectar a vida de familias enteiras e que tanto pode danar o desenvolvemento vital dunha persoa.

A regulación na prestación de servizos deportivos, moi demandada polo sector e que case a totalidade das Comunidades Autónomas do Estado xa teñen, podería ser un punto de partida. Porén, desde o Grupo Parlamentar do BNG non nos mostramos moi esperanzados a este respecto, sendo que a Xunta de Galiza e a Secretaría Xeral para o Deporte se teñen mostrado contrarias a esta medida, algo que non acabamos de comprender.

Apelamos por tanto á acción da Xunta de Galiza neste ámbito, para facer do deporte galego un espazo libre de acoso de todo tipo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Coñece o goberno galego casos de acoso no ámbito do deporte rexistrados en Galiza?
- En caso afirmativo, cantos aproximadamente?
- Ten levado a cabo a Xunta de Galiza algunha acción de prevención e concienciación a respecto desta problemática?
- Pensa o goberno que a regulación da prestación de servizos deportivos en Galiza podería axudar neste ámbito?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- En caso afirmativo, por que se nega a legislar a ese respecto?
- Que resposta dá a Xunta ás familias das e dos menores afectados en Galiza polo problema do acoso no mundo do deporte?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 16/01/2026 9:13:50

Daniel Castro García na data 16/01/2026 9:13:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2026 9:14:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45932
Data envío: 16/01/2026 09:15:56.308

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 9:15:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45932
Data envío: 16/01/2026 09:15:56.308

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:47:45
Nº Rexistro: 45939
Data envío: 16/01/2026 09:47:45,848

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:45
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Paulo Ríos Santomé e Iria Taibo Corsanego, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o que debe facer a Xunta da Galiza respecto da negociación do convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios de decembro do 2025 os 3 sindicatos maioritarios da Galiza advertían do bloqueio por parte da patronal da negociación do convenio de transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña, un convenio que ademais de afectar a 3.000 persoas traballadoras afecta tamén á practica totalidade de empresas de transporte en autobús da provincia.

Un sector que presta un servizo esencial para a cidadanía, para milleiros de persoas en toda a provincia que o utilizan a diario para ir ao traballo, aos centros de ensino, de saúde, etc.

A política de mobilidade do Partido Popular consistiu desde que Feijóo chegou á presidencia da Xunta en dismantelar o sector promovendo a desaparición de numerosas pequenas empresas e a concentración de todos os contratos nas mans de apenas 3 grandes empresas, con unha preferencia pública e notoria por Monbus, que ten practicamente o monopolio do sector.

Este monopolio ten o seu reflexo na composición da mesa de negociación do convenio, con unha patronal totalmente condicionada pola vontade e as directrices de Monbus.

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:45
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 16/01/2026 ás 09:45
Por Ramón Fernández Alfonso





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O convenio leva 4 anos caducado e xa foi superado pola normativa actual en materias como conciliación ou control horario. Os sindicatos salientan que as súas reivindicacións son tan básicas como adaptar o texto do convenio á normativa vixente, acadar incrementos salariais dignos e unha cláusula de revisión en función do IPC, así como avanzar nos dereitos do persoal acompañante do transporte escolar que sofre condicións moi precarias, ou incluír unha cláusula de xubilación parcial que promova o relevo profesional antes dos 67 anos.

A bloqueo patronal levou á convocatoria de varias xornadas de folga e a unha tentativa de mediación xa en decembro por parte do CGRL da que marchou a patronal sen facer avance ningún.

A día de hoxe, 7ª xornada de folga no sector, coas estacións de Ferrol, A Coruña e Compostela practicamente paralizadas e milleiros de persoas afectadas, a Xunta de Galiza segue protexendo a súa criatura contra vento e marea, e todo parece conducirnos a unha folga indefinida no mes de febreiro.

Compre lembrar a responsabilidade da Xunta nesta situación, na promoción e alimentación do monopolio de Monbus, no seu papel de principal contratista e reguladora do sector, así como de autoridade laboral.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Sabe a Xunta de Galiza cantas viaxes se perderon por causa das xornadas de folga realizadas? Cantas persoas afectadas?
2. Sabe a Xunta de Galiza cal é o volume de emprego do sector na provincia da Coruña?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza que 1 empresa controle a posición da patronal na mesa de negociación?

4. Por que a Xunta de Galiza protexe os intereses de Monbus por riba dos dereitos das persoas traballadoras e das persoas usuarias do servizo?

5. Por que o titular da consellería con competencias en mobilidade non se pronuncia ao respecto do que está a acontecer con esta negociación e con esta folga?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/01/2026 9:45:37

Paulo Ríos Santomé na data 16/01/2026 9:45:46

Iria Taibo Corsanego na data 16/01/2026 9:45:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:47:45
Nº Rexistro: 45939
Data envío: 16/01/2026 09:47:45.848

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 9:47:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:47:45
Nº Rexistro: 45939
Data envío: 16/01/2026 09:47:45.848

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 10:58:39
Nº Rexistro: 45956
Data envío: 16/01/2026 10:58:39.223

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Manga, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Coñecíamos a través do último informe da Asociación de Directoras e Xerentes de Servicios Sociais, os datos emitidos polo Imsero no que corresponde ao déficit de prazas residenciais para persoas maiores en centros públicos e privados en 2024.

A nivel xeral, Galicia ten un déficit de 11.509 prazas para cumprir a ratio que indica a OMS de 5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos. Na actualidade a nosa comunidade autónoma conta con 25.017 prazas residencias para persoas maiores.

Somos, como indica o informe, a cuarta comunidade autónoma con máis déficit de prazas; detrás de Andalucía (36.327), Comunidade Valenciana (26.929) e Cataluña (15.761). Situo dato de 2023, que foi de 3,11. Das 25.017 prazas totais en residencias galegas, o 76,1 % (19.038) estaban en centros públicos e o 23,9 % restante (5.979) eran de financiación privada. Ademais, cada residencia ten de media 78,5 prazas, por encima de tamaño medio estatal (73,5).

No conxunto de España, serían necesarias máis de 50.000 prazas adicionais para atender á demanda actual de persoas con gran dependencia e dependencia severa, un déficit que aumentou respecto ao ano anterior porque, se ben creáronse novas prazas, o incremento da poboación de máis de 65 anos foi maior.

Asinado o día 16/01/2026 ás
10:54
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 16/01/2026 ás
10:54
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

164835

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 10:58:39
Nº Rexistro: 45956
Data envío: 16/01/2026 10:58:39.223

Galicia ten hoxe máis de 700.000 persoas maiores de 65 anos. Con unha expectativa de vida que mellora alongando así a vida na terceira idade. Un dato que xá comentamos nesta parlamento e sobre non se fixo ningunha consideración por parte de Partido Popular.

Polo exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten xa a Consellería de Asuntos Sociais definido cal é o modelo de coidados que planifica a Xunta de Galicia de cara aos vindeiros 10 anos?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

164836

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2026 10:54:21

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2026 10:54:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 10:58:39
Nº Rexistro: 45956
Data envío: 16/01/2026 10:58:39.223

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 10:58:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 10:58:39
Nº Rexistro: 45956
Data envío: 16/01/2026 10:58:39.223

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou recentemente o cesamento do ata agora secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, tras máis de dezaseis anos de vinculación á responsabilidade do deporte galego en diferentes etapas.

A Xunta designou como substituto a Roberto García, quen viña desempeñando desde 2009 a Xefatura do Servizo Provincial de Deportes na Coruña.

Este relevo prodúcese nun contexto no que o deporte galego arrastra diversas demandas e reclamacións pendentes por parte de federacións, clubs, deportistas, técnicos e entidades locais, relacionadas, entre outras cuestións, co financiamento, as infraestruturas, a planificación estratéxica, o apoio ao deporte base e ao alto nivel, así como coa transparencia e participación do sector nas decisións públicas.

O inicio dunha nova etapa na Dirección Xeral para o Deporte debería servir para clarificar as prioridades da política deportiva da Xunta e dar resposta ás necesidades existentes.

Asinado o día 16/01/2026 ás
11:16
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 16/01/2026 ás
11:15
Por Paloma Castro Rey





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:16:33
Nº Rexistro: 45998
Data envío: 16/01/2026 11:16:33,379

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1.Ten previsto o Goberno galego co cambio na Dirección Xeral para o Deporte revisar, actualizar ou modificar a planificación estratéxica da política deportiva galega?
2. Cales son as principais liñas de traballo e prioridades que ten previsto o Goberno galego tras os cambios producidos na Dirección Xeral para o Deporte?
- 3.Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para dar resposta ás reclamacións e demandas pendentes existentes no ámbito do deporte galego, especialmente no relativo ao financiamento das entidades deportivas, o apoio ao deporte base e ao alto nivel, e a mellora das infraestruturas deportivas?
- 4.Prevé o Goberno galego mellorar os mecanismos de diálogo e participación estables co conxunto do sector deportivo galego, incluíndo federacións, clubs, deportistas e administracións locais?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

164840

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 16/01/2026 11:15:48

Patricia Iglesias Rey na data 16/01/2026 11:16:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:16:33
Nº Rexistro: 45998
Data envío: 16/01/2026 11:16:33,379

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:16:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:16:33
Nº Rexistro: 45998
Data envío: 16/01/2026 11:16:33,379

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Desde o 25 de xuño de 2021, data de entrada en vigor da Lei orgánica de regulación da eutanasia, a posibilidade de solicitar e recibir a prestación de axuda para morrer converteuse nunha opción cada vez máis valorada por moitas galegas e galegos. Galegos e Galegas, preocupadas polo futuro da súa saúde que deixan constancia da súa vontade a través do documento de instrucións previas ou testamento vital. Desexos no que se refire a tratamentos, o seu corpo y os seus órganos, e á posibilidade de acollerse á eutanasia cando se cumpran os requisitos legalmente establecidos.

Os datos correspondentes ao ano 2025 en Galicia, reflicten un incremento sen precedentes no número de testamentos vitais rexistrados, acadando a cifra de 6.049 documentos, fronte aos 2.887 do ano anterior.

O impacto da pandemia da COVID-19, que puxo de manifesto a vulnerabilidade da vida, supuxo un aumento importante dos testamentos vitais. Non obstante, o notable aumento rexistrado no ano 2025 podería estar tamén, dende o noso punto de vista, relacionado coa influencia social e divulgativa de persoas comprometidas coa defensa do dereito a unha morte digna, como foi a activista viguesa Laura Fernández Abalde.

Recentemente, coñecéronse dous informes de especial relevancia: por unha banda, o elaborado polo Ministerio de Sanidade, que realiza un balance da aplicación da prestación de axuda para morrer durante o ano 2024; e, por outra, o informe correspondente ao mesmo exercicio elaborado pola Consellería de

Asinado o día 16/01/2026 ás
11:55
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 16/01/2026 ás
11:55
Por Silvia Longueira Castro



Sanidade da Xunta de Galicia. Este último sinala, entre outros aspectos, que se produciu unha mellora nos tempos medios de resolución dos procedementos respecto do ano anterior. Con todo, conclúe que a prestación de axuda para morrer continúa a ser insuficientemente coñecida pola cidadanía, e subliña a necesidade de incrementar as accións de información e formación, así como de fomentar o outorgamento dos documentos de instrucións previas ou testamentos vitais.

Por todo o exposto, e malia os avances acadados ata o de agora, desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que aínda existe unha marxe clara de mellora na aplicación, no coñecemento e no acceso efectivo á prestación de axuda para morrer en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Está disposto o Goberno galego a pór en marcha un Observatorio da Morte digna para analizar, facer seguimento e mellorar os procesos relacionados co final da vida?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2026 11:55:49

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2026 11:55:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:02:40
Nº Rexistro: 46056
Data envío: 16/01/2026 12:02:40,370

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:02:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:02:40
Nº Rexistro: 46056
Data envío: 16/01/2026 12:02:40,370

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

De novo, o PP actúa mediante a política de feitos consumados, isto é, sen establecer unha negociación previa cos concellos que agora sen enfrontan directamente e sen os recursos precisos, na súa maioría, á xestión de practicamente o 90% do patrimonio cultural do noso país.

Desde que foi coñecida a intención da Xunta, foron numerosas as voces que publicamente deixaron constancia da súa preocupación polas intencións reais do PP e das consecuencias negativas para a protección e conservación do patrimonio que é herdanza colectiva da sociedade galega.

Desde o órgano estatutario e principal asesor do goberno en materia cultural que é o Consello da Cultura Galega até a FEGAMP, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galiza, a Facultade de Xeografía e Historia da USC, a Real Academia Galega de Belas Artes, a Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego, entre outros, están a demandar a suspensión desta modificación da Lei de Patrimonio Cultural, así como reforzar con máis técnicos as unidades da Patrimonio da Xunta de Galiza para axilizar a tramitación de expedientes.

Esta modificación do goberno de Rueda ten como orixe o caos e colapso en que están os servizos de patrimonio cultural e os atrasos nas autorizacións. A Xunta non fixo nada para resolver o problema, por exemplo incrementando o persoal técnico para xestionar as autorizacións. Ou fíxoo de maneira chapuceira contratando informes arqueolóxicos a través de TRAGSA, o que foi considerado ilegal polo TSXG.

A Xunta está a responsabilizar os concellos dunha competencia que é exclusiva da Xunta, isto é, está a renunciar a exercer as súas competencias na protección do patrimonio cultural. Unha decisión que compromete e pon en risco boa parte da herdanza cultural que conforma a nosa identidade como pobo, e que deberíamos legar ás seguintes xeracións.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Vai retirar a Xunta a modificación da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza aprobada na Lei de medidas fiscais de administrativas que acompaña a Lei de orzamentos da Xunta para 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2026 12:22:57

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2026 12:23:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:24:27
Nº Rexistro: 46486
Data envío: 19/01/2026 12:24:27.042

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 12:24:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 12:24:27
Nº Rexistro: 46486
Data envío: 19/01/2026 12:24:27.042

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 13:01:26
Nº Rexistro: 46495
Data envío: 19/01/2026 13:01:26.293

Asinado o día 19/01/26
13:00
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o balance que a Xunta fai do proxecto político desenvolvido pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no ecuador da actual lexislatura.

Asinado o día 19/01/2026 ás
13:00
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación da nova Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude foi presentada polo presidente Rueda como un compromiso inequívoco con estas tres áreas que pasarían a ter unha maior representación e centralidade no seu equipo de goberno.

Unha nova consellería cuxa responsabilidade residiría nun novo conselleiro, o Sr. López Campos, mais no que permanecería practicamente inalterado o equipo de goberno dos últimos dezaseis anos do PP na Xunta, un primeiro indicio dun moi posíbel continuísta proxecto político.

A piques de se cumpriren dous anos da presente lexislatura, comprobamos como esta consellería que xestiona as principais áreas identitarias, como son a lingua e a cultura, así como o presente do futuro que representa a xuventude, moveuse entre o inmovilismo dos proxectos de anos anteriores e a perda progresiva de peso político no goberno de Rueda.

Nestes dous anos vimos unha consellería irrelevante nos consellos da Xunta, con aparicións no DOG en forma de convocatorias rutineiras, e incapaz de dar resposta aos grandes retos que ten a cultura e, nomeadamente, a súa matriz, a lingua galega, situada no peor momento da súa historia milenaria: por primeira vez é a lingua minoritaria na

Asinado o día 19/01/2026 ás
13:00
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sociedade galega e ademais 1 de cada 3 menores de 14 anos recoñécese incapaz de se expresar nela.

A que, ao logo destes dous anos, foi a última consellería do goberno de Rueda no reparto dos orzamentos, veu practicando unha política de escaparate e aparencia superficial para tentar disimular o verdadeiro proxecto político do PP: a arte do enredo, isto é, que pareza que se fai algo para que as cousas muden sen que haxa vontade de facer nada verdadeiramente.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que balance fai o goberno do PP do proxecto político desenvolvido pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no ecuador da actual lexislatura?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2026 13:00:05

Iria Taibo Corsanego na data 19/01/2026 13:00:10

Daniel Castro García na data 19/01/2026 13:00:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 13:01:26
Nº Rexistro: 46495
Data envío: 19/01/2026 13:01:26.293

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 13:01:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 13:01:26
Nº Rexistro: 46495
Data envío: 19/01/2026 13:01:26.293

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a adxudicación por parte do goberno galego dos CIM móbiles, a previsión de posta en funcionamento e de coordinación con outras administracións e entidades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de agosto de 2025, máis dun ano despois dos primeiros anuncios do goberno do Partido Popular respecto de impulsar “CIM móbiles” ao longo do país, o goberno da Xunta avanzaba na súa liña de privatización dos servizos públicos e no canto de organizar este novo servizo ao abeiro do sistema público lanzaba unha licitación por un valor estimado de 1.006.885,04 con IVE difundíndoa a través da plataforma de contratos públicos de Galiza.

Desde entón, malia as preguntas e solicitudes de información deste Grupo Parlamentario, o goberno da Xunta non aclarou como vai funcionar este recurso, nin tampouco cos axentes e entidades cos que terá que traballar. Máis aínda, o goberno limitouse a afirmacións xenéricas como que atenderían os campus, o cal é unha contradición coas primeiras informacións, nas que se supón que irían cubrir partes do territorio sen servizos.

Con evidente atraso, publicouse no perfil do contratante da Consellería de Política Social e Igualdade a resolución favorable para adxudicarlle o contrato do servizo de CIM's MÓBILES á empresa Marexada, Deporte, Lecer e Cultura, S o día 15 de xaneiro de 2026, pendente neste momento de formalización.

Asinado o día 19/01/2026 ás
14:02
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 19/01/2026 ás
14:02
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta situación fai precisa unha aclaración por parte do goberno galego das previsións de funcionamento.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

Cales son as razóns do atraso no proceso para a adxudicación dos CIM móbiles?

Porque se atrasou até o ecuador da lexislatura se era unha promesa electoral?

Cal é a previsión de funcionamento na posta en marcha con evidente atraso dos CIM móbiles?

Por que non fixo a Xunta un proceso previo de consulta e planificación cos concellos galegos?

E cos organismos de participación en materia de violencia machista e igualdade?

Que regulación, protocolos e pautas de funcionamento van rexer os futuros CIM móbiles?

Ten establecido a Xunta criterios de funcionamento obxectivos para establecer a distribución territorial, as frecuencias, as localizacións, etc? Cales?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2026 14:02:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/01/2026 14:02:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46515
Data envío: 19/01/2026 14:04:23.835

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:04:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46515
Data envío: 19/01/2026 14:04:23.835

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:17:53
Nº Rexistro: 46639
Data envío: 19/01/2026 18:17:53.926

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte do goberno galego do impacto na economía da evolución do IPC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o pasado 15 de xaneiro de 2026 coñeciamos o informe máis recente do Instituto Galego de Estatística verbo da evolución do Índice de Prezos ao Consumo con datos correspondentes a decembro de 2025. Neste sentido, cómpre lembrar que, como xa advertiu o Bloque Nacionalista Galego no debate orzamentario, a crise de prezos, lonxe de se resolver, está a ser cronificada e especialmente impactante no que ten que ver co prezo de elementos esenciais como os alimentos.

Así as cousas, o IPC de Galiza aumentou o 2,6 % en taxa interanual, respecto a novembro, os prezos aumentaron o 0,2 % e a variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi do 2,1 % salientando que respecto das variacións interanuais todos os grupos rexistran taxas de variación interanual positivas.

En todo caso, cómpre ver a evolución de forma máis ampla, xa que é o que nos permite afondar nas repercusións para a clase traballadora desta situación e tamén para os sectores máis vulnerables e empobrecidos. Así, se por exemplo atendemos á evolución d cesta da compra sufriu un encarecemento incesante nos últimos once anos, cunha suba acumulada que roza o 50% desde 2014. Así mesmo, tanto enquisas como informes específicos indican a forte preocupación da cidadanía respecto dos prezos da vivenda e como agravan o empobrecemento. Así, podemos sinalar por exemplo como o mercado inmobiliario galego acadou fitos históricos recentemente superando o máximo

Asinado o día 19/01/2026 ás
18:16
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 19/01/2026 ás
18:15
Por Noa Presas Bergantiños



histórico de prezos de alugueiro no mes de xuño. Con exemplos coma este certifícase a realidade que recolle o 15º Informe EAPN-ES (2025) de que a problemática da vivenda é xa un dos principais factores que xeran pobreza e exclusión social no noso país.

Por todos estes motivos, é necesario que a Xunta de Galiza saia da súa pasividade e se active na avaliación desta situación e na posta en marcha de medidas acordadas e extraordinarias.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Como avalía a Xunta de Galiza o impacto do aumento da carestía da vida na economía galega?

Que valoración fai da evolución do IPC?

E na evolución da inflación subxacente?

Como valora o encarecemento dos produtos básicos da compra?

E dos custes enerxéticos e habitacionais?

Que impacto prevé que teña esta situación crónica nos principais sectores económicos do noso país?

E na evolución xeral da economía galega?

E respecto da suficiencia dunhas previsións orzamentarias que nin sequera cubrían para 2026 o aumento do IPC rexistrado no ano económico enteiro previo á súa aprobación en decembro de 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2026 18:15:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2026 18:16:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:17:53
Nº Rexistro: 46639
Data envío: 19/01/2026 18:17:53.926

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 18:17:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 18:17:53
Nº Rexistro: 46639
Data envío: 19/01/2026 18:17:53.926

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días fixéronse públicas diversas queixas de persoas usuarias da liña de transporte interurbano por estrada que conecta Ferrol e A Coruña, nas que se denuncia unha situación reiterada de saturación do servizo, con vehículos completos e persoas que non puideron acceder ao autobús, quedando sen posibilidade de realizar o desprazamento previsto.

Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta que se trata dunha conexión fundamental para a mobilidade diaria de traballadoras e traballadores, estudantes e cidadanía en xeral, nun eixo territorial estratéxico que vertebra dúas das principais cidades da provincia da Coruña e a súa contorna.

A falta de capacidade suficiente e de frecuencias axeitadas nas horas de maior demanda evidencia unha planificación deficiente do servizo, que non responde ás necesidades reais da poboación usuaria. O transporte público interurbano debe ser unha alternativa fiable ao vehículo privado, garantindo regularidade, accesibilidade e prazas suficientes, especialmente nun contexto no que é necesario avanzar cara a unha mobilidade máis sostible e socialmente xusta.

Cómpre lembrar, ademais, que o transporte público por estrada é unha peza clave para a conectividade de Ferrol e da súa comarca co resto do territorio galego. Para moitas persoas, o autobús constitúe a principal —cando non a única— opción de mobilidade para acceder ao emprego, aos estudos, aos servizos públicos ou ás relacións sociais, polo que garantir un servizo axeitado, suficiente e fiable resulta esencial para evitar o illamento territorial e asegurar a igualdade de oportunidades da cidadanía de Ferrolterra.

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:02
Por Carlos López Font

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:02
Por Aitor Bouza Manso



O Goberno galego, como administración competente en materia de transporte interurbano por estrada, ten a responsabilidade de supervisar, planificar e garantir un servizo público de calidade, evitando situacións nas que a cidadanía queda sen acceso a un dereito básico como é a mobilidade.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que medidas concretas ten previsto adoptar o Goberno galego para evitar que se repitan situacións de saturación e persoas usuarias queden tiradas nas paradas entre Ferrol e A Coruña?
2. Dispón o Goberno galego de estudos actualizados sobre a demanda real desta liña por franxas horarias? En caso afirmativo, considera que as frecuencias e a capacidade actuais son suficientes?

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/01/2026 11:02:19

Carlos López Font na data 20/01/2026 11:02:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:28:53
Nº Rexistro: 46730
Data envío: 20/01/2026 11:28:53.821

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 11:28:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:28:53
Nº Rexistro: 46730
Data envío: 20/01/2026 11:28:53.821

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días fixéronse públicas diversas queixas de persoas usuarias da liña de transporte interurbano por estrada que conecta Ferrol e A Coruña, nas que se denuncia unha situación reiterada de saturación do servizo, con vehículos completos e persoas que non puideron acceder ao autobús, quedando sen posibilidade de realizar o desprazamento previsto.

Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta que se trata dunha conexión fundamental para a mobilidade diaria de traballadoras e traballadores, estudantes e cidadanía en xeral, nun eixo territorial estratéxico que vertebra dúas das principais cidades da provincia da Coruña e a súa contorna.

A falta de capacidade suficiente e de frecuencias axeitadas nas horas de maior demanda evidencia unha planificación deficiente do servizo, que non responde ás necesidades reais da poboación usuaria. O transporte público interurbano debe ser unha alternativa fiable ao vehículo privado, garantindo regularidade, accesibilidade e prazas suficientes, especialmente nun contexto no que é necesario avanzar cara a unha mobilidade máis sostible e socialmente xusta.

Cómpre lembrar, ademais, que o transporte público por estrada é unha peza clave para a conectividade de Ferrol e da súa comarca co resto do territorio galego. Para moitas persoas, o autobús constitúe a principal —cando non a única— opción de mobilidade para acceder ao emprego, aos estudos, aos servizos públicos ou ás relacións sociais, polo que garantir un servizo axeitado, suficiente e fiable resulta esencial para evitar o illamento territorial e asegurar a igualdade de oportunidades da cidadanía de Ferrolterra.

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:02
Por Carlos López Font

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:02
Por Aitor Bouza Manso



O Goberno galego, como administración competente en materia de transporte interurbano por estrada, ten a responsabilidade de supervisar, planificar e garantir un servizo público de calidade, evitando situacións nas que a cidadanía queda sen acceso a un dereito básico como é a mobilidade.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Contempla o Goberno galego un incremento estable das frecuencias ou da capacidade dos vehículos nesta liña de transporte interurbano?
2. En que prazos prevé o Goberno galego implantar solucións que garantan un servizo axeitado, seguro e suficiente entre Ferrol e A Coruña?

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/01/2026 11:02:38

Carlos López Font na data 20/01/2026 11:02:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:30:10
Nº Rexistro: 46734
Data envío: 20/01/2026 11:30:10.240

CSV: BOPGDSPG-OVLQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 11:30:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:30:10
Nº Rexistro: 46734
Data envío: 20/01/2026 11:30:10.240

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días fixéronse públicas diversas queixas de persoas usuarias da liña de transporte interurbano por estrada que conecta Ferrol e A Coruña, nas que se denuncia unha situación reiterada de saturación do servizo, con vehículos completos e persoas que non puideron acceder ao autobús, quedando sen posibilidade de realizar o desprazamento previsto.

Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta que se trata dunha conexión fundamental para a mobilidade diaria de traballadoras e traballadores, estudantes e cidadanía en xeral, nun eixo territorial estratéxico que vertebra dúas das principais cidades da provincia da Coruña e a súa contorna.

A falta de capacidade suficiente e de frecuencias axeitadas nas horas de maior demanda evidencia unha planificación deficiente do servizo, que non responde ás necesidades reais da poboación usuaria. O transporte público interurbano debe ser unha alternativa fiable ao vehículo privado, garantindo regularidade, accesibilidade e prazas suficientes, especialmente nun contexto no que é necesario avanzar cara a unha mobilidade máis sostible e socialmente xusta.

Cómpre lembrar, ademais, que o transporte público por estrada é unha peza clave para a conectividade de Ferrol e da súa comarca co resto do territorio galego. Para moitas persoas, o autobús constitúe a principal —cando non a única— opción de mobilidade para acceder ao emprego, aos estudos, aos servizos públicos ou ás relacións sociais, polo que garantir un servizo axeitado, suficiente e fiable resulta esencial para evitar o illamento territorial e asegurar a igualdade de oportunidades da cidadanía de Ferrolterra.

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:02
Por Carlos López Font

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:02
Por Aitor Bouza Manso



O Goberno galego, como administración competente en materia de transporte interurbano por estrada, ten a responsabilidade de supervisar, planificar e garantir un servizo público de calidade, evitando situacións nas que a cidadanía queda sen acceso a un dereito básico como é a mobilidade.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Realizou o Goberno galego algunha actuación de inspección ou control tras as queixas das persoas usuarias da liña de autobús entre Ferrol e A Coruña por falta de prazas e saturación do servizo?
2. Incoou o Goberno galego algún expediente sancionador á empresa concesionaria desta liña como consecuencia das incidencias denunciadas? En caso afirmativo, que sancións se impuxeron ou están en tramitación?

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/01/2026 11:02:51

Carlos López Font na data 20/01/2026 11:02:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:33:16
Nº Rexistro: 46738
Data envío: 20/01/2026 11:33:16.185

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 11:33:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:33:16
Nº Rexistro: 46738
Data envío: 20/01/2026 11:33:16.185

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días fixéronse públicas diversas queixas de persoas usuarias da liña de transporte interurbano por estrada que conecta Ferrol e A Coruña, nas que se denuncia unha situación reiterada de saturación do servizo, con vehículos completos e persoas que non puideron acceder ao autobús, quedando sen posibilidade de realizar o desprazamento previsto.

Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta que se trata dunha conexión fundamental para a mobilidade diaria de traballadoras e traballadores, estudantes e cidadanía en xeral, nun eixo territorial estratéxico que vertebrada dúas das principais cidades da provincia da Coruña e a súa contorna.

A falta de capacidade suficiente e de frecuencias axeitadas nas horas de maior demanda evidencia unha planificación deficiente do servizo, que non responde ás necesidades reais da poboación usuaria. O transporte público interurbano debe ser unha alternativa fiable ao vehículo privado, garantindo regularidade, accesibilidade e prazas suficientes, especialmente nun contexto no que é necesario avanzar cara a unha mobilidade máis sostible e socialmente xusta.

Cómpre lembrar, ademais, que o transporte público por estrada é unha peza clave para a conectividade de Ferrol e da súa comarca co resto do territorio galego. Para moitas persoas, o autobús constitúe a principal —cando non a única— opción de mobilidade para acceder ao emprego, aos estudos, aos servizos públicos ou ás relacións sociais, polo que garantir un servizo axeitado, suficiente e fiable resulta esencial para evitar o illamento territorial e asegurar a igualdade de oportunidades da cidadanía de Ferrolterra.

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:03
Por Carlos López Font

Asinado o día 20/01/2026 ás
11:03
Por Aitor Bouza Manso



O Goberno galego, como administración competente en materia de transporte interurbano por estrada, ten a responsabilidade de supervisar, planificar e garantir un servizo público de calidade, evitando situacións nas que a cidadanía queda sen acceso a un dereito básico como é a mobilidade.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que o funcionamento actual desta liña cumpre cos requisitos de calidade, capacidade e regularidade establecidos no contrato de concesión e na normativa de transporte por estrada?
2. Ten previsto o Goberno galego reforzar os mecanismos de control e seguimento das concesións de transporte interurbano para evitar que se repitan situacións nas que persoas usuarias quedan sen acceso ao servizo?

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/01/2026 11:03:06

Carlos López Font na data 20/01/2026 11:03:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:34:36
Nº Rexistro: 46742
Data envío: 20/01/2026 11:34:36.894

CSV: BOPGDSPG-OVLOrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 11:34:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 11:34:36
Nº Rexistro: 46742
Data envío: 20/01/2026 11:34:36.894

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 20/01/2026 ás
13:23
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a adoptar para eliminar a actual Área de Desenvolvemento Eólico do Morrazo.

Vimos de coñecer a retirada do proxecto promovido polas empresa “Enigma Green Power e Sabana Power”, con sede en Madrid, que pretendían presentar un proxecto para a construción dun Parque Eólico na comarca do Morrazo formado por 15 aerogeradores, dúas subestacións coas correspondentes liñas de evacuación eléctrica e dúas torres de observación en terreos dos montes de San Martiño e Domaio no concello de Moaña; Santomé de Piñeiro en Marín e Santa Cristina máis San Adrián de Cobres no de Vilaboa. Este macroparque eólico situaríase dentro da Área de Desenvolvemento Eólico do Morrazo establecida no Plan Eólico da Xunta de 1997 (4.362 hectáreas da elevada dorsal granítica da península, equivalente á cuarta parte da súa superficie).

Esta non é a primeira vez que empresas eléctricas tentan espoliar os montes do Morrazo. Pasou co frustrado Parque Eólico de Pedras Negras no 2013 e logo no 2022, coas empresas ACS e Aratel, o que motivou a creación da plataforma “Eólicos no Morrazo Non” e a oposición dos concellos da comarca. No pasado verán a empresa “Arena Green Power”, anunciou que pretendía construír un Parque Eólico xunto cunha planta de baterías para almacenamento de electricidade en Lourizán, opoñéndose rotundamente a isto a Mancomunidade de Montes Veciñais en man común do Morrazo, e máis concretamente as comunidades de Lourizán e San Xulián.

Asinado o día 20/01/2026 ás
13:23
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 20/01/2026 ás
13:23
Por Paulo Ríos Santomé





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do “verde, renovable e sostible” asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

De chegar a executarse estes proxectos, poden causar danos irreparables na comarca do Morrazo. Considerando que a comarca ten tan só 7 km de ancho e os núcleos de poboación están situados ao redor da dorsal montañosa de xeito continuo e dende abas dos montes ata a beira do mar, prexudicaría directamente a toda a veciñanza do Morrazo. A actividade de construción do parque, con voaduras para dinamitar terreo granítico e a apertura ou ensanche de camiños e de novas pistas forestais, impactaría directamente nos nosos ríos, mananciais, acuíferos e afectaría aos numerosos depósitos de traídas de auga municipais e veciñais de todos os concellos, así como á flora e fauna (especialmente nos hábitats de interese comunitario), ás especies protexidas e ao noso cuantioso patrimonio histórico, nomeadamente ao arqueolóxico.

Outras afectacións serían as do impacto dos ruídos do xiro das aspas e as ondas electromagnéticas dos aeroxeradores sobre a saúde humana e da fauna; as interrupcións nas telecomunicacións como na rede de internet, teléfono e televisións ou a perda dun valor estimado no 40% das vivendas e fincas.

Segundo o Observatorio Eólico de Galiza, o negocio eólico xera en Galiza 1.300 millóns de euros ao ano, quedando aquí só 30 millóns (2,3%). O custe de construción dun parque eólico tipo, como o de “Badulaque” entre Ferrol Terra e o Ortegal, custaría 142 millóns de euros, mentres que, a prezos de mercado de 2023, facturaría 54 millóns/ano (227.742 euros/turbina/ano). Polo tanto en menos de tres anos quedaría amortizada a inversión da empresa eólica, sendo o restante beneficio íntegro. Porén, non





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

existen beneficios sociais en termos de empregos, alugueres, nin ningún tipo de vantaxe para a veciñanza, que sufrirá os danos económicos, sociais, medioambientais, paisaxísticos e de alteración da harmonía dos seres vivos co entorno; mentres a nosa comarca e o conxunto do país fica como un territorio de sacrificio, para extraer os seus recursos naturais en beneficio dunhas poucas empresas.

Atendendo as características territoriais da comarca do Morrazo, entendemos necesaria a eliminación da ADE do Morrazo no proceso de elaboración dun novo Plan Eólico de Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para salvagardar os intereses das galegas e dos galegos ante a grande afectación ambiental e social que implican macroproxectos eólicos como previsto na comarca do Morrazo?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2026 13:23:28

José Manuel Golpe Acuña na data 20/01/2026 13:23:35

Luis Bará Torres na data 20/01/2026 13:23:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:29:23
Nº Rexistro: 46803
Data envío: 20/01/2026 13:29:23.979

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:29:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:29:23
Nº Rexistro: 46803
Data envío: 20/01/2026 13:29:23.979

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:50:57
Nº Rexistro: 46810
Data envío: 20/01/2026 13:50:57,224

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:47
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

Os últimos datos oficiais da Axencia Tributaria, recollidos na estatística “*Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias*”, poñen de manifesto unha realidade profundamente preocupante para a provincia de Ourense: o incremento sostido da fenda salarial con respecto ao conxunto de Galicia e ao Estado, acadando máximos históricos.

O salario medio anual na provincia de Ourense situouse nos 22.294 euros, consolidando unha tendencia de crecemento en termos absolutos. Porén, este incremento resulta claramente insuficiente se se analiza en termos comparativos. Na actualidade, unha persoa traballadora ourensá percibe 1.938 euros menos ca media galega, a maior diferenza rexistrada na última década, e 3.665 euros menos ca unha persoa traballadora da provincia da Coruña. No ámbito estatal, a fenda coa media española acada xa os 2.668 euros anuais, a cifra máis elevada do que vai de século, mentres que a diferenza coa Comunidade de Madrid roza os 10.000 euros anuais.

Lonxe de se corrixir, esta fenda salarial agravouse de maneira estrutural. No ano 2009, a diferenza salarial entre Ourense e a media galega era de 1.178 euros; na actualidade supera os 1.900 euros, o que supón un incremento do 65 % en apenas quince anos. Estes datos evidencian que Ourense non está a converxer co resto do territorio, senón que perde posición relativa, a pesar do crecemento xeral do emprego e dos salarios.

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:47
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 20/01/2026 ás 13:47
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

164927

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:50:57
Nº Rexistro: 46810
Data envío: 20/01/2026 13:50:57.224

A estatística da Axencia Tributaria tamén reflicte unha forte dualidade do mercado laboral ourensán. Mentres sectores como a banca, os seguros ou a industria enerxética presentan retribucións elevadas, o groso do emprego concéntrase en sectores como os servizos, o comercio e a hostalaría, caracterizados por salarios baixos, elevada precariedade e escaso valor engadido, o que lastra o salario medio provincial e limita as posibilidades de desenvolvemento económico.

Esta situación ten consecuencias directas sobre o despoboamento a emigración da mocidade, a precariedade laboral e a perda de oportunidades, e pon de relevo o fracaso das políticas económicas e de emprego impulsadas pola Xunta de Galicia para a provincia de Ourense. Así mesmo, evidencia que o Salario Mínimo Interprofesional non é a orixe do problema, senón un elemento de protección fronte a un modelo produtivo incapaz de xerar emprego estable e con salarios dignos.

Por todo o exposto, resulta imprescindible que o Goberno galego adopte medidas específicas, e avaliáveis para corrixir a crecente fenda salarial que sofre a provincia de Ourense.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten coñecemento o Goberno galego dos datos oficiais da Axencia Tributaria que sitúan a provincia de Ourense como a provincia galega con menor salario medio e coa maior fenda salarial respecto da media autonómica e estatal?
2. Considera o Goberno galego aceptable que a diferenza salarial entre Ourense e a media galega acadase o seu máximo histórico, superando os 1.900 euros anuais por persoa traballadora?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:50:57
Nº Rexistro: 46810
Data envío: 20/01/2026 13:50:57.224

3. Que valoración fai o Goberno galego do feito de que a fenda salarial entre Ourense e o conxunto de Galicia aumentase un 65 % desde o ano 2009, segundo datos oficiais da Axencia Tributaria?

4. Que políticas concretas impulsou o Goberno galego para corrixir a perda de converxencia salarial da provincia de Ourense e cales foron os seus resultados verificables?

5. Recoñece o Goberno galego que o actual modelo produtivo da provincia, baseado maioritariamente en sectores de baixo valor engadido e salarios reducidos, contribúe a consolidar esta fenda salarial?

6. Que políticas activas pensa emprender o Goberno galego para mudar esta situación?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

164929

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/01/2026 13:47:22

Elena Espinosa Mangana na data 20/01/2026 13:47:29

Silvia Longueira Castro na data 20/01/2026 13:47:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:50:57
Nº Rexistro: 46810
Data envío: 20/01/2026 13:50:57,224

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 13:50:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 13:50:57
Nº Rexistro: 46810
Data envío: 20/01/2026 13:50:57,224

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 18:09:45
Nº Rexistro: 46935
Data envío: 20/01/2026 18:09:45.886

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O envellecemento da poboación leva aparellado un incremento da dependencia. E en Galicia hai 80.000 fogares con teñen como mínimo unha persoa dependente. E máis de 5000 fogares fanse cargo do coidado de dous ou máis dependentes.

Os coidados dos maiores están a supoñer un gasto extra para preto dun 70 por cento de familias, que na súa maioría o asumen practicamente íntegro, xa que o 40 por cento non recibe axuda externa de ningún tipo. Galicia é unha das comunidades autónomas que menos informa da Lei de dependencia e polo tanto, dos dereitos que teñen os nosos maiores e as súas familias para ser perceptores das correspondentes prestacións.

Son datos que están abalados polo Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, que advirte que a porcentaxe de fogares que deben sufragar en solitario estes gastos incrementouse desde o 2011, e que polo tanto “non se advirte o impacto de medidas de transferencia de recursos económicos nin asistenciais aos fogares, medidas que estean aliviando a carga económica que supón a dependencia”

O informe “Longevidad y Envejecimiento Demográfico en Galicia”, dos que extraemos estes dados, foi realizado polos investigadores das universidades galegas e o CSIC. Apunta tamén que existe “unha importante demanda e carencia tanto en servicios asistenciais e de coidados (particularmente especializados) e tamén de equipamento”.

Asinado o día 20/01/2026 ás
18:07
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 20/01/2026 ás
18:07
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

164932

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 18:09:45
Nº Rexistro: 46935
Data envío: 20/01/2026 18:09:45.886

Tamén di o informe que o 21 % dos fogares están formados unicamente por persoas maiores dependentes sen que haxa ningún familiar con eles. E oito de cada dez casos son mulleres soas. Recaendo sobre elas o coidado de forma maioritaria. E catro de cada dez superan xa os 50 anos.

Dependendo do grao de dependencia, estes fogares asumen gastos extra relacionados con tratamentos, servizos ou con apoios técnicos no fogar, onde as veces téñense que facer reformas para adaptalos aos problemas de mobilidade destas persoas dependentes. Afrontan costes o 66 %, tal e como figuran nos últimos datos de 2023, e o 60 % das familias os costea integramente, fronte ao 56 % que o facía no ano 2011.

Así pois o problema dos coidados, o reto demográfico galego, e a precariedade das mulleres respecto aos coidados en Galicia aparecen entrelazados e con unha complexidade que, a día de hoxe, atópase lonxe de ser resolta. Tendo en conta ademais que aínda que a esperanza de vida en Galicia ronda entre os 84 anos para os homes e os 89 anos para as mulleres, a realidade é que se analizamos a esperanza de vida libre de anos saudábeis sitúase nos 69 anos. É dicir, dos 84 anos que vive un galego, os últimos catorce xa non teñen autonomía para “coidar de si mesmo”.

Ante o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten o Partido Popular, por pequena que sexa, a intención de realizar un plan estratéxico de servizos sociais tal e como recolle o artigo 45 da Lei de Servizos Sociais de Galicia que abrangue a realidade da poboación dependente, o reto demográfico e a precariedade feminina nos coidados?

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

164933

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 20/01/2026 18:07:26

Elena Espinosa Mangana na data 20/01/2026 18:07:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 18:09:45
Nº Rexistro: 46935
Data envío: 20/01/2026 18:09:45.886

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 18:09:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 18:09:45
Nº Rexistro: 46935
Data envío: 20/01/2026 18:09:45.886

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a previsión por parte do goberno de abordar o impacto en 2026 na economía galega da persistencia na desigualdade económica das mulleres galegas.

Exposición de motivos

Malia os avances legislativos das últimas décadas e os grandes debates sociais abertos polo feminismo, o certo é que a día de hoxe a desigualdade das mulleres é un problema político, social e tamén económico persistente.

Así as cousas, recentemente a nova publicación do Informe Panorama de xénero, desta volta para o ano 2025, de ONU Mulleres, avaliaba distintas cuestións respecto da desigualdade no marco do cumprimento e avaliación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que, cómpre lembrar, respaldaron gobernos de todo o mundo. Este informe advirte que se as tendencias continúan, chegaremos a 2030 con 351 millóns de mulleres e nenas en condicións de pobreza extrema e os ODS, singularmente o 5, sobre igualdade de xénero e apoderamento das mulleres e nenas, non se acadarán. Sinálase, así mesmo, que isto podería evitarse e que non deixa de ser unha consecuencia política derivada de negligencia sistémica, do estancamento dos investimentos e retroceso da igualdade.

É preciso lembrar que a desigualdade das mulleres, ademais de ser unha cuestión dos dereitos humanos da metade do mundo, ten impacto económico. Así, o informe anterior estimaba nunha perda de 10 billóns de dólares ao ano o custo económico da desigualdade de xénero no mundo por non investir nos dereitos das mulleres. Desta volta, o informe incide en que investir nunha soa acción para pechar a fenda dixital de xénero beneficiaría a 343,5

Asinado o día 21/01/2026 ás
11:49
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 21/01/2026 ás
11:48
Por Noa Presas Bergantiños



millóns de mulleres e nenas a escala mundial, contribuíndo a sacar a 30 millóns de mulleres e nenas da pobreza e a sumar 1,5 billóns de dólares ao PIB mundial para 2030.

A desigualdade de xénero afecta negativamente ao crecemento económico e non apostar con máis intensidade polos dereitos das mulleres, tamén, para alén do seu impacto social. Así mesmo, o informe 2025 alerta de recortes de dereitos e económicos, por exemplo no ámbito estatístico.

A menos de cinco anos da data límite da Axenda 2030 e trinta anos despois da Plataforma de Acción de Pequín, o informe propón unha folla de ruta e seis áreas prioritarias para acelerar o Programa de Acción Pequín+30, incluídos plans de investimento sobre inclusión dixital e erradicación da pobreza e supoñen unha oportunidade de reflexión e actuación a escala tamén máis local e próxima ante a falta de datos e estudos de ámbito galego, un baleiro cognitivo que tamén debería ser resolto.

En todas estas cuestións debemos remarcar, ademais, que o impacto da concatenación de crises afecta con máis intensidade ás mulleres, ata o punto de que mesmo respecto da crise de prezos acuñouse o termo “she-flation” para sinalar como o incremento de prezos afectaba de forma intensa ás mulleres.

É preciso, polo tanto, reflexionar e poñer luz e medidas sobre o impacto que ten na economía galega a desigualdade das mulleres e a súa persistencia no tempo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como vai actuar o goberno ante a persistencia da desigualdade económica das mulleres a escala global e local e o seu impacto na economía galega?

Que valoración fai o goberno galego respecto da evolución dos datos a escala global? E galega? Ten diagnosticado os factores diferenciais? En que sentido?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son as razóns de non elaborar un estudo específico ao respecto en colaboración con outros foros e axentes?

Estima dalgunha maneira o goberno galego a equivalencia monetaria desta desigualdade para o conxunto da sociedade?

Ten abordado o goberno galego a cronificación e agravamento de problemas como a fenda salarial, a segregación ocupacional ou a temporalidade?

E o impacto do traballo non remunerado dos coidados ante a falta de servizos públicos e o seu impacto económico?

Valora impulsar estudos específicos en colaboración co Consello Galego de Mulleres, o CES ou o Consello Galego de Relacións laborais?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2026 11:48:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/01/2026 11:49:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 11:51:40
Nº Rexistro: 46999
Data envío: 21/01/2026 11:51:40.839

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 11:51:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 11:51:40
Nº Rexistro: 46999
Data envío: 21/01/2026 11:51:40.839

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No concello de Ferrol, esta situación maniféstase de maneira especialmente preocupante no IES Concepción Arenal, onde a xubilación dunha persoa docente da especialidade de Latín non foi acompañada da correspondente cobertura da praza. Esta falta de substitución está a provocar que o alumnado matriculado nesta materia vexa seriamente afectado o seu dereito a recibir unha docencia continuada e de calidade nunha materia plenamente integrada no currículo do ensino secundario.

Segundo trasladan docentes do propio centro, existen profesores e profesoras con cualificación específica dispoñibles para asumir esta docencia, polo que a ausencia de cobertura non responde a unha inexistencia de persoal formado, senón a unha deficiente planificación por parte da Consellería de Educación. Esta circunstancia supón un prexuízo directo para o alumnado, unha sobrecarga organizativa para o centro e unha clara mostra da falta de compromiso da Xunta de Galicia co ensino público e coas materias humanísticas.

Asinado o día 21/01/2026 ás
13:27
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 21/01/2026 ás
13:27
Por Aitor Bouza Manso



A situación do IES Concepción Arenal non pode considerarse un feito illado nin menor, xa que afecta ao normal desenvolvemento do curso escolar, á planificación académica do alumnado e ás súas expectativas educativas, especialmente no caso daqueles estudantes que precisan esta materia para o seu itinerario formativo futuro.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia dea explicacións claras sobre esta situación concreta e adopte medidas inmediatas para garantir a cobertura da praza de Latín no IES Concepción Arenal de Ferrol.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é a razón pola que a Xunta de Galicia non procedeu á cobertura desta praza, malia existir profesorado cualificado dispoñible segundo trasladan docentes do centro?
2. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para garantir a cobertura inmediata desta praza e evitar que se repitan situacións semellantes no IES Concepción Arenal en vindeiros cursos?

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 21/01/2026 13:27:45

Silvia Longueira Castro na data 21/01/2026 13:27:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:30:42
Nº Rexistro: 47045
Data envío: 21/01/2026 13:30:42.525

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 13:30:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:30:42
Nº Rexistro: 47045
Data envío: 21/01/2026 13:30:42.525

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nas últimas semanas, o Hospital Arquitecto Marcide, integrado na Área Sanitaria de Ferrol, vén sufrindo unha situación de saturación persistente no servizo de urxencias, con longas esperas, sobrecarga asistencial e falta de recursos humanos suficientes para atender con garantías á poboación.

Esta situación fíxose especialmente grave tras coñecerse a denuncia dunha familia que relata o falecemento dunha paciente tras permanecer durante varias horas sen recibir atención médica adecuada no servizo de urxencias, a pesar de presentar un cadro grave. Este feito pon de manifesto un fallo estrutural no funcionamento do servizo, asociado á falta de persoal, á insuficiente planificación e á inexistencia de medidas eficaces para evitar o colapso asistencial.

O ocorrido non pode ser tratado como un feito illado nin reducido a unha circunstancia excepcional. Profesionais sanitarios e persoas usuarias veñen alertando desde hai tempo dunha situación límite nas urxencias de Ferrol, con



ratios inasumibles, espazos saturados e tempos de espera incompatibles cunha atención sanitaria segura e digna.

A Xunta de Rueda, como administración competente, ten a obriga de garantir a seguridade das e dos pacientes, a calidade asistencial e unhas condicións de traballo axeitadas para o persoal sanitario, especialmente nun servizo tan sensible como o de urxencias hospitalarias. A falta de resposta ante esta situación supón unha grave irresponsabilidade e un risco evidente para a saúde da cidadanía da comarca de Ferrolterra.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que valoración fai o Goberno galego da situación actual do servizo de urxencias do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 21/01/2026 17:52:24

Elena Espinosa Mangana na data 21/01/2026 17:52:30

Silvia Longueira Castro na data 21/01/2026 17:52:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:00:15
Nº Rexistro: 47113
Data envío: 21/01/2026 18:00:15.028

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:00:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:00:15
Nº Rexistro: 47113
Data envío: 21/01/2026 18:00:15.028

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nas últimas semanas, o Hospital Arquitecto Marcide, integrado na Área Sanitaria de Ferrol, vén sufrindo unha situación de saturación persistente no servizo de urxencias, con longas esperas, sobrecarga asistencial e falta de recursos humanos suficientes para atender con garantías á poboación.

Esta situación fíxose especialmente grave tras coñecerse a denuncia dunha familia que relata o falecemento dunha paciente tras permanecer durante varias horas sen recibir atención médica adecuada no servizo de urxencias, a pesar de presentar un cadro grave. Este feito pon de manifesto un fallo estrutural no funcionamento do servizo, asociado á falta de persoal, á insuficiente planificación e á inexistencia de medidas eficaces para evitar o colapso asistencial.

O ocorrido non pode ser tratado como un feito illado nin reducido a unha circunstancia excepcional. Profesionais sanitarios e persoas usuarias veñen alertando desde hai tempo dunha situación límite nas urxencias de Ferrol, con



ratios inasumibles, espazos saturados e tempos de espera incompatibles cunha atención sanitaria segura e digna.

A Xunta de Rueda, como administración competente, ten a obriga de garantir a seguridade das e dos pacientes, a calidade asistencial e unhas condicións de traballo axeitadas para o persoal sanitario, especialmente nun servizo tan sensible como o de urxencias hospitalarias. A falta de resposta ante esta situación supón unha grave irresponsabilidade e un risco evidente para a saúde da cidadanía da comarca de Ferrolterra.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Considera a Xunta de Galicia que os recursos humanos e materiais actuais nas urxencias de Ferrol son suficientes para garantir unha atención segura e de calidade?

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 21/01/2026 17:52:44

Elena Espinosa Mangana na data 21/01/2026 17:52:50

Silvia Longueira Castro na data 21/01/2026 17:52:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:01:35
Nº Rexistro: 47118
Data envío: 21/01/2026 18:01:35.867

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:01:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:01:35
Nº Rexistro: 47118
Data envío: 21/01/2026 18:01:35.867

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nas últimas semanas, o Hospital Arquitecto Marcide, integrado na Área Sanitaria de Ferrol, vén sufrindo unha situación de saturación persistente no servizo de urxencias, con longas esperas, sobrecarga asistencial e falta de recursos humanos suficientes para atender con garantías á poboación.

Esta situación fíxose especialmente grave tras coñecerse a denuncia dunha familia que relata o falecemento dunha paciente tras permanecer durante varias horas sen recibir atención médica adecuada no servizo de urxencias, a pesar de presentar un cadro grave. Este feito pon de manifesto un fallo estrutural no funcionamento do servizo, asociado á falta de persoal, á insuficiente planificación e á inexistencia de medidas eficaces para evitar o colapso asistencial.

O ocorrido non pode ser tratado como un feito illado nin reducido a unha circunstancia excepcional. Profesionais sanitarios e persoas usuarias veñen alertando desde hai tempo dunha situación límite nas urxencias de Ferrol, con



ratios inasumibles, espazos saturados e tempos de espera incompatibles cunha atención sanitaria segura e digna.

A Xunta de Rueda, como administración competente, ten a obriga de garantir a seguridade das e dos pacientes, a calidade asistencial e unhas condicións de traballo axeitadas para o persoal sanitario, especialmente nun servizo tan sensible como o de urxencias hospitalarias. A falta de resposta ante esta situación supón unha grave irresponsabilidade e un risco evidente para a saúde da cidadanía da comarca de Ferrolterra.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego adoptar medidas inmediatas para evitar novas situacións de colapso nas urxencias de Ferrol? En caso afirmativo, cales e en que prazos?
2. Vaise realizar algunha auditoría ou avaliación interna específica sobre o funcionamento das urxencias do CHUF tras este suceso?

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 21/01/2026 17:53:03

Elena Espinosa Mangana na data 21/01/2026 17:53:10

Silvia Longueira Castro na data 21/01/2026 17:53:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:02:47
Nº Rexistro: 47124
Data envío: 21/01/2026 18:02:47,097

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 18:02:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 18:02:47
Nº Rexistro: 47124
Data envío: 21/01/2026 18:02:47,097

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de que a Consellería de Educación solvente o problema da falta de efectivos nas listaxes de substitución de profesorado galego en varias especialidades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro a Consellería de Educación foi advertida pola organización sindical CIG-Ensino como representación maioritaria do persoal docente, da necesidade de abrir as listaxes de substitucións de varias especialidades de Secundaria, sobre todo Latín e Grego, que non contaban con persoal dispoñible.

Esta reclamación foi atendida pola Consellería que impulsou o procedemento e no mes de novembro resolveuno provisionalmente. Malia isto, na actualidade non está publicada a resolución definitiva a pesar de que xa se fixeron chamamentos ás persoas que figuran na listaxe provisional. Con este paso, as listaxes aínda non vixentes volven estar sen ningunha persoa dispoñible para novas incorporacións nas dúas especialidades máis afectadas.

Consecuencia desta situación de falta de planificación e anticipación a un problema que era evidente dende antes das propias xubilacións das profesionais que deixaron baleiras as prazas, temos agora centros educativos onde non se poden impartir as materias de Latín e Grego, como son os IES de Melide, o Concepción Arenal de Ferrol ou o Santa Irene de Vigo, onde o alumnado non recibe formación destas materias.

Asinado o día 22/01/2026 ás
12:56
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 22/01/2026 ás
12:56
Por Cristina Fernández Davila





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Pero non só acontece con estas dúas especialidades. No mes de decembro abríronse as listaxes do corpo de catedráticos/as e de profesorado de música e artes escénicas, así como de Portugués nas Escolas Oficiais de Idiomas. Neste intre aínda están sen resolver os procedementos e varias vacantes sen cubrir a estas alturas de curso.

Este problema deixa 13 vacantes sen cubrir nos conservatorios galegos e 3 de portugués nas EOI.

Por outra banda está sen atender unha substitución de profesorado de secundaria de Edificación pola renuncia da última persoa que quedaba nesta listaxe de substitución.

Esta falta de persoal para realizar substitucións e cubrir as vacantes existentes, ten consecuencias negativas tanto para o alumnado afectado, para o profesorado e para a organización dos centros educativos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP abrir unha negociación activa e permanente coa representación sindical das traballadoras/es do Ensino Público para abordar solucións á falta de profesionais nas listaxes de substitución das distintas especialidades?

2.- Vai a Consellería de Educación darlle estabilidade ao persoal interino e substituto que están sostendo un servizo básico como é o Ensino Público e, polo tanto, ao sistema educativo galego?

3.- Vai a Consellería axilizar os procedementos abertos para dispoñer das listaxes definitivas canto antes, así como planificar a necesidade de impulsar novas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

listaxes noutras especialidades onde os efectivos non van ser suficientes no resto do curso escolar?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 22/01/2026 12:56:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/01/2026 12:56:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:05:44
Nº Rexistro: 47406
Data envío: 22/01/2026 13:05:44.326

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 13:05:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:05:44
Nº Rexistro: 47406
Data envío: 22/01/2026 13:05:44.326

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 22/01/2026 ás 13:20
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o que debe facer a Xunta da Galiza respecto da negociación do convenio colectivo para o sector da conserva.

Asinado o día 22/01/2026 ás 13:20
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O convenio colectivo para o sector das conservas e semiconservas de peixe e marisco aínda sendo de ámbito estatal ten un impacto moi relevante no noso país, de feito nos últimos anos o peso da Galiza no sector estatal ven fluctuando entre o 75% e o 85% tanto en produción como en emprego, o que representa máis de 12.000 persoas ocupadas no noso país.

O actual convenio caducou o 31 de decembro do 2024, e desde o inicio das negociacións en Madrid non se ten producido avance ningún. En sentido contrario, a patronal do sector fixo chegar á parte social algunha proposta sobre clasificación profesional que foi rexeitada de inmediato.

Esta cuestión da clasificación profesional ven sendo un dos principais problemas das persoas que traballan no sector, xa que dela poden depender outras cuestións básicas como retribucións ou a promoción profesional.

A proposta patronal foi rexeitada polas 3 centrais sindicais máis representativas alegando que significaría aumentar a discrecionalidade, deixar en mans de cada empresa

Asinado o día 22/01/2026 ás 13:19
Por Ramón Fernández Alfonso



poder facer o seu propio sistema de clasificación descolgándose do convenio e deixando sen garantías o cadro de persoal.

O sindicatos concordan na necesidade de negociar un novo sistema de clasificación profesional baseado na valoración de postos de traballo, mais desde a transparencia, que non dea pé a decisións de encadramento arbitrarias por parte das empresas. Para o que considera necesario definir claramente cada nivel e anexar un catálogo con todos os postos de traballo e o seu encadre nos niveis (nomenclátor).

Por outra banda os recentes períodos de inflación descontrolada, as crises industriais, e o encarecemento da vivenda fai que o persoal vexa moi minguada a súa capacidade adquisitiva, polo que as retribucións e o sistema de revisión salarial son outros dos puntos de discusión importantes.

De feito, diante do inmovilismo da patronal os tres sindicatos anunciaron xa varias xornadas de folga.

Para o BNG a preservación do poder adquisitivo da clase traballadora é fundamental, non só para garantir unha digna, senón para o bo desenvolvemento da economía en xeral. Mais nos casos de sectores especialmente feminizados o goberno galego debería prestar moita atención aos salarios, xornada e clasificación, xa que aí é onde se agocha moitas veces a discriminación de xénero.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Sabe a Xunta de Galiza cantas persoas traballan no noso país no sector do convenio colectivo do sector das conservas e semiconservas de peixe e marisco?
2. Sabe que porcentaxe de mulleres traballa neste sector?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre o sistema de clasificación profesional do Convenio? Coñece as queixas e demandas dos traballadores e traballadoras sobre este particular?

4. Que opina a Xunta de Galiza sobre o poder adquisitivo do persoal deste sector?

5. Que sistema recomendaría a Xunta de Galiza para garantir unha revisión salarial anual que garanta a capacidade adquisitiva do persoal?

6. Que opina a Xunta de Galiza da posibilidade dun convenio de sector galego?

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opina a Xunta de Galiza do conflito aberto na negociación do convenio colectivo da conserva e semiconserva de peixe e marisco?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 13:19:19

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/01/2026 13:20:30

Rosana Pérez Fernández na data 22/01/2026 13:20:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:22:44
Nº Rexistro: 47423
Data envío: 22/01/2026 13:22:44.837

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 13:22:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 13:22:44
Nº Rexistro: 47423
Data envío: 22/01/2026 13:22:44.837

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a descapitalización galega do sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da automoción en Galiza atópase nunha situación crítica, non como consecuencia dun colapso repentino, senón como resultado dunha crise crónica que se foi agravando durante os últimos anos. A perda progresiva de capital galego no accionariado das empresas líderes do sector é un dos síntomas máis preocupantes desta deterioración.

A recente venda da empresa viguesa Aludec ao grupo vasco CIE Automotive por 200 millóns de euros reduce a só dúas as grandes empresas de automoción con capital maioritariamente galego: Grupo Copo e Marsan.

Esta tendencia non é casualidade, senón o resultado dun modelo económico que prioriza os intereses do capital foráneo fronte á soberanía industrial e tecnolóxica do noso país. A perda de control accionarial local implica tamén a perda de capacidade de decisión estratéxica, o que pon en risco tanto o emprego cualificado como a continuidade produtiva nas nosas instalacións.

A inacción ante procesos de absorción por parte de multinacionais —como sucedeu con Viza (adquirida por Magna) ou Maviva (controlada por Ferrovial)— demostra unha actitude pasiva por parte das institucións galegas fronte á deslocalización do capital e da toma de decisións.

Asinado o día 22/01/2026 ás
17:15
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 22/01/2026 ás
17:15
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A crise chegou incluso ao Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), un dos pilares do sistema de I+D+i do sector. Esta situación é especialmente grave porque pon en risco non só o emprego, senón tamén a capacidade de Galiza para desenvolver tecnoloxía propia no ámbito da mobilidade sustentable.

A perda de capital galego no sector industrial é unha forma de deslocalización encuberta, de precarización do emprego e do traslado dos centros de decisión fóra do noso país.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora o Goberno galego a perda de capital galego nas empresas da automoción ao longo destes anos? A que cre que se debe? Cre que a perda de institucións públicas galegas de crédito teñen que ver nisto?

- Que medidas pensa despregar o Goberno galego para evitar que se siga desgaleguizando o capital do noso tecido productivo?

- Pensa o Goberno despregar medidas que faciliten o acceso a axudas e subvencións para aquelas empresas con capital galego sobre outras empresas totalmente totalmente descapitalizadas?

- Pensa o Goberno galego impulsar modelos de propiedade compartida entre traballadoras, concellos e institucións públicas? Cre que facilitar a creación de cooperativas galegas pode ser unha oportunidade para aquelas empresas en risco?

- Pensa o Goberno apoiar ás empresas familiares galegas, mediante líneas de crédito non especulativas e acompañamento técnico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que o Goberno galego desbota a idea de crear un Fondo soberano, co obxectivo usar este instrumento para evitar vendas a fondos de investimento ou multinacionais que non garantan o futuro do emprego e da produción en Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/01/2026 17:15:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 17:15:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:17:24
Nº Rexistro: 47508
Data envío: 22/01/2026 17:17:24.094

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:17:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:17:24
Nº Rexistro: 47508
Data envío: 22/01/2026 17:17:24.094

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á protección da cultura marítima, do patrimonio do litoral e das zonas do litoral máis sensíbeis á actividade humana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021, a Consellaría de Mar asinou un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña e co padroado da Fundación da mesma (FUAC), para a elaboración do Plan da Cultura Marítima de Galiza-Horizonte 2030, cuxo obxectivo era redactar un documento base do Plan no que se recollerían as liñas estratéxicas, iniciativas e accións a desenvolver no período 2021-23, así como os pasos a dar nos seguintes anos coa finalidade de preservar a cultura marítima de Galiza.

O convenio asinado, vixente ata o 31 de decembro de 2023, foi financiado con preto de 200.000 euros pola Consellaría de Mar e permitía realizar un traballo que abarcaba todo o litoral coa finalidade de protexer os valores culturais e marítimos de Galiza.

A finais de 2023, a Consellaría, a UDC e a FUAC asinan un novo convenio para desenvolver as accións do PCUMA-Horizonte 2030, dando continuidade ao anterior e permitindo avanzar no obxectivo de preservar e activar a cultura marítima de Galiza. Neste caso, a vixencia da colaboración comprende ata o 31 de decembro de 2026 e cun financiamento de preto de 100.000 euros anuais.

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:19
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:19
Por Rosana Pérez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Finalmente, no Consello da Xunta do pasado 29 de setembro de 2025, o Goberno galego amplía o PCUMA ás illas galegas por medio dunha adenda ao convenio establecido coa UDC.

Case ao mesmo tempo, no mes de outubro, a Consellaría de Medio Ambiente puxo a exposición pública o Catálogo de bens de valor cultural do litoral de Galiza, após aprobarse a Lei do Litoral de Galiza no ano 2023 que o prevía, elaborado polo Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña e pendente a día de hoxe de aprobarse definitivamente. Un instrumento que contou coa colaboración da Consellaría de Cultura, inexplicabelmente non coa de Mar que xa viña realizando o PCUMA dende 2021, e que abre a posibilidade de que dos 1.582 bens identificados, “un total de 867 serían susceptibles de solicitar un cambio de uso respecto daquel para o que foron concibidos orixinalmente”.

Este Catálogo foi realizado, segundo o Consello da Xunta de Galiza, a partir dun “exhaustivo traballo de campo nos 86 concellos costeiros do país”. No entanto, no período de exposición pública recibiu 161 propostas das que a maioría, 107, referíanse a inmóbeis non recollidos no documento.

Tamén a través do PCUMA iniciouse no 2024 un censo do patrimonio construído en relación aos oficios do mar ao longo de toda a costa galega e a ampliación do convenio ás illas tamén busca inventariar e censar este tipo de elementos existentes nas illas Cíes, Ons, Tambo, San Simón, Cortegada, Lobeiras, Sisargas, Sálvora e Rúa.

Aínda que o PCUMA preséntase como un proxecto moito máis amplo, no que se leva traballando dende 2021 e que se desenvolverá ata 2030, a Consellaría de Mar anunciou a presentación do censo para finais de 2025.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo tanto, chama moito a atención o seu solapamento co Catálogo de bens do litoral, cuxa publicación definitiva se prevé para este 2026 e que, moi probabelmente, coincida no tempo case coa presentación do censo elaborado pola UDC e a súa Fundación.

O Catálogo, que se limita a censar os bens co obxectivo de lle dar “unha segunda vida”, segundo a propia conselleira de Medio Ambiente, semella ter outros tempos e outros obxectivos diferentes aos que recolle o PCUMA “na misión de conservación da cultura marítima” no seu conxunto.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o Goberno galego da elaboración e da existencia de dous censos de patrimonio ou bens culturais no litoral?

. Cales son os obxectivos principais de cada un deles e as diferenzas entre os dous?

. Cal foi o orzamento total que investiu no Catálogo de bens de valor cultural do litoral de Galiza?

. Considerou necesario un dobre investimento para inventariar e catalogar os bens culturais do litoral galego? De ser así, por que motivo?

. Por que razón non considerou a Consellaría de Medio Ambiente o traballo que a este respecto estaba a levar a cabo a UDC e a súa Fundación, co impulso e financiamento da Consellaría de Mar?

. Considera que ambos os dous catálogos poden solaparse? De ser así, cal considera a Xunta que é prevalente?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

. Que accións vai desenvolver para salvagardar o conxunto da cultura marítima, do patrimonio do litoral e das zonas do litoral que precisan de maior protección ante as actividades humanas?

. Vai priorizar eses elementos diante de calquera outro obxectivo?

. Vai implicar dun xeito transversal a administracións e particulares na súa preservación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/01/2026 18:19:05

Mercedes Queixas Zas na data 22/01/2026 18:19:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:20:21
Nº Rexistro: 47567
Data envío: 22/01/2026 18:20:21.395

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:20:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:20:21
Nº Rexistro: 47567
Data envío: 22/01/2026 18:20:21.395

CSV: BOPGDSPG-OV/LQrFUO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

